



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 87

Sesión plenaria
24 de marzo de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Em-prego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia (doc. núm. 39099, 12/PL-000012)

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Punto 2. Comparecencia

53490 (12/CPP-000092)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por peti-ción propia, para informar sobre a modernización do modelo de formación profesional de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 3. Mocións

3.1 53301 (12/MOC-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobe a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xusti-fican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 20348, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

3.2 53302 (12/MOC-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 51159, publicada no BOPG núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026



3.3 53434 (12/MOC-000112)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44628, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 692 (12/PNP-000055)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 37014 (12/PNP-002726)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f1, do 22.10.2025

4.3 51915 (12/PNP-003448)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2026

4.4 52432 (12/PNP-003481)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026



4.5 52748 (12/PNP-003498)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE UU e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

4.6 53014 (12/PNP-003509)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE UU e Israel contra Irán

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Punto 5. Interpelacións**5.1 27455 (12/INT-001073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f2, do 25.06.2025

5.2 45650 (12/INT-001533)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

5.3 50801 (12/INT-001715)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 53532 (12/POPX-000075)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre os problemas e as dificultades de acceso que se veñen producindo no Sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026



6.2 53539 (12/POPX-000076)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego ante a suba dos prezos e o seu agravamento coa guerra en Oriente Medio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 45405 (12/POP-006409)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de implementar unha tarxeta de transporte público intermodal con tarifa plana

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

7.2 53540 (12/PUP-000203)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e dez deputados/as máis**

Sobre a valoración do impacto nas actividades asentadas no litoral galego dos cambios introducidos no Anteproxecto de real decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.3 51618 (12/POP-007221)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a apertura dun diálogo formal coa representación das persoas residentes e co persoal técnico da residencia das Gándaras, de Lugo, verbo do seu proxecto de reforma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f3, do 04.03.2026

7.4 49746 (12/POP-006962)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Pérez, Moisés e oito deputados/as máis**

Sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.5 50442 (12/POP-007042)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a calidade das actuais condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026



7.6 53527 (12/PUP-000201)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a postura do Goberno galego no que concirne ao papel que deben asumir as institucións galegas na recuperación, reparación e restauración da memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.7 53531 (12/PUP-000202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a postura da Xunta de Galicia no que concirne á sentenza do Tribunal Supremo sobre o pazo de Meirás e ao recoñecemento do dereito da familia Franco a unha indemnización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.8 49543 (12/POP-006935)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e dous deputados/as máis**

Sobre as accións previstas pola Consellería do Medio Rural para evitar a forte baixada dos prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos de finais de marzo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f3, do 11.02.2026

7.9 52004 (12/POP-007288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Cendán Gayoso, María Nazaret e oito deputados/as máis**

Sobre as axudas postas en marcha coas ordes do 16 e 18 de decembro de 2025 para os proxectos colectivos de restauración da biodiversidade e recuperación de hábitats mariños e costeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f3, do 11.03.2026



Ábrese a sesión ás dez horas e sete minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia da deputada Alexandra Fernández Gómez (BNG), que delega o seu voto, para esta sesión plenaria, na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento. (Páx. 12.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 12.)

Presentación do ditame: presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Noelia Pérez López). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 13.), María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 16.), María Montserrat Prado Cores (BNG) (Páx. 19.) e María Encarnación Amigo Díaz (P) (Páx. 23.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 26.), María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 27.), María Montserrat Prado Cores (BNG) (Páx. 29.) e María Encarnación Amigo Díaz (P) (Páx. 31.).

Intervención do Goberno: conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 32.)

Votación do texto lexislativo

Votación das emendas ao articulado números 5, 7 e 11 do G. P. Socialista de Galicia ao Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia: rexeitadas por 10 votos a favor, 37 votos en contra e 25 abstencións. (Páx. 33.)

Votación das emendas ao articulado números 1 a 20 e 22 a 31 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia: rexeitadas por 26 votos a favor, 37 votos en contra e 9 abstencións. (Páx. 34.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia, coas emendas incorporadas, se é o caso: aprobado por 46 votos a favor, ningún voto en contra e 26 abstencións. (Páx. 34.)



Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a modernización do modelo de formación profesional de Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Aitor Bouza Manso (S)* (Páx. 46.), *María Cristina Fernández Davila (BNG)* (Páx. 49.) e *Patricia García González (P)* (Páx. 52.).

Réplica do Goberno: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 55.)

A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 60.) (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 60.) Nesta rolda interveñen os deputados e deputadas Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 60.), María Cristina Fernández Davila (BNG) (Páx. 62.) e Patricia García González (P) (Páx. 64.) e mais o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González). (Páx. 66.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 71.), Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 71.) e Rubén Lorenzo Gómez (P) (Páx. 74.)*

Nova intervención do deputado Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 76.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e tres minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Lara Méndez López (S)* (Páx. 80.) e *Nicole Grueira Fernández (P)* (Páx. 83.).

Nova intervención do deputado Secundino Fernández Fernández (BNG). (Páx. 85.)



Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia.
(Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 88.), *Iria Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 89.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 91.).

Nova intervención da deputada María Elena Espinosa Mangana (S). (Páx. 94.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 96.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 96.)

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 97.)

Proposición non de lei do G. P. do Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro Regulamento de costas. (Punto cuarto da orde do día)

O presidente comunica a autoemenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Miguel Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 99.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 104.), *Carlos López Font (S)* (Páx. 104.).

O deputado Miguel Fidalgo Iglesias (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 107.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as. (Punto cuarto da orde do día)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Noelia Pérez López (P).* (Páx. 109.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 111.) e *Ramón Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 114.).

A deputada Noelia Pérez López (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 117.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán. (Punto cuarto da orde do día)

O presidente comunica a autoemendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 119.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Secundino Fernández Fernández (BNG)* (Páx. 121.) e *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)* (Páx. 124.).

Nova intervención da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 128.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Ariadna Fernández González (BNG)* (Páx. 130.) e *Raquel Arias Rodríguez (P)* (Páx. 133.).

Nova intervención da deputada Silvia Longueira Castro (S). (Páx. 135.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE UU e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Olalla Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 139.) e *Katherinie Varela Fernández (P)* (Páx. 142.).

Nova intervención da deputada Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 145.)

Suspéndese a sesión ás oito horas e sete minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez horas e sete minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia ou delegación de voto dona Alexandra Fernández Gómez, que xustifica a inasistencia e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara.

E, sen máis, entramos xa no inicio da sesión.

O primeiro punto é un texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia

O PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Noelia Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

O Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 21 de novembro de 2025 e número de asento 39099.

A súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 25 de novembro de 2025, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 16 de decembro de 2025 e 19 de xaneiro de 2026 para as emendas á totalidade e ao articulado (cuarta prórroga), respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Dentro do prazo establecido para o efecto non se presentaron emendas á totalidade, e as emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 22 de xaneiro de 2026, foron un total de 42: 31 do Grupo



Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 11 emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Na sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do 29 de xaneiro, designáronse as seguintes relatoras e relatores: por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, María Encarnación Amigo Díaz, titular, e Raúl Santa María González, suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, María Montserrat Prado Cores, titular, e Iria Carreira Pazos, suplente; polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, María Elena Espinosa Mangala, titular, e Silvia Longueira Castro, suplente; e polo Grupo Parlamentario Mixto, Armando Ojea Bouza, titular.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 29 de xaneiro de 2026, e nas seguintes reunións, os días 9 e 11 de febreiro, estudaron as propostas de aceptación de emendas e de transaccións, e, por último, na derradeira reunión, o 18 de febreiro, coa asistencia das ponentes e do ponente titular, logo de posicionarse sobre as propostas de transaccións, concluíron o informe da ponencia coas recomendacións definitivas. Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 4 de marzo, aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, xunto coas emendas mantidas.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo co seu debate e, se é o caso, coa aprobación do Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.

Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos, polo tanto, agora á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

É un feito constatado nas últimas datas que se están producindo incrementos nas agresións, tanto físicas como verbais, como doutro tipo (acosos etc.), ao persoal sanitario. En realidade, non é soamente ao persoal sanitario. Hoxe mesmo sae na prensa un caso que se está xulgando en Ourense dun presunto acoso a unha profesora —iso ditaminará o xuíz se é así—, e tamén noutros ámbitos nos que funcionarios de diferentes servizos son moitas veces pois vilipendiados ou acosados ou agredidos por cidadáns que dalgunha maneira se ven mal atendidos, ¿non? Desde logo que en ningún caso se xustifica ningunha agresión nin ningún acoso, nin ningún insulto.



No caso concreto que nos ocupa hoxe, que é o persoal sanitario, todos coñecemos, polas denuncias e polos medios de comunicación, os moitos casos que ultimamente se teñen dado. Desde logo non se pode permitir, é unha cousa que non debería loxicamente suceder, e hai que tomar algún tipo de medidas. O que propón esta lei son sobre todo medidas coercitivas.

Falaba antes a portavoz do Partido Popular de prevención. Non teño moi claro que esta lei consiga realmente previr estas situacións. O que si é que se sancionará a quen as cometa, que pode ser ao mellor nalgúns casos disuasorio. O que pasa é que eu penso que, cando unha persoa nun centro de atención primaria ou nun centro de urxencias —digamos— perde o autocontrol e insulta un sanitario ou un operador de ambulancia, etc., non teño claro que pense na sanción e que iso consiga frealo. Polo tanto, dubido que isto consiga ser unha medida de prevención. Será unha medida coercitiva e unha medida sancionadora a posteriori, pero non sei en que medida realmente se pode entender como unha cuestión preventiva. Verémolo cando entre en aplicación, porque loxicamente, e de xeito previsible, sairá adiante a aprobación cos votos do Partido Popular, que iso entendemos que sucederá por ter a maioría.

Loxicamente non se pode permitir unha agresión, un acoso ou un insulto a un sanitario, por motivos obvios. Primeiro, porque é un atentado contra unha persoa, un atentado contra unha autoridade. Non debemos olvidar que os médicos, concretamente, son autoridades, autoridades no ámbito sanitario, pero autoridades á fin e ao cabo, ¿non? Se o médico nos di que quedemos ingresados, xa nos podemos poñer como queiramos, que quedamos ingresados.

Pero, á parte diso, é unha agresión ao colectivo das persoas, e non o digo así en termos abstractos ¿non?, aquilo de *¿por quién doblan las campanas?*, ¿non? É dun xeito concreto: cando unha persoa insulta un sanitario, e xa nun caso extremo o agride, ese sanitario non vai poder realizar o seu traballo de xeito axeitado, porque queda impactado emocionalmente. Precisamente unha das medidas que propón o Goberno é —digamos— axudar psicoloxicamente esas persoas a posteriori, pero, loxicamente, esa persoa que foi agredida, que foi insultada, que perde ao mellor un pouco de fe e de vocación no seu traballo, non vai poder atender como é debido ás persoas que atenda despois, porque vai estar nun estado emocional que non é o óptimo. Loxicamente, ao non poder atender axeitadamente ás persoas que atenda despois, esas persoas ven tamén conculcados os seus dereitos, porque esas persoas non van recibir unha atención sanitaria axeitada, porque ese médico ou esa médica —digamos— non exerce o seu traballo, non pode exercer o seu traballo de xeito óptimo por motivos obvios. Con isto quero dicir que se ataca os dereitos de todos, e non soamente o sanitario que de xeito directo se ve atacado.

Loxicamente algunha medida hai que tomar, algunha sanción hai que tomar, algunha medida coercitiva, pero a raíz do problema habitualmente está na mala ou na deficiente ou na non totalmente boa calidade do servizo, porque xa sabemos: listas de espera; situacións ao mellor nas urxencias que todos coñecemos en que unha persoa chega, despois de vir nunha ambulancia coa sirena acendida afectando a seguridade do tráfico, chega alí e vese obrigada a esperar ao mellor unha hora ou dúas horas, porque a triaxe pois é como é; pois algunha persoa pode nalgún momento perder o autocontrol, —volvo repetir— de xeito inxustificado, totalmente, porque aquí parece que hai que *solemnizar lo obvio*, ¿non? —como dicía Alfonso Guerra—. Non pode ser tolerado e non se pode permitir, pero sucede.



De feito, sucede porque as persoas teñen unha psicoloxía, teñen uns instintos e nun momento dado pois poden perder ese control, e ese control pérdeno habitualmente cando se ven afectados por unha mala calidade do servizo. E esa é a verdadeira raíz do problema, polo menos nunha ampla cantidade de casos. Non imos tampouco desbotar casos de insultos inxustificadas, non imos desbotar esa posibilidade, pero non é o normal. O normal é que unha persoa, cando perde un control deste tipo, pois é por algunha situación que podería ser mellorable.

Entón, miren, lía estes días que precisamente na provincia de Ourense, que saben vostedes que son especialmente sensible ao que sucede na provincia de Ourense, pois estes casos dábanse con especial frecuencia. Hoxe mesmo sae na prensa unha denuncia á Inspección por un caso duns guindastres en mal estado, polo visto, na área do Hospital de Verín.

Entón, nós non imos bloquear esta lei, algún paso hai que dar, e este é un paso, efectivamente, pero —xa digo— contéplanse medidas fundamentalmente coercitivas, sancións, medidas a posteriori, medidas nas que o Goberno, a Xunta, se posicione nos casos de denuncia penal, que atenda os sanitarios afectados de xeito psicolóxico a posteriori con algún tipo de profesionais; medidas de concienciación da cidadanía; efectivamente, a cidadanía moitas veces tampouco fai un uso totalmente axeitado dos recursos públicos, vemos que moitas veces chegan a urxencias casos que deberían ser atendidos en atención primaria, pero por motivos precisamente de que na atención primaria están sucedendo tamén moitos casos de deficiencias no servizo pois a xente vai a urxencias e colapsa urxencias, co problema para persoas que con maior motivo necesitan a atención de urxencia —para iso tamén está a triaxe, efectivamente—.

Pero —como dicía— a raíz do problema exige para a súa solución unha mellora dos servizos públicos, sobre todo en atención primaria e en urxencias. Precisamente neste pleno debatemos máis tarde o tema das urxencias, por iniciativa —creo recordar— do Partido Socialista.

E o que temos que facer, o que ten que facer o Goberno é mellorar os servizos, mellorar a atención primaria, mellorar a atención de urxencias, para que non se dean eses casos, ou se minimicen, porque, ao mellor, cero agresións ao mellor é teoricamente imposible. Cando digo agresións, refírome no sentido amplo: agresións que poden ser acosos verbais, que poden ser insultos, que poden ser pois actos despectivos e, xa no caso extremo, agresións físicas, que non se deberían dar nunca.

Como digo, queda moito por facer nisto, non imos bloquear a lei.

Entendemos que o Partido Popular podería ter aceptado varias emendas máis que lle presentou a oposición; non é así; un número mínimo —creo recordar— foi aceptado, pero moitas delas tiñan visos de ser bastante razoables e moi ben puideran ter sido incorporadas á lei na súa redacción final.

Como digo, non imos bloquear, pero incidimos en que a raíz do problema, que é a mellora da atención primaria, a mellora das urxencias e a mellora do resto dos servizos, é no que se debe traballar para que non se dean eses casos e non se vexa obrigado o Goberno ás sancións administrativas ou a personarse en procesos penais, etc., etc.

Nada máis, grazas.



O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días, conselleiro.

Bos días a todos e a todas.

Bata branca, dito simbolicamente pero con respecto e recoñecemento, xa non é un escudo fronte á violencia. As agresións físicas ao persoal sanitario intensificáronse de forma notable nos últimos anos. Segundo os últimos datos dispoñibles, foron 945 agresións rexistradas no Sistema sanitario galego no ano 2025, 90 máis que o ano anterior; delas, 344 foron agresións físicas e 601 verbais, o que equivale a unha agresión física ao día. A atención primaria concentra gran parte dos casos, ao redor do 40 por cento ou máis; a maioría ocorren durante a xornada laboral e en contacto directo con pacientes; e as mulleres tamén son a maioría das vítimas.

Pero estamos, sen ningunha dúbida, ante infradenuncias. Sabemos que a inmensa maioría das agresións ocorren pero non saen á luz, e isto ocorre porque moitos profesionais optan por non denunciar porque non queren ter problemas ou porque cren que non van ter percorrido.

Pero o uso da palabra «agresión» debe entenderse no sentido amplo, porque unha ameaza é unha agresión, un ataque verbal é unha agresión e unha intimidación é unha agresión.

É fácil oír ao persoal médico expresións como «saímos da pandemia dicindo que iamos ser mellores e o que detectamos é que se incrementan moitísimo tanto as agresións verbais como as físicas». Tamén é fácil oírilles que unha das cousas que levan denunciando desde hai moito tempo é o feito de que os pacientes consideran que eles son os causantes dos tempos de espera, as listas de espera e as demoras na atención, e dirixen a frustración cara a eles.

E volveremos falar deste tema porque é o grande ausente da lei que hoxe con case seguridade se vai aprobar. Un médico dicíame un día que en ocasións, cando están nunha tensión pola inmensa sobrecarga asistencial, ter un paciente dicíndolle «non estás a facer nada e a ti págoche eu, e deberías traballar máis» non é unha labazada, pero doe case o mesmo e é igual de agresivo que un acto físico. E só unha manifestación máis como é a dunha enfermeira á que chegaron a ameazar de morte: «*si me muero, te mato*».

Pero se un acode aos medios de comunicación, é fácil comprobar titulares como «os traballadores de urxencias séntense inseguros polas agresións» ou «as agresións a médicos en Galicia baten récords», «unha catarata de agresións aos sanitarios» ou «un paciente encerrou dous sanitarios e colleu polo pescozo un deles, ao non estar conforme co tempo de espera»; era a quinta agresión física en menos de dous meses, por poñer algúns exemplos.



E, agresión tras agresión, levou os sanitarios a ter que plantarse e concentrarse nos hospitais de toda Galicia para exixir protección tras a sucesión de episodios violentos. Levounos a dicir «basta» e a exixir medidas urxentes porque o que pedían e piden é que queren traballar en condicións de seguridade. Non estamos a falar de casos illados. Antes dicíamos «é unha agresión física diaria» e só falando exclusivamente das que se denuncian. Pero unha enquisa realizada o pasado ano, xusto nos días previos á agresión na Coruña, co apuñalamento a un enfermeiro do CHUAC, revela que o fenómeno das agresións é masivo e que a preocupación está latente.

A enquisa revela que o colectivo que máis padece as agresións é a enfermería, a maior parte insultos, comentarios discriminatorios e principalmente machistas. E o colectivo no que é máis frecuente a violencia física é o dos celadores. A enquisa do Servizo de Urgencias de Vigo tamén reflicte que un de cada cinco traballadores di sufrir unha agresión física e que o 83 por cento sufriu unha agresión. Paremos a reflexionar nestas cifras, porque realmente son arrepiantes.

Pero hai tres grandes detonantes destes episodios. O principal é o funcionamento do sistema, e, dentro del, as listas de espera están detrás de catro de cada dez agresións; o outro son as características do paciente; e, finalmente, están as discrepancias coa atención recibida, que xeran un 20 por cento dos casos. Loxicamente, a lei non pode actuar sobre os dous últimos motivos, por razóns obvias, pero si sobre o primeiro, sobre as listas de espera, e non o fai.

Desde o noso punto de vista, non ir ao fondo da cuestión é un grave erro, pero, como xa manifestamos, imos achegar o noso graniño de area en favor das non agresións ao persoal sanitario. (*Aplausos.*) E estaremos á espera de que a protección legal teña continuidade e que poidamos, noutra fase, ir realmente ao fondo do problema.

E imos situarnos cando as alarmas saltaron, que foi tras a agresión que fai un paciente ao celador do CHUAC e que conleva a concentracións en todas as portas das urgencias dos hospitais públicos de Galicia; era finais de maio do ano pasado. E aos poucos días foi cando a Xunta de Galicia anuncia que tramitará unha modificación da Lei de saúde para mellorar as respostas ás agresións, xusto —insisto— tras a agresión grave sucedida. Máis vale tarde que nunca —que dicimos en Galicia—, pero sinceramente é unha pena ter que chegar a estes extremos para que a Xunta de Galicia reaccionase.

E pasan os meses e non será ata o 11 de novembro de 2025 cando, tras a rolda de prensa do Consello da Xunta, o señor Rueda comunica que o Executivo aprobará o proxecto de lei que recolle novas sancións e medidas preventivas fronte ás agresións físicas, verbais e dixitais aos sanitarios.

Naquel momento xa se nos anunciaba que esta norma incorporaría novidades relevantes: un réxime sancionador, con multas en función da gravidade das agresións; a defensa xurídica automática para o persoal da sanidade pública; e a obriga das xerencias das áreas sanitarias de comunicar estes feitos á Fiscalía, mesmo nos casos nos que non é xusta a denuncia por parte das vítimas.



Porén, o noso grupo, xa a comezos de marzo do ano 2025, atendendo ás reiteradas queixas do persoal sanitario, formuloulle unha pregunta, señor conselleiro, que non foi ben recibida por vostede.

Pero, antes de continuar con este debate do proxecto de lei, quero deixar claro que os e as socialistas condenamos de maneira rotunda calquera agresión en calquera ámbito. Hoxe falamos das que sofre o persoal sanitario, pero a nosa posición é firme ante as agresións en calquera situación. Un persoal —o sanitario— que leva anos reclamando da Xunta medidas eficaces fronte a unha realidade que non deixa de agravarse, porque os datos son preocupantes.

Pero ¿podemos imaxinar cales serán eses datos se non tiveramos infranotificación, especialmente nos casos dos insultos e as ameazas? No ano 2025 a Policía Nacional tramitou ao redor de 50 denuncias por agresións a sanitarios en Galicia, unha cifra tamén superior á do ano 2024. Pero, se enfrontamos estes datos que denuncia a Policía Nacional cos que menciónnei antes das 344 agresións físicas que se producen, dámonos conta de que no actual sistema algo está fallando; falla que non todo se denuncia e falla a xestión da sanidade galega. Porque —como xa dicimos— todo indica que moitas situacións teñen a súa orixe nas deficiencias do propio sistema sanitario: listas de espera inasumibles, demoras na atención, falta de profesionais; en definitiva, a saturación e o colapso do sistema.

Por iso, presentamos a emenda número 11, á exposición de motivos. Nela recollimos expresamente que a violencia sanitaria non pode entenderse só como un fenómeno individual, senón que responde tamén a factores estruturais, como a sobrecarga asistencial, a insuficiencia dos recursos, os tempos de agarda, a precariedade laboral ou as desigualdades sociais.

Lamentablemente, e salvo sorpresa de última hora, esta emenda non foi aceptada polo Partido Popular, a pesar de que para nós era fundamental. E era fundamental porque vai ao cerne do problema e porque, aínda que non tivese efectos directos no articulado, permitía abrir un debate imprescindible de cara ao futuro. Os e as socialistas non nos opoñemos a ningunha iniciativa que contribúa a reducir as agresións e a protexer o persoal sanitario; ao contrario, cremos que hai que avanzar nesa dirección, porque é o menos que podemos facer polo mellor que temos na nosa sanidade, que son os seus profesionais.

E tamén dicimos con claridade que todos sabemos cal é o problema de fondo: a frustración e a impotencia de pacientes e familiares ante as deficiencias da xestión da atención sanitaria. E esta frustración diríxese contra quen está máis preto, os profesionais, que son visibles, accesibles e inxustamente responsabilizados, cando en realidade son tamén vítimas dunha xestión sanitaria deficiente.

Hoxe estaremos dando un paso para protexer o persoal sanitario, pero non estaremos atacando o problema de raíz. E esa raíz non se abordará mentres a Xunta non aposte por reforzar os cadros de persoal, por reducir as listas de espera e por mellorar os tempos de atención. A solución non están nas mans do persoal; o persoal non é responsable das listas de espera; o persoal non é o responsable da falta de recursos; é, en moitos casos, quen sofre as consecuencias. E unha agresión supón, para calquera profesional, medo, frustración e inseguri-



dade; pode incluso afectar a práctica asistencial, facéndolle dubidar do seu traballo, porque pensa que o fixo mal, cando, en realidade, a causa está na ansiedade e na desesperación dos pacientes e das súas familias porque as expectativas non se cumpren. Nada xustifica unha agresión en ningún ámbito e, por suposto, tampouco contra quen se preocupa e coida da nosa saúde.

Para rematar, queremos deixar constancia de que, dende o Grupo Socialista, traballamos con responsabilidade e con espírito construtivo para mellorar este texto, achegando propostas que reforzan a súa utilidade e a eficacia, sempre co obxectivo de reducir as agresións e protexer mellor os profesionais. Fixémolo intentando corrixir as carencias que detectamos no texto inicial, coa intención de melloralo e facelo máis útil. Cuestións nas cales poderei profundar na miña segunda intervención, entrando en cada unha das emendas que presentamos para que poidan entenderse con maior claridade; porque, agora, aínda que queda algún minuto, o discurso quedaría cortado e non tería coherencia.

Polo tanto, remato xa insistindo en que este proxecto de lei non é o que aos socialistas nos gusta nin o consideramos suficiente, pero cremos entendelo como un primeiro paso nun camiño que debe conducirnos a un obxectivo irrenunciable: cero agresións; cero agresións na sanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Estamos hoxe aquí na fase final do debate desta modificación da Lei de saúde de Galiza do ano 2008, no cal teoricamente se establecen medidas de prevención e de protección integral contra a violencia no sistema sanitario.

Quero empezar dicindo que, evidentemente, compartimos algo fundamental, que é a tolerancia cero ante as agresións sanitarias. Aí, dende logo, non hai debate; non hai absolutamente ningún debate. O que si queremos traer aquí hoxe, a este Parlamento, é o debate sobre como abordamos este problema e, sobre todo, porque este problema existe e se agrava día tras día.

Evidentemente, os datos son incontestables a respecto do aumento das agresións, non soamente no ámbito sanitario, senón, en xeral. Vivimos, cada vez, nunha sociedade máis crispada, con máis medos, con máis incertezas e iso fai con que as persoas perdan o control e o manifesten dun xeito que, evidentemente, non partillamos. Entón, o aumento, en só un ano, de case un nove por cento nas agresións respecto ao ano anterior, evidentemente, ten que levar a tomar medidas.



Tamén temos que decidir que medidas aplicar para protexer aos profesionais despois das agresións, que é, fundamentalmente, o que regula esta lei, é dicir, a punición despois de que se produzan as agresións. Xa existía o Código Penal ou a consideración da autoridade, é dicir, que xa había un abano amplo de protección neste sentido, pero, unha vez máis, o Partido Popular presenta esta lei dicindo que son os primeiros. É dicir, ao Partido Popular parece que o que lle interesa sobremaneira é ser os primeiros. Se o fai ben ou se a lei realmente resolve os problemas, iso xa é unha cuestión secundaria; o importante para o Partido Popular é ser os primeiros.

Claro, nós, no BNG, consideramos que esta lei só mira unha parte do problema. Recoñecemos que nesta regulación introdúcense cuestións como a violencia dixital —que non estaba contemplada—, amplía a protección ao persoal sanitario que estaba fóra do ámbito, como son os técnicos de emerxencias ou o persoal administrativo, porque, dalgún xeito, protexe o persoal sanitario, pero no sistema sanitario traballan moitas persoas que non son estritamente persoal sanitario; crea un rexistro galego de actos de violencia —está ben ter un rexistro e datos para enfrontalos. Nós reclamamos aquí sistematicamente datos, información para poder saber cal é a dimensión do problema—; regula as gravacións sen consentimento nas consultas... ¡Bueno!, toda unha serie de cuestións que son razoables. De feito, o BNG non presentou emendas a esta parte da regulación, pero, señores e señoras deputadas, unha lei que só castiga sen abordar as causas, dende logo, consideramos que está condenada ao fracaso; está condenada ao fracaso cando hai un problema e soamente se actúa sobre as causas. Non vai á orixe do problema e non mira cal é a enfermidade, senón que, simplemente, actuamos sobre as causas.

E por iso cremos que unha lei só punitiva, na cal non hai ningunha referencia ás causas... En toda a parte expositiva, en ningún momento se fala da situación do sistema sanitario; en ningún momento se fai referencia á situación de colapso, ás listas de espera... —en ningún momento— É dicir, as agresións non se producen no baleiro ou non se producen fóra dunha realidade concreta. E estamos nunha realidade concreta, que é un sistema sanitario deteriorado; (*Aplausos.*) nunha realidade concreta dun sistema sanitario que ten os profesionais ao límite; (*Aplausos.*) nunha realidade concreta dun sistema sanitario con listas de espera inaceptables... E as causas das agresións están maioritariamente identificadas. Logo, hai persoas que teñen problemas mentais e demais, e iso, evidentemente, non se soluciona tampouco con sancións. Aínda que nós consideramos que non se deben producir. Dígoo por se alguén ten a tentación de dicir que defendemos que se agrida —¡non!—, pero hai persoas que teñen determinados problemas que están fóra do que se pode controlar. O propio Ministerio determina que as causas desencadeantes das agresións son, de xeito maioritario: a atención recibida, a non-aceptación das demandas do doente e os propios actos sanitarios ou administrativos, que non son de satisfacción. É dicir, a frustración xerada por un sistema saturado, con demoras, con falta de tempo, con profesionais que atenden máis persoas das que poden atender con calidade.

Eu quero facer tamén hoxe aquí referencia á outra cara da moeda. Toda a solidariedade, todo o apoio para os profesionais que desenvolven a súa profesión nunhas condicións que non son, dende logo, as axeitadas, pero quero falar da outra cara da moeda, é dicir, da dor das persoas doentes e das súas familias. Hai algo nesta lei, no seu afán de castigar as agresións,



que parece esquecer que esta é —como dixen antes— unha violencia que non xorde no baleiro, senón que xorde da dor, da desesperación, do medo e, en moitos casos, dun sistema que falla ás persoas que debía protexer. Hoxe aquí quero facer referencia a algunha destas cuestións, porque, en moitas ocasións, detrás de cada agresión hai unha historia e moitas veces a historia é a dun sistema que non dá abasto, que deixa fóra e que chega tarde.

Historias como a de María —estou falando de cuestións reais—, unha veciña de Vigo que pasou catorce horas nun corredor de urxencias do Cunqueiro, co seu pai de 84 anos, esperando unha cama que nunca chegou. O pai de María morreu nunha padiola, rodeado de ruído, sen intimidade e sen dignidade. E María non agrediu ninguén —non agrediu ninguén—, pero a súa dor, a súa impotencia, a súa rabia... todo iso que sentiu nese corredor é o mesmo que senten tantas e tantas persoas cada día. E, señoras e señores deputados, non é culpa dos profesionais, é culpa dun sistema que os ten desbordados.

Ou a historia de Carlos e Lucía que levaron a súa filla de dous anos ao centro de saúde, con febre alta, con dificultade para respirar, onde non había pediatra... Tiveron que esperar máis de tres horas para ela ser atendida por un médico de familia que, con toda a súa vontade, a atendeu, pero que non era especialista; foi derivada ao hospital e alí diagnosticáronlle unha pneumonía grave. Carlos e Lucía tampouco agrediron ninguén, mais pregúntanse como é posible que tivesen que pasar por todo ese periplo para que a súa nena fose atendida despois de horas de sufrimento e de ver como empeoraba, e que a atención non chegase.

Ou a historia de Manuel que, durante meses, acudiu ao seu centro de saúde, con dores abdominais. Receitáronlle ansiolíticos e dixéronlle que iso era a causa do estrés. Cando finalmente lle realizaron probas o diagnóstico era dun cancro de páncreas moi avanzado; e o diagnóstico tardío foi un prognóstico terrible —é que é así, señor conselleiro. É un diagnóstico terrible—. E Manuel tampouco agrediu ninguén —tampouco agrediu ninguén—. É máis, a súa familia, cando soubo que se podía ter diagnosticado antes, a impotencia e a rabia que sentiron, pois é de imaxinar como se senten. Digo porque este é o contexto en que se producen as agresións.

Ou a historia de Antía, unha moza de 17 anos con problemas de saúde mental. Foi atendida en urxencias, despois dun intento de autolesión. Tivo que esperar 24 horas para ser atendida por un psiquiatra no hospital. Durante ese tempo, estivo nun corredor, sen apoio psicolóxico, sen un espazo axeitado, e a nai, que acompañaba a Antía, pediu recursos desesperada; pediu atención, que chegou case un día despois. E nese contexto, a xente está desesperada.

Eu quero que entenda que isto non é intentar traer aquí... Non, non, señor conselleiro. Se vostede vai a calquera hospital, a calquera servizo de urxencias ou aos centros de saúde, pode ver casos coma este; casos que xa trouxemos aquí, a este Parlamento. Vostedes insisten en que son casos illados, mais non son casos illados; ¡pasan día si e día tamén, (*Aplausos.*) día si e día tamén! (*Aplausos.*)

Eu o que quero traer aquí con isto é a situación partillada con profesionais e con doentes que sofren as consecuencias do mesmo sistema, porque un profesional que é agredido tamén retroalimenta a deterioración do sistema sanitario; porque un profesional que é agredido



tamén lle afecta á súa saúde mental: estrés, ansiedade, depresión. De feito, ao redor do quince por cento das profesionais que sobren unha agresión teñen que coller unha baixa, precisamente por estas cuestións. Xa non digo polas lesións, no caso de que as haxa, porque sabemos que unha inmensa maioría das agresións son verbais, son insultos e non son físicas. Pero moitos teñen coller unha baixa pola ansiedade que lle produce a agresión e de que se volva repetir. O que fan, en moitas ocasións, é distanciarse dos doentes —distanciarse dos doentes— e que teñan menos empatía; e é humano que iso sexa así. E esas agresións que sofren tamén provocan o seu distanciamento do sistema e a angustia de ter que volver traballar. Entón sofren esas agresións e estas repercuten nunha peor asistencia sanitaria.

Polo tanto, o que quería dicir é que é unha dor compartida a dos profesionais e a dos doentes. Se algo nos din estas historias, deputados e deputadas e señor conselleiro, é algo fundamental: que os profesionais e os doentes son as dúas caras da mesma moeda. O profesional que atende nun corredor de urxencias está desbordado e a familia que espera no mesmo corredor está desesperada. Os dous están a sufrir as consecuencias da mesma deterioración do sistema sanitario. O pediatra, que non pode atender os nenos, as crianzas, porque non hai pediatras. Hai douscentos concellos en Galiza que non teñen pediatra, señor conselleiro. Están desbordados. E a familia que non ten acceso a un especialista en Pediatría está moi preocupada porque non recibe a asistencia sanitaria. E os pediatras e as crianzas son as dúas caras da mesma moeda, e sofren a deterioración do sistema sanitario. E o médico de familia, que, por falta de tempo, non pode facer unha análise correcta da persoa que ten diante, séntese frustrado. E o paciente, que sae da consulta sen explicacións, sen o tempo que lle tiñan que atender, pois séntese abandonado e con medo. Os dous son as dúas caras da mesma moeda da deterioración do sistema sanitario. Polo tanto, aquí non hai dous bandos, non hai o bando dos doentes nin o bando dos profesionais; hai o bando dos profesionais e dos galegos e galegas que sofren as consecuencias dun sistema sanitario que non atende os profesionais e non atende os doentes.

E, por iso, o BNG presentamos unha serie de emendas coas que queremos ir ao fondo do problema e que non queden no tema de pulir, senón de protexer realmente os profesionais. E os profesionais protéxense con recursos, con medios. Os profesionais protéxense con tempo para atender os doentes. Os profesionais protéxense cunha atención primaria —o 51 por cento das agresións son en atención primaria— que teña recursos; que poida destinar tempo aos profesionais; na que non haxa listas de espera dunha semana, dúas semanas, tres semanas, un mes; na que non haxa ocos, ou na que non haxa doentes que non teñen profesional asignado. Protéxense cando coñecen os doentes, cando o doente ten un mesmo profesional que lle fai seguimento. E iso non está acontecendo no día de hoxe.

E por iso as emendas do BNG. Presentamos emendas nesta dirección, na dirección de aumentar os recursos para atención primaria ata chegar ao 25 por cento. Presentamos emendas para eliminar as listas de espera —está contemplado na Lei de saúde—; pedimos medidas para eliminar as listas de espera e para que se teñan os recursos —dispositivos para probas diagnósticas, quirófanos e persoal necesario— para que as listas de espera non sexan desas 360.000 persoas que están neste momento. Presentamos emendas para a incorporación á atención primaria de equipos multidisciplinares, con psicólogos clínicos —non os 21 que hai, senón, como mínimo, 1 para cada 4 centros «de saúde—, terapeutas ocupacionais, logopedas, nutricionistas, que



poidan atender en mellores condicións a poboación galega e que, ademais, rebaixen esa presión asistencial. Presentamos emendas para que haxa un plan de ordenación de recursos humanos xa no prazo de tres meses. O último plan de recursos humanos do Sergas é do ano 2011, señor conselleiro. Do 2011 ao 2026, pasaron quince anos sen un plan de recursos humanos. ¡Iso significa que non saben, non planifican cantos hai, onde están, en que condicións, cantos hai que formar, canto hai que planificar!, que son cuestións que nos parecen máis que lóxicas. Incluso pedimos que o plan de información, de sensibilización, se faga anualmente; non como poñen vostedes na Lei, de forma «continuada», porque «continuada» pode ser cada...

E, ¿que fixo o Partido Popular? Votar en contra de todas estas medidas que van ao fondo do problema: máis dotación de recursos, planificación, máis cartos, eliminar as listas de espera, unha atención primaria ben dotada, unha atención primaria con xerencias propias non secundarizadas respecto da hospitalaria. E, ¿que fai o Partido Popular? Votar en contra porque non hai que ir ao fondo do problema; chega con sancionar. Pois sancionando non se protexen os profesionais, porque reforzar recursos humanos e materiais nos servizos vai directamente á prevención dos profesionais e tamén da poboación. Porque, como ben sinalaba unha profesional nunha reunión que tiven, unha consulta con tempo é unha consulta segura, e para as persoas doentes unha consulta con tempo é unha consulta na que se senten escoitados.

E por iso nós non imos opoñernos a esta parte, porque non estamos en contra de que se regule —xa o dixemos—, pero, dende logo, non imos desistir de dicir que é insuficiente, que non abonda con tipificar sancións, crear rexistros e establecer medidas, senón que hai que ir ao fondo do problema, e o fondo do problema é un sistema sanitario deteriorado, que non protexe nin os profesionais nin a poboación.

O Partido Popular aínda ten tempo antes de que votemos de aceptar as emendas do BNG, que son as únicas presentadas que van ao fondo do problema e que abordan esa diversidade. Un goberno que queira protexer os profesionais o que ten que ir é a dotar de recursos...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...e, se non o fai, será un mal parche.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

O que hoxe vimos defender a este Parlamento vai moito máis aló dunha modificación normativa. Nós vimos aquí defender dignidade, defendemos respecto, defendemos protección efectiva para quen cada día coida da nosa saúde. Iso é o que vimos defender hoxe. *(Aplausos.)*



O Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia nace dunha realidade que xa non podemos ignorar. No ano 2024, 856 profesionais do Servizo Galego de Saúde comunicaron sufrir algún tipo de violencia —516 agresións verbais ou xestuais e 340 agresións físicas—; máis de dous profesionais agredidos ao día, case unha agresión por xornada laboral. Estamos a falar de médicos, de enfermeiras, de técnicos, de celadores, de persoal de admisión, de transporte sanitario e de inspección. Estamos falando, señorías, de persoas que traballan en centros de saúde, en hospitais, en PAC, en ambulancias e mesmo nos domicilios dos doentes. Estamos a falar do corazón do sistema sanitario galego, e a violencia no ámbito sanitario non é só un problema individual; é un problema sistémico. Quebra a relación de confianza, deteriora a calidade asistencial, xera medo, produce desgaste emocional, incrementa as baixas e afecta en última instancia toda a cidadanía.

Por iso esta reforma é necesaria. En primeiro lugar, porque define con claridade que é a violencia no ámbito sanitario, non só a física, senón tamén a verbal, a psíquica e a dixital, porque hoxe as agresións tamén son gravacións sen consentimento, difusión en redes, acoso dixital. Iso tamén é violencia. En segundo lugar, porque amplía a protección a todo o persoal do ámbito sanitario, non só ao estritamente asistencial, porque todos forman parte desa cadea asistencial e todos merecen o mesmo respecto. E, en terceiro lugar, porque establece unha tipificación clara e graduada das infraccións leves, graves e moi graves, diferenciando insulto de agresión física, diferenciando coacción de ciberacoso e individualizando condutas, para que as sancións que se poñan sexan proporcionais pero firmes; proporcionais e firmes.

Introdúcense multas —claro que se introducen multas—, que van desde os 300 euros ata os 15.000 euros segundo a gravidade, porque, máis aló da contía económica, introdúcese algo que é fundamental tamén, que é a obriga de repoñer os danos causados. A persoa agresora deberá de facerse cargo dos gastos sanitarios da vítima, da reparación do mobiliario, das instalacións, dos efectos persoais danados. Incorporáranse tamén sancións accesorias, como a posibilidade de asignar outro profesional á persoa infractora ou mesmo adscribirla a outro centro sanitario dentro da mesma localidade ata durante cinco anos, porque, ás veces, señorías, a mellor protección é evitar o reencontro coa persoa agresora. Regúlase tamén a concorrencia do proceso penal para garantir seguridade xurídica e coordinación; e refórzanse as medidas profesionais para actuar con rapidez ante infraccións graves e moi graves.

Pero é importante, señorías, que saiban que esta lei non é só sancionadora; é unha lei preventiva. Eu recoméndolle, señor Ojea, xa que falaba da prevención, que lea a totalidade da Lei, porque se fala de prevención. Créase o Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario, que será aprobado polo Consello da Xunta, negociado coa mesa correspondente e revisado anualmente. É un plan con avaliación integral de riscos, formación obrigatoria, protocolos claros de actuación, medidas organizativas e comunicación social. Incorporarase un informe anual que vai permitir analizar a evolución absoluta e relativa das agresións, porque sen datos, señorías, non hai políticas eficaces.

Vaise a crear o Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario, único para todo o sistema, con información desagregada por sexo e categoría profesional, porque é necesario coñecer para poder previr. Reforzarase tamén a saúde laboral, poñendo á disposición das vítimas servizos específicos de apoio psicolóxico e tramitación de denuncias. Garantírase



o asesoramento xurídico a través da Xunta de Galicia cando proceda; e introdúcese outra novidade importante, que é a formación obrigatoria en prevención da violencia para o novo persoal estatutario, incorporando esta formación como mérito nos procesos selectivos e na carreira profesional, porque a prevención, señorías, tamén se aprende. *(Aplausos.)*

Estenderanse as obrigas preventivas aos contratos con entidades privadas, porque a protección non depende da titularidade do centro; a protección depende do dereito do profesional. E estableceranse campañas de sensibilización social de carácter continuado, porque esta batalla tamén é cultural. Hai que recuperar, señorías, o respecto polo profesional sanitario.

Pero tamén quero destacar algo fundamental. Esta reforma legal está mellorada e consensuada. Nestas pasadas semanas, tivemos a oportunidade de debater e de intercambiar en varias xuntanzas diferentes propostas para esta ponencia que hoxe aprobaremos. escoitáronse propostas, analizáronse emendas, escoitamos tamén os profesionais que dirixiron os distintos grupos e as súas achegas e, por riba de todo, señorías, traballouse con vontade de acordo.

Respecto ao Grupo Mixto, que falaba aquí de presentar emendas, vostedes non presentaron ningunha emenda, co cal non puidemos negociar con vostede nin transaccionar nada. O Grupo Socialista presentou once emendas, e fomos capaces de aceptar ou transaccionar oito desas once emendas. A número 11 non puidemos incorporala por razóns que agora non teño tempo pero que se lle explicaron perfectamente cando foi a Comisión de Sanidade. Mire, incorporamos á ponencia melloras substanciais, como a inclusión da violencia psíquica, do acoso psicolóxico, a precisión na reincidencia, o reforzamento de medidas cautelares, o carácter permanente das campañas de sensibilización, o informe anual de avaliación e a participación das representacións profesionais. Houbo diálogo, señora Espinosa, houbo cesións, houbo responsabilidade e, sobre todo, o que tivemos foi ganas de chegar ao acordo. Iso non mo vai negar, porque chegamos a bastantes acordos.

Pero, señora Espinosa, moitas das reivindicacións que vostede hoxe trasladou aquí sabe perfectamente que non dependen do Goberno da Xunta. Porque vostede falaba de listas de espera, e non pode vostede vir aquí lamentar o que pasa coas listas de espera, e máis neste momento de folga xeral dos médicos de todo o país, que ten un responsable claro, señoría: o Goberno do señor Sánchez e, máis concretamente, a ministra Mónica García, porque a súa teima en negociar sabe que nos ten en vilo a todas as comunidades autónomas. E vostede ten liña directa co Goberno de Sánchez, e tamén o BNG, porque é socio responsable de que Sánchez estea gobernando. Iso é unha realidade. *(Aplausos)*

Pero, mire, con todos os acordos aos que fomos capaces de chegar co Grupo Socialista —repite que, de 11 emendas, fomos capaces de chegar a acordos en 8—, co Grupo Parlamentario do Bloque non foi posible acordar ningunha transacción, e sábeo perfectamente a señora Montse Prado. A emenda de aceptación directa, si, pero non fomos capaces de transaccionar, porque vostedes partiron dunha imposición imposible: ou as aceptabamos na súa literalidade, ou non había acordo; ou eran directas ou nada. Dende logo, o diálogo, as ganas de chegar a acordo do grupo do Grupo do Bloque Nacionalista Galego foron nulas, absolutamente



nulas. E iso tamén di algo, iso tamén ten unha lectura. E saben, ademais, as señorías do BNG que a meirande parte das 31 emendas que propoñían excedían o ámbito material da presente modificación legal e modificaban outros aspectos da Lei que nada teñen que ver —absolutamente nada— coa prevención da violencia. Advertímolos diso e non quixeron chegar a ningún acordo.

Señorías, esta non é unha lei ideolóxica; é unha lei de protección dos sanitarios e do persoal sanitario, e cando se trata de protexer os profesionais deberíamos de estar todos de acordo e ser capaces de poñernos todos a traballar no mesmo sentido. A maioría, dende logo, subimos mellorar o texto inicial sen desnaturalizalo. Os datos son claros, a tendencia é preocupante. A sociedade cambiou tras a pandemia; hai maior tensión, maior exixencia e maior conflictividade, e os nosos sanitarios precisan protección, precisan unha lei que os protexa. Volvo recordar eses 856 profesionais que sufriron violencia no pasado ano, e todos os que a sufriron e non a denunciaron, porque eses non son todos; moitas agresións non se denuncian. A todos eles débémolles protección, seguridade e respecto.

Hoxe vai quedar claro que hai dúas maneiras de entender a política: hai quen entende o consenso como un punto de encontro, como fixemos nesta lei, mellorándoa con achegas reais e aceptando propostas construtivas, e hai quen entende o consenso como unha adhesión incondicional. O Bloque Nacionalista Galego non veu aquí mellorar a Lei; veu substituíla pola súa, e, cando non se lles acepta o texto íntegro, retíranse do acordo. É a súa maneira de facer política, é a tan [...] política do «non» do BNG. (Aplausos.) Vostedes, señorías, confunden diálogo con imposición, e, cando non obteñen a imposición, elixen a confrontación. Son especialistas... Falaba a señora Prado aquí de preocupación das familias. Diso vostedes saben moito, porque vostedes, entre outras cousas, preocupáanse de preocupalas. Vostedes son especialistas en alarmar, en preocupar e en montar problemas alí onde non os hai. ¡É o seu catecismo!

Pero, señorías, esta non é unha batalla partidista. Esta lei non é para iso; é para protexer os profesionais sanitarios que sofren agresións. E, neste momento, nesa responsabilidade, algúns estivemos á altura e outros decidiron quedar fóra.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, Señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Moi breve. Sinxelamente, quero incidir no que levamos dito, fundamentalmente os grupos da oposición, de que habería que atacar as causas, e as causas son a mala calidade do servizo sanitario percibida en moitos casos polos usuarios, de xeito que chegan ao extremo de —como dicía antes— perder o control e proxectar a súa frustración sobre o persoal sanitario e non sanitario. Eu falei antes de condutores incluso de ambulancias ou persoal administrativo que tamén recibe esa clase de agresións de todo tipo.



Falaba a señora portavoz do Partido Popular da necesidade que compartimos de que os profesionais aprendan tamén a xestionar esa clase de situacións. Pero, claro, eu facía unha reflexión: o tempo que eses profesionais gastan en aprender o que aprende un porteiro de discoteca, a manexar situacións conflitivas, é tempo que, ao mellor, preferirían ter destinado a unha maior aprendizaxe da súa disciplina. O tempo é finito. Entón, claro, o tempo que un médico ten que gastar, debe gastar ou se lle facilita que poida utilizar para aprender a xestionar situacións dese tipo, que non entran dentro do que se estuda na Facultade de Medicina —entendo—, podería estar destinado ou, ao mellor, el preferiría estalo destinando a mellorar a súa formación médica no seu ámbito, o que, polo tanto, redundaría, na mellor calidade da asistencia. Isto non quere dicir que, efectivamente, non sexa desexable que aprendan a manexar esas situacións que, por outra parte, o ideal sería que non se tivesen que dar porque os usuarios non chegasen a eses extremos que todos dicimos.

Señora portavoz do Partido Popular, na próxima lexislatura, como non teñan maioría absoluta e Democracia Ourensana teña algunha capacidade real de influír no Goberno, tranquila, que xa presentaremos emendas a esgalla. De momento, iso é arar no mar. Presentalas para que non nolas acepten, perdendo o tempo..., pois mire, o tempo é un recurso limitado e, cando ves que vai ter pouca eficacia... Nós estamos acostumados a conseguir resultados. No Concello de Ourense, no que estamos gobernando, conseguimos resultados. Entón, destinar tempo, cando é tan escaso —como vostede sabe, son o único representante do meu grupo—, a algo que me van botar abaixo... Porque moitas das miñas obxeccións precisamente coincidían coas doutro grupo parlamentario ao que lle botaron todas as emendas abaixo. Entón, non estou para perder o tempo.

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Antes de referirme ás once emendas que presentamos a este proxecto de lei, permítame, señora Amigo, que me refira a vostede —Amigo, Amigo, dixen, que vexo que sorrí—, (*A deputada María Elena Espinosa Mangana ri.*) porque sabe perfectamente que o 40 por cento das agresións sanitarias se producen precisamente polas listas de espera. Por iso eu insistín moito en tratar de afondar no problema —son estatísticas, non me diga que non coa cabeza— para poder solucionalo. E, por suposto, non quero entrar hoxe no debate das listas de espera, pero quero dicirlle que esas listas de espera xa existían moitísimo antes das folgas que temos agora na sanidade.

Pero creo que o motivo de hoxe é falar do Proxecto de lei, e eu vou volver ás emendas. Das once que presentamos, tres entendemos que van ser rexeitadas, sendo a máis relevante a que xa mencionei na miña primeira intervención. As outras dúas tiñan como finalidade reforzar a representatividade e asegurar a participación, e que esta non quedase limitada ás organizacións sindicais —que si consideramos esenciais—, senón que tamén se incorporasen representantes profesionais. Con iso buscábase abrir e consolidar canles de comunicación e colaboración cos sindicatos, cos colexios profesionais e coas asociacións de



pacientes, partindo da idea de que a loita contra as agresións require diálogo, coordinación e a implicación de todos os axentes. En todo caso, estas cuestións poden quedar apuntadas para unha segunda fase da modificación da Lei á que, como socialistas, aspiramos.

E, dende o Grupo Socialista, consideramos imprescindible que a Lei recoñeza de maneira expresa a violencia psíquica, como unha forma de violencia no ámbito sanitario, tal e como recolle a nosa emenda número 1. Non podemos limitar a protección das agresións a as físicas, verbais ou dixitais. Se queremos avanzar con seriedade cara ao obxectivo de cero agresións, é necesario ampliar o enfoque e garantir que todas as formas de violencia —tamén as de carácter psicolóxico— sexan prohibidas, identificadas e tratadas coa mesma firmeza.

Ligada directamente a esta cuestión, sitúase a emenda número 2, relativa ao acoso psicolóxico.

Pola súa banda, a emenda número 3 pretende reforzar o tratamento das situacións nas que se producen infraccións leves de maneira reiterada, de forma que poidan pasar a ser consideradas como graves. Tal e como estaba redactado o borrador, poderíase dar a situación de que unha persoa agresora acumulase múltiples infraccións leves sen unha resposta proporcional, mentres que a persoa agredida resultaría seriamente prexudicada. O que propoñemos nesa emenda é introducir coherencia e xustiza no réxime sancionador, evitando baleiros que poidan derivar en impiedade e garantindo unha protección real e efectiva para as e os profesionais sanitarios.

A emenda número 4 avanza nesa mesma dirección, procurando reforzar a protección do persoal sanitario. En concreto, propoñemos que nos casos de infraccións graves ou moi graves se poida proceder a asignar provisionalmente outro profesional á persoa presuntamente infractora. Trataríase dunha medida cautelar aplicable unicamente mentres se tramita o expediente sancionador correspondente. Consideramos que é unha proposta equilibrada, ao reservarse para supostos de especial gravidade e non para infraccións leves, garantindo así a protección do persoal sanitario sen prexuízo das garantías do procedemento.

Coas emendas 8 e 9 solicitamos campañas de sensibilización con carácter permanente, salvo en circunstancias concretas que xustifiquen unha menor frecuencia. Falamos de formación, de educación e concienciación, elementos claves para previr agresións e fomentar un clima de respecto e seguridade no ámbito sanitario.

Na emenda número 6, propoñemos a elaboración dun informe anual que recolla o conxunto das agresións producidas no ámbito sanitario en relación co volume de asistencia realizadas, co fin de permitir unha análise detallada da súa evolución e incidencia. Este informe sería unha ferramenta fundamental para detectar patróns de risco, avaliar a eficacia das medidas adoptadas e planificar accións de prevención e protección máis precisas.

Por último, na emenda 10 propoñemos a incorporación de políticas integrais de seguridade e saúde.

Remato xa.



Co Proxecto de lei, que introduce as nosas emendas, damos un paso —aínda que insuficiente— na loita para reducir as agresións aos profesionais sanitarios. Dende o Grupo Socialista, seguiremos reclamando con determinación novas reformas ata acadar unha protección plena e efectiva para todo o persoal na nosa sanidade pública que resolva a maior porcentaxe das orixes destas agresións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de 5^o de primaria do centro Santa Mariña de Redondela, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos tamén os vosos profesores.

Continuamos. Correspóndelle ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a toda a rapazada que nos acompaña na tribuna.

Eu, máis unha vez, teño que lamentar que o Partido Popular, na voz da deputada que interveu, veña aquí mentir. Mente cando di que o BNG pretendeu substituír a Lei. O BNG non fixo unha emenda á totalidade, co cal, manifestamos que era posible mellorar esta lei. Non fixemos unha emenda á totalidade; presentamos 31 emendas. A súa inmensa maioría non van á parte proposta, senón ás causas do problema. Mente o Partido Popular cando di que esas emendas estaban fóra de regulamento. Eu teño que lembrarlle que os servizos xurídicos da Cámara as admitiron a trámite con total normalidade, co cal, entraban perfectamente nesta lei. (*Aplausos.*) O que non quere o Partido Popular é, evidentemente, entrar nas causas. Soamente quere regular despois de que se producen as sancións. Non actúa na prevención e non actúa con máis recursos.

Logo, di tamén (*A deputada María Montserrat Prado Cores ri.*) a deputada do Partido Popular que o BNG non quixo aportar nada. Nós presentamos 31 emendas. O Partido Popular o que fixo foi ofrecernos unha aprobada —evidentemente, se presentamos unha emenda, aceptamos que nola acepten—, e, logo, non propuxo transaccións. Agora resulta que o Partido Popular ten unha nova modalidade, que é: un grupo, como o BNG, presenta 31 emendas, o Partido Popular non ofrece ningunha transacción e o que pretende é que nos «autoemendemos» presentando nós transaccións. É dicir, eu presento unha emenda e o Partido Popular non di: ben, aceptaría se modificas isto. Non ten emendas para transaccionar e agora o que pretende é que nós fagamos outras emendas distintas ás que presentamos —é o que chama «transaccións»—, porque resulta que non vai aceptar ningunha. ¡Hai que ter moito rostro, moito rostro! ¡Isto xa é o rizo do rizo! (*Aplausos.*)

Polo tanto, o BNG lamenta esta oportunidade perdida. A Lei de saúde do ano 2008, no seu preámbulo, falaba de centrar o modelo de saúde na cidadanía e de facer efectivo os principios de participación e de identificación, e tiña como valores do sistema público de saúde de Ga-



licia a humanización da asistencia e a participación real e continua dos profesionais e da cidadanía. Esta lei vai na dirección contraria. Nin sequera ten en conta estas cuestións e nin sequera menciona a cidadanía na súa parte expositiva —digo na expositiva, que non compromete a nada, pero nin sequera aí menciona a cidadanía—, nin sequera aí menciona a situación do sistema sanitario. Pon o foco exclusivamente no castigo; non na prevención.

Responde á agresión, pero non se pregunta por que se producen as agresións. A nós parécenos fundamental preguntarnos por que, porque se non sabemos o porqué e non actuamos no porqué, non van deixar de producirse agresións. A situación vai ser absolutamente a mesma. Entón, non escoita a dor das persoas —por exemplo ás que me referín antes, como María, como Carlos, como Manuel ou como Antía— nin escoita os profesionais, que piden desesperadamente máis recursos, que piden desesperadamente tempo e que piden desesperadamente non ter que facer intersubstitucións e prolongacións de xornada, pois isto significa ter que atender en vez de trinta persoas, cincuenta, sesenta ou as que sexan. ¡Vostedes non atenden esas cuestións e non se preguntan cal é a situación dos profesionais! Non queren oír falar de aumentar os recursos, e aí é onde ían as emendas do BNG: a complementar esta lei —ja complementala!— indo ás causas.

Incluso, a deputada do Partido Popular atrévese a dicir que inclúe o tema dos domicilios. ¡Non! O BNG presentou unha emenda pedindo que se incluíse o transporte sanitario e o traballo na vía pública ou nos domicilios das persoas usuarias. ¡Votou e non a aceptou! Agora vén aquí dicir que *también en los domicilios*. ¡Hai que ter moito rostro! ¡Moito rostro, moito rostro! (Aplausos.)

Polo tanto, o BNG vai absterse porque non estamos en contra de que se regule e de que se sancione as persoas que agriden. Dixen ao principio: tolerancia cero, tolerancia cero coas agresións. A Xunta, o Partido Popular, di: tolerancia cero coas agresións. E compartímolo, pero engadimos: tolerancia cero coa deterioración do sistema sanitario público e tolerancia cero coa deterioración da sanidade pública. Ten que ir parello, ¡ten que ir parello! Dende logo, non podemos pedirlle á cidadanía que coide a sanidade pública se non se coida deles. Non podemos protexer os profesionais sen protexer a sanidade pública. Protexer a sanidade pública é protexer o ben máis prezado que temos, e non é o que está a facer o Partido Popular.

Polo tanto, o BNG non vai renunciar a seguir denunciando o que esta lei ignora. Non imos renunciar a poñer en valor as emendas que presentamos; as emendas que presentamos para o aumento dos recursos para a atención primaria, para a eliminación das listas de espera, para ter todos os recursos da sanidade pública ao máximo rendemento e para incorporar equipos multidisciplinares en atención primaria, porque aí é onde se produce o 51 por cento das agresións. Non imos renunciar a seguir dicindo que hai que ir ás causas, e as causas son un sistema sanitario deteriorado e sen recursos, onde o Partido Popular nin sequera ten un...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...plan de recursos humanos actualizado. Hai quince anos que non fai un plan de recursos humanos. Ou sexa, non lle preocupa planificar e non lle preocupa actuar nas causas. E, dende logo, sen actuar nas causas non hai solución posible.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días de novo. Grazas, presidente.

Saúdo tamén todos os xoves que hoxe nos acompañan na tribuna vendo os debates.

Señora Prado, eu xa llo dixen máis veces: eu non minto; eu traslado realidades. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señoría, dende o inicio das negociacións, literalmente o dixon: ou as aceptabamos na súa literalidade ou non había acordos; ou directas ou nada. (*A deputada María Montserrat Prado Cores: Non minta.*) Non me interrompa, eu escoiteille a vostede todo o que aquí dixon. Faga o favor de ter un pouco de respecto, por favor. (*Aplausos.*)

As ganas de chegar a un acordo foron nulas e eu remítome aos feitos: co Partido Socialista, de once emendas, chegamos a un acordo en oito, pero con vostedes é imposible. Claro, algunhas das emendas, como a que nomeou aquí, xa estaban incluídas no texto, e non se poden aceptar emendas que xa van na Lei. Mire, a diferenza é moi clara: nós buscamos todos os acordos posibles. Os do BNG só aceptan acordos totais. Ese é o seu catecismo, é o seu lema, señorías. Mire, a política útil non lle funciona así. Eu creo que perderon unha oportunidade única e que, se non votan a favor desta lei, van quedar retratados ante os profesionais sanitarios e ante a cidadanía, porque vostedes moito encher a boca defendendo a sanidade —jou iso é o que din vostedes!—, e despois actúan como actúan. Desde logo, teñen aínda uns minutos para reflexionar e poñerse do lado dos profesionais.

Señoría, o que escoitamos durante os debates foi moi grave. Xa llo dixen na Comisión: nada, absolutamente nada, xustifica unha agresión, nin a un sanitario nin a ninguén, porque o respecto —o respecto, señorías— é inherente á condición humana, é un valor básico que todos merecemos, (*Murmurios.*) porque quen coida, quen atende (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e quen está ao lado das persoas nos momentos máis vulnerables merece aínda máis respecto, máis protección e máis compromiso por parte da sociedade. Nós témolo claro: farémolo apoiando esta lei. Fixémolo enriquecendo o seu articulado coas achegas incorporadas a través das diferentes emendas. Hoxe, cumprimos o noso compromiso de ofertar un marco legal de protección efectiva para quen, cada día, coida a nosa saúde —os e as profesionais sanitarios de Galicia—, e protección a todo o persoal do sistema sanitario galego.

Señorías, esta lei responde ao mandato da Lei de prevención de riscos laborais: evitar o risco, combatelo na súa orixe e planificar a prevención. A violencia non pode formar parte do traballo sanitario como un risco asumido. Non é inherente á profesión, non é tolerable e non é evitable, e niso estamos, en traballar xuntos. Galicia, unha vez máis, dá un paso firme; non declarativo e non simbólico, senón normativo, operativo e estruturado. Hoxe, señorías, queremos enviar unha mensaxe clara á cidadanía: tolerancia cero ante a violencia no ámbito sanitario. (*Aplausos.*) Pensen, señorías, que estamos ante unha lei que é de todos. É unha lei



que non pertence a ningún grupo político, pertence aos profesionais sanitarios de Galicia. Pertence a quen cada día atende, acompaña e coida a nosa cidadanía.

Oxalá sexamos capaces de estar unidos no esencial, porque quen coida merece ser coidado, porque quen salva vidas non pode traballar con medo e porque un sistema sanitario forte precisa profesionais protexidos. Espero e desexo que apoiem este texto legal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Ten solicitado o turno o conselleiro de Sanidade. Señor Antonio Gómez Caamaño, cando queira.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente. [*Inaudible.*]...

O PRESIDENTE: Déanlle voz. Perdón.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): ...profesores de Redondela.

Permítanme comezar esta intervención expresando o meu sincero agradecemento aos grupos parlamentarios polas súas achegas ao longo da tramitación desta lei. Quero recoñecer, en particular, o compromiso e a responsabilidade institucional que se puxeron de manifesto durante a tramitación nesta Cámara dun asunto tan serio como son as agresións aos profesionais da sanidade. Máis alá das diferenzas ideolóxicas, o que se evidenciou ao longo deste debate foi unha vontade compartida: a de avanzar na protección das persoas que cada día sosteñen co seu traballo o noso sistema sanitario.

Nos últimos anos vimos como as agresións ao persoal do sistema sanitario, xa sexan físicas, verbais ou doutra natureza, se converteron nun problema que exige unha resposta clara por parte das institucións públicas. Estamos a falar de profesionais que dedican a súa vida para atendernos, para acompañarnos nos momentos máis difíciles e tamén para velar pola nosa saúde. Por iso, toda agresión a un profesional da sanidade é un feito inaceptable.

Como responsables públicos, temos a obriga de actuar, de previr e de garantir que poidan desenvolver o seu labor con seguridade, con respecto e con dignidade. Ese é o espírito dunha norma que introduce avances relevantes para facer fronte á violencia no ámbito sanitario. Faino ampliando a definición do profesional do ámbito sanitario, incorporando novas formas de violencia e recoñecendo moitos outros profesionais, como o persoal da administración, de admisión, de inspección, do transporte sanitario ou de calquera outra actividade relacionada coa asistencia.

Galicia será a primeira comunidade autónoma en incluír sancións por agresións aos técnicos de emerxencias sanitarias e do 061, estendendo as medidas de prevención e protección a todo o sistema sanitario de Galicia. Conta con medidas novidasas, como a posibilidade de



cambiar a persoa infractora de profesional sanitario ou de centro, garantindo incluso a mobilidade laboral da vítima e tamén que o profesional poida suspender a asistencia cando o paciente realice gravacións en consulta sen consentimento.

Pero esta lei non se limita a sancionar; tamén reforza a prevención, a formación e a protección das vítimas. Incorpora medidas de apoio, mecanismos de rexistro e tamén ferramentas que permiten coñecer mellor a dimensión do problema para poder así actuar con maior eficacia. Para isto, está previsto desenvolver o Plan de prevención contra a violencia no ámbito sanitario e tamén a creación do Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario.

Esta lei non só é unha resposta normativa a un problema concreto; é tamén unha declaración institucional de apoio aos profesionais da sanidade e de defensa dos valores de respecto, convivencia e responsabilidade colectiva. Por todo iso, quero poñer en valor a norma que hoxe aquí se aproba. Con ela, elevamos ao máximo rango normativo, a rango de lei, a prevención e a protección fronte ás agresións a todo o persoal do Sistema Galego de Saúde, sexa público ou sexa privado, e dotámonos dunha norma máis completa, máis sólida e máis útil para cumprir o obxectivo que nos une: protexer a quen nos coida.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, á votación —pechen as portas, por favor— das emendas mantidas e do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.

En primeiro lugar, sométense a votación as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto, as números 5, 7 e 11.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado números 5, 7 e 11 do G. P. Socialista de Galicia ao Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 37; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.



O PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dos números 1 a 20 e 22 a 31.

Votamos, por favor.

Votación das emendas ao articulado números 1 a 20 e 22 a 31 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 37; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: E por último, votamos o Ditame da Comisión, coas emendas que foron incorporadas no seu caso.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia, coas emendas incorporadas ao Ditame da Comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta lei.

O PRESIDENTE: Rematou a votación.

E pasamos ao punto segundo da orde do día, que é a comparecencia.

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a modernización do modelo de formación profesional de Galicia

O PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moi bo día, presidente.

Señorías.



Hoxe, imos falar nesta Cámara da Galicia que funciona e, en concreto, da formación profesional galega, que se confirma como unha das grandes oportunidades presentes e de futuro para as persoas, as empresas, os sectores produtivos e, en definitiva, para o conxunto de Galicia.

Ao comezo desta lexislatura, marcamos como reto impulsar e actualizar o modelo de formación profesional para adaptalo aos desafíos dunha sociedade e dunha economía en constante transformación. Despois de dous anos de traballo, estamos en condicións de presentar nesta Cámara as liñas que definirán a formación profesional do futuro, entrando xa, neste caso, no segundo cuarto do século XXI; liñas de futuro que quedarán recollidas e marcadas no novo decreto que aprobamos, hai escasos días, no Consello da Xunta, e que regulará e impulsará estas ensinanzas xa para o vindeiro curso. Non se trata dunha meta, senón dun punto de partida, é dicir, do inicio dunha nova etapa para seguir fortalecendo e modernizando un sistema que xa é referente e que é tamén un referente da Galicia Calidade do futuro que todos queremos construír.

En Galicia, sempre fomos un paso por diante neste ámbito e agora damos un paso máis. Impulsamos un modelo de formación profesional máis flexible, máis innovador e plenamente conectado coa realidade económica e social do noso contorno. Farémolo baixo cinco eixos clave: o primeiro, o deseño dunha oferta máis especializada que responda ás necesidades do alumnado, das empresas e do territorio; o segundo, o reforzo da conexión co tecido produtivo; o terceiro, máis innovación e investigación aplicada para unha FP á vangarda; o cuarto, máis oportunidades, cunha orientación profesional integral para loitar contra o abandono escolar e co reforzo á atención á diversidade; e quinto, un avance decidido cara a un carácter máis internacional. Sempre digo que o sistema educativo —a educación— non é un fin en si mesmo, senón que é un medio cunha misión básica, que é preparar as persoas —os mozos e as mozas de hoxe— para que se poidan desenvolver plenamente e contribuír no futuro a mellorar a sociedade, é dicir, cómpre darlles oportunidades de futuro aos mozos e ás mozas de hoxe.

Moitas veces falei nesta Cámara dunha auténtica revolución silenciosa que transforma a formación profesional. Os resultados están á vista e demostran un avance claro en tres variables absolutamente interconectadas: prestixio, confianza e utilidade. É dicir, prestixio social e recoñecemento colectivo; confianza das empresas e das familias; e utilidade para as persoas, para o emprego e para a economía.

O prestixio medra en cada liña, co incremento da matrícula. Estamos —como xa saben— nun novo récord de matriculados neste curso: 71.229. É, practicamente, o duplo de alumnos que cursaban a FP no curso 2008-2009, pois naquel momento non chegabamos nin a 35.000 e hoxe temos, practicamente, 71.300. Este é un incremento xeneralizado en todas as modalidades e a formación profesional deixou xa, afortunadamente, de ser unha opción secundaria —como era non hai demasiados anos— para converterse nunha opción preferente de moitísimas persoas.

Hai un cambio profundo de percepción social e confírmase este cambio e este prestixio coas cifras. Neste momento, aproximadamente o corenta por cento do alumnado —dous de cada



cinco alumnos— que remata a ESO elixe, como primeira opción, a formación profesional. Cada vez son máis os expedientes brillantes ou os estudantes con expedientes académicos brillantes que se decantan por esta opción. Ademais, ao redor do noventa por cento dos titulados en formación profesional declara estar satisfeito coa formación que recibiu.

Este prestixio vai da man dunha oferta formativa ampla, cada vez máis adaptada ás necesidades da sociedade e tamén do mercado. Valla como dato que neste curso ofrecemos un total de 251 opcións formativas dun total de 25 familias profesionais. E, por suposto, chegamos a toda a xeografía e, especialmente, ao espazo rural.

Cada curso, actualizamos e reforzamos a oferta cun plan, o plan Conecta, que nos permite aliñar a formación á oferta formativa coas demandas reais do mercado laboral e coas oportunidades de desenvolvemento que existen no territorio. Ano tras ano, fomos incorporando novas modalidades máis flexibles, máis especializadas e máis adecuadas ás características do seu contorno. E os datos están aí; son datos que reflicten un maior interese do alumnado. Sen ir máis lonxe, no último ano, a FP dual intensiva medrou un 14,5 por cento; os másteres de formación profesional, un 24,4 por cento; e os programas de alta especialización, practicamente un 30 por cento —un 29,8 por cento—.

Este prestixio —o prestixio social da formación profesional— vai tamén acompañado da confianza das empresas e do tecido produtivo. Nos últimos cinco anos, interactuamos con 21.500 empresas, que ofertaron un espazo, para poder formarse como becarios, os diferentes alumnos que cursaron a formación profesional. Aproximadamente, tamén 30.000 entidades empresariais se involucraron en proxectos de formación profesional dual intensiva; asinamos máis de seis mil convenios con empresas para implementar e desenvolver a FP dual intensiva. Temos unha colaboración con empresas líderes a nivel de Galicia, como Inditex, Repsol, Navantia; con compañías galegas de referencia, como Plexus, Pérez Rumbao, Finsa; pero tamén con pequenas empresas, como talleres, perruquerías, restaurantes..., no conxunto dos sectores económicos, porque, ao final, señorías, a FP replica o que é o mundo laboral e o que son as demandas dos sectores produtivos. Eu digo en moitas ocasións que é un mundo en miniatura.

Esta mellora continua tamén permite que a formación profesional sexa sinónimo de utilidade; utilidade co alumnado, pois facilita esta formación e facilita a súa inserción no mundo laboral, no mundo do emprego, facilita o acceso ao emprego; e é tamén unha grande utilidade para a economía galega, para as empresas, xa que lles proporciona profesionais ben formados que aportan unha maior competitividade dentro dos procesos produtivos. Hai un indicador que é moi bo, que é a inserción laboral do alumnado e que chega, en Galicia, practicamente a un 86 por cento, nos ciclos ordinarios, e, practicamente, ao cen por cento na formación profesional dual. (*Aplausos.*) Esta porcentaxe de inserción contrasta coa que había no ano 2009. Estamos a falar de que, no ano 2009, non chegabamos ao 33 por cento; dun 33 por cento pasamos a un 86 por cento. E tamén a FP ten un gran valor porque contribúe para fixar talento no territorio, pois, moi cerca do cen por cento do alumnado que cursa FP queda a traballar en Galicia; en concreto, o 96 por cento dos que rematan un ciclo atopan o seu primeiro emprego en Galicia. (*Aplausos.*)



E se facemos unha comparación con España, hai que sinalar que a nosa formación profesional tamén ten bos resultados e marca unha liña de liderado. Galicia foi e é referente de boas prácticas para moitos territorios e para moitos profesionais que se achegan ata aquí para coñecer, de primeira man, o noso sistema. Temos seis centros na Rede estatal de excelencia —somos líderes neste ámbito—; desenvolvemos proxectos de innovación no ámbito da formación profesional, cun núcleo de referencia vencellado a Eduardo Barreiros, de Ourense. Máis de un de cada catro galegos, de entre 25 e 64 anos —fíxense no que digo: máis de un de cada catro galegos—, aproximadamente o 25 por cento dos galegos —o 26,6 por cento, en concreto—, de entre 26 e 64 anos, está titulado en formación profesional. Esta é unha cifra que non parou de medrar dende o ano 2009 e que é moi superior á media de España; estamos falando de que un 26,6 por cento da poboación galega, de entre 25 e 64 anos, teñen un ciclo de formación profesional.

En números absolutos, Galicia é a quinta comunidade autónoma en alumnos en canto á formación profesional, tendo en conta o umbral demográfico de Galicia. Pero o que é moito máis importante é que, en relación coa poboación escolar, Galicia é a segunda comunidade autónoma de España, despois de Cantabria, que máis alumnado de formación profesional ten matriculado en comparación co conxunto do alumnado. É dicir, somos os segundos de España en porcentaxe de alumnos de FP (*Aplausos.*) en comparación co conxunto da poboación escolar. (*Aplausos.*)

É obvio que hai unha grande inserción laboral e que hai unha alta demanda de titulados nos ciclos de formación profesional. De feito, practicamente o 50 por cento das ofertas de emprego publicadas —en concreto, o 49,1 por cento, segundo o Informe de Adecco— solicita un perfil de profesional formado no ámbito da formación profesional.

Señorías, estes datos non son froito da casualidade, xa que detrás hai moito traballo, moito esforzo e tamén —eu diría— moito orgullo compartido coa inmensa maioría do profesorado que imparte as súas aulas no ámbito da formación profesional. A formación profesional dá, sobre todo, oportunidades; ofrécelles oportunidades ás persoas e posibilita que inicien unha inserción practicamente inmediata no mercado laboral. Tamén ten unha grande importancia a formación profesional, dende a perspectiva social, pois atende á diversidade e prevé tamén o abandono escolar, pois oferta liñas educativas para prever o abandono escolar. De feito —como saben—, non hai demasiados meses, presentouse o último dato de abandono escolar de Galicia. Galicia é unha das mellores comunidades autónomas neste ámbito; temos unha taxa de abandono do 10,4 por cento, moi cerquiña do obxectivo que nos fixa a Unión Europea, que é dun 10 por cento. Rebaixamos 0,4 puntos respecto do ano pasado e estamos 2,4 puntos por debaixo da media de España. E se abrimos o foco e vemos a evolución dos últimos anos, vemos que no ano 2009 estabamos practicamente nun 26 por cento de abandono escolar e a partir de aí fomos nunha senda practicamente continuada de descenso do abandono escolar, ata chegar practicamente ao umbral que nos fixa a Unión Europea. (*Aplausos.*)

Pero temos que seguir traballando e temos que seguir avanzando neste ámbito. Quero anunciar a posta en marcha dun novo programa, que chamamos Cualifica Talento. É un programa que está orientado de xeito específico a aquelas persoas que están en situación de abandono escolar, fundamentalmente entre os 18 e os 24 anos; persoas que non contan cunha educa-



ción secundaria e que non están traballando neste momento. Queremos que se reincorporen ao mundo formativo, queremos ofertar liñas formativas adaptadas ás súas preferencias, utilizando a FP básica, ciclos de grao medio, ensinanza de adultos ou tamén —por que non decidido— formación lingüística para estranxeiros. E estará, señorías, destinada fundamentalmente para o colectivo masculino. Estará fundamentalmente dedicado a aqueles homes, aqueles mozos, que están en situación de abandono escolar. E isto ¿por que? ¿Por que o facemos? Porque o abandono escolar no xénero masculino, nos mozos e nos chicos, practicamente duplica o abandono escolar das mulleres, do xénero feminino. Estamos a falar dun abandono das mulleres dun 7,2 por cento e estamos a falar dun abandono dos homes dun 13,5 por cento. Debemos desenvolver estas accións fundamentalmente sobre o colectivo masculino, accións específicas para reducir esta brecha e para reducir o abandono no ámbito masculino.

Calculamos, é a nosa estimación, neste primeiro ano que o imos poñer en marcha, que poderemos actuar con ao redor de dez mil persoas. Dez mil persoas que agora nin estudan e que tampouco traballan, co obxectivo de que se poidan primeiro formar e, posteriormente, incorporar ao mercado de traballo; dotalos de competencias, de destrezas, para que adquiren unha maior cualificación e, en definitiva, poidan ter unha maior empregabilidade. É dicir, oportunidades para todas as persoas.

E, por suposto, para seguir avanzando nesta liña, apostamos por unha normativa avanzada e por unha normativa de vangarda que sexa innovadora e que abra novas portas de futuro para a Formación Profesional. Queremos seguir dando pasos firmes cara ao futuro e para iso primeiro reforzamos, por suposto, a planificación estratéxica a través da Estratexia galega de Formación Profesional, pero tamén queremos seguir abrindo camiño cun ámbito normativo que dea resposta ás necesidades do presente e, sobre todo, tamén ás necesidades do futuro.

Galicia sempre abriu camiño no ámbito da formación profesional. E permítanme vostedes que faga unha pequena retrospectiva e nos vaíamos ao ano 2022. Neste ano 2022 o Ministerio aprobou —por suposto, sen ningún tipo de diálogo e de espaldas ás comunidades autónomas— unha lei, a Lei de formación profesional. Esa lei no seu inicio pintaba ben, porque practicamente copiaba o que estabamos facendo as comunidades líderes; por exemplo, Galicia. Inspiráronse moitísimo nos preceptos en liñas de traballo e en programas que estabamos facendo en Galicia. Sen embargo, o seu desenvolvemento xerou algo que poderíamos asimilar ao camarote dos irmáns Marx. Era unha lei á que se lle deu confianza —xa digo, practicamente copiada, inspirada en moitos programas e proxectos que había en Galicia— pero o seu desenvolvemento a partir do ano 2022 foi un auténtico caos: rectificación constante de borradores, aprobación sen previo aviso de decretos e de ordes que desenvolvían a propia lei; unha descoordinación absoluta. A verdade é que xa nos ten afeito, neste caso, o Ministerio de Educación a ser un auténtico camarote dos irmáns Marx. E dígoo porque a descoordinación está chegando a puntos absolutamente asfixiantes.

De feito, aínda que fago un pequeno paréntese, estamos moitísimas comunidades autónomas moi preocupadas polo devir, polo futuro que vai ter un programa educativo importantísimo como son os auxiliares de conversa. Hoxe mesmo unha comunidade autónoma renunciou a



telo en marcha o próximo ano por unhas multas que lle pon a unha comunidade autónoma, en concreto o Ministerio de Traballo: 19 millóns de euros. Póñenlle unha multa ao País valenciano de 19 millóns de euros por desenvolver un programa tal e como manda, seguindo os criterios neste caso do Ministerio de Educación. Pero, sen embargo, o Ministerio de Traballo entende que as persoas auxiliares son traballadores e multa as comunidades autónomas e non multa o Estado. Fíxense vostedes, señorías, que auténtico despropósito está neste momento gobernando no ámbito do Ministerio de Educación.

Por suposto, nós non somos nin queremos nin desexamos ser así. Por iso apostamos por unha vía clara, unha vía de diálogo, de planificación, un proceso, de verdade, participativo; non só de palabra, como nos teñen acostumados algúns dirixentes gobernamentais. E todo o que estamos hoxe debatendo a través deste decreto foi pasado polos órganos correspondentes e tivo a participación dos colectivos afectados.

Como xa dixen, o novo decreto dá un paso adiante. O novo decreto tamén serve para reafirmar aquelas medidas e aqueles programas que xa estaban postos en Galicia antes da aprobación da lei; por exemplo, as dobres titulacións, unha FP adaptada ás necesidades da empresa, o desenvolvemento de ensinanzas plurilingües, tamén os dobres ciclos, tamén o desenvolvemento de ensinanzas modulares. É dicir, todas aquelas cuestións que se estaban desenvolvendo en Galicia e que foron incorporadas polo Goberno do Estado ao seu marco legal. Posteriormente a súa aplicación, como xa dixen, foi un auténtico desaguisado.

É obvio que o Goberno socialista tratou de sumarse ao prestixio da Formación Profesional, ao prestixio que se estaba logrando en moitas comunidades autónomas, entre elas, por suposto, en Galicia. O que se buscaba era parasitar o traballo que estaba avanzado nas comunidades autónomas e, ademais, facelo tarde, mal, sen consenso e, se se quere dicir, tamén véndoselle absolutamente o plumero. No sentido de que en moitas ocasións escoitamos moitos dirixentes socialistas dicir que o Goberno socialista do señor Sánchez aprobaba a Formación Profesional. Transferiron fondos ás comunidades autónomas. Si, fixérono, cando eran fondos europeos. E simplemente entraban do ámbito europeo e distribuíanos a quen tiñan as competencias, que eran as comunidades autónomas. Pero ¿que está pasando cando os fondos europeos desaparecen neste ámbito? Pois que simplemente a presenza do Ministerio desaparece. Ese é o apoio que lle dá neste caso o Goberno socialista á Formación Profesional: desaparece. Non existe compromiso e houbo unha desaparición practicamente absoluta do Ministerio, do Goberno, de apoio á Formación Profesional.

Creo, señorías, que Galicia non pode, neste contexto, mirar para outro lado. A Formación Profesional consolidouse nos últimos anos. Ten unha senda de crecemento sostido. A través da estratexia galega de FP estamos mobilizando ao redor de 1.500 millóns dende o ano 2020. Nós temos que garantir a estabilidade, temos que planificar, temos que dar oportunidades ao tecido produtivo e temos que dar, sobre todo, oportunidades de futuro para o alumnado.

Como xa dixen, a Xunta estivo antes, estivo durante e imos seguir estando. Outros intentaron poñerse na foto aproveitando os fondos europeos e, unha vez que desapareceron, tamén desapareceu o pretendido ou finxido apoio que se lle daba á Formación Profesional. *(Aplausos.)*



Como dicía ao inicio, cinco son os eixos vertebrais que dan coherencia ao actual decreto e que desexan as liñas mestras da Formación Profesional do futuro.

O primeiro é o deseño dunha oferta formativa máis especializada e flexible; o segundo, o reforzo da conexión co tecido produtivo e a colaboración público-privada; terceiro, impulso á innovación; cuarto, orientación profesional integral e apoio a quen máis o necesita; e quinto, o avance na internacionalización da nosa formación profesional.

E comezo polo primeiro eixo, que está centrado na adaptación da oferta ás necesidades das persoas, das empresas e do territorio. Temos claro que a formación non pode ir por detrás da economía nin pode estar de costas ao mercado. Debe ser áxil, debe ser flexible, debe ir en paralelo ás demandas da sociedade civil e, por suposto, dos sectores produtivos. E nos últimos cursos temos dado pasos moi relevantes nesta liña.

O primeiro deles, destes pasos, foi o impulso á formación de alta especialización, que foi algo pioneiro en Galicia, practicamente único, e que en moi pouco tempo se consolidou como unha das opcións máis demandadas e nas que estamos, como xa digo, sendo pioneiros no conxunto de España. De feito, nos dous anos que leva en vigor houbo un crecemento dun 30 por cento da matrícula neste ámbito. É unha modalidade deseñada con e para as empresas, para que os titulares de formación profesional se especialicen en perfís laborais moi concretos e de moi alta demanda.

O segundo paso, que comezamos este curso, foi a posta en marcha da denominada FP acelerada, que é unha nova modalidade —por certo, tamén única e pioneira en Galicia— que permite obter unha cualificación profesional nun tempo moi reducido, facilitando a incorporación inmediata ao mercado laboral sen pechar posteriormente a porta a que este alumnado complete a súa formación académica máis adiante. Tal como está deseñada, xa o acabo de dicir, só existe en Galicia e estou seguro de que vai inspirar —xa o está facendo— outras comunidades autónomas do conxunto de España. (*Aplausos.*) Como dicía, é tremendamente útil, porque estas formacións de curta duración, entre catro e seis meses, a nivel modular o que permiten é poder compatibilizar a formación co desempeño dun posto de traballo. Este ano é a primeira vez que se oferta e tivemos xa 350 persoas que optaron por esta modalidade. Estamos absolutamente seguros, que no futuro se vai incrementar o número de persoas que cursen nesta modalidade de formación profesional. E dicímolo porque suele ser o habitual. Cando se fai unha innovación deste tipo os primeiros anos comeza medrando pouco e de xeito sostible e, posteriormente, ten unha explosión. Pasou, por exemplo, coa FP dual, pasou tamén co ensino a distancia e estamos seguros de que esta oferta vai medrar no futuro dun xeito substancial para dar oportunidades formativas en sectores estratéxicos que demandan profesionais, demandas formativas para cubrir as necesidades de ocupación en moitos ámbitos.

Por suposto, isto non se fai de xeito improvisado. Deséñase dentro dun plan, do Plan Conecta, que puxemos en marcha hai xa dous anos e que imos renovar para poder seguir avanzando e afianzando a oferta que se fai dende a Formación Profesional, de xeito conxunto cos axentes económicos de cada territorio e tamén coas empresas do mesmo.



Outra das grandes novidades que achega este decreto ten que ver co deseño de itinerarios, de pasarelas que conecten a Formación Profesional coa Universidade. E aquí tamén teño que facer un enorme reproche ao Ministerio de Educación do Goberno socialista do señor Sánchez. Fíxense vostedes que contrasentido. Existe unha pasarela que posibilita que a un alumno que ten un ciclo de Formación Profesional parte dos seus créditos lle sexan recoñecidos se fai unha matrícula no ámbito universitario. Ata aí todo perfecto e moi lóxico. Sen embargo, no camiño inverso —é dicir, dun graduado universitario— os seus créditos non son recoñecidos no ámbito da Formación Profesional. Absurdo. Diremos: ¿por que? Por unha razón moi sinxela: o Ministerio foi incapaz de deseñar un camiño de dobre volta. E non será, señorías, porque non se lle dixo. Eu persoalmente tiveron xa varias reunións, en concreto xa no ano 2021, coa exministra Alegría, onde llo solicitamos por escrito e lle puxemos encima da mesa esta problemática. ¿Como é posible? Por suposto, boas palabras. Posteriormente tiveron a oportunidade de dicirllo a tres ministros de Universidades. Os tres dicían: «certo, conselleiro, isto é un absurdo». Estabamos todos de acordo. A seguinte pregunta: ¿que se fixo? A resposta é: nada. Dende o ano 2001 ata hoxe o Ministerio foi incapaz de facer o seu traballo, que era deseñar unha pasarela que posibilitase que un alumno cun grao universitario poida matricularse en Formación Profesional e teña unha convalidación dos estudos feitos na Universidade. Absurdo, porque ao revés pódese facer. Isto afecta practicamente o 15 por cento do alumnado de Formación Profesional que provén da Universidade. Ese, señorías, é outra vez máis o compromiso coa educación, co futuro, cos xóvenes que ten o Goberno socialista do señor Sánchez. (*Aplausos.*)

O segundo eixo é a conexión coas empresas, fundamental para ter unha alta inserción laboral e para estar á vangarda desde a perspectiva formativa, para poder formar persoas que se poidan insertar nos sectores produtivos e aportar competitividade aos mesmos. Hai que dicir unha cuestión que creo que é moi importante: aproximadamente, segundo o informe Dualiza, o 70 por cento dos xóvenes, o 71 por cento do alumnado, escolle a Formación Profesional pola conexión que ten co emprego. Realmente o avance na dualización, a maior presenza do alumno na empresa, foi un dos grandes acertos do sistema. Eu lembro nesta propia Cámara escoitar a portavoz do Partido Socialista —e fundamentalmente, eu diría máis, do Bloque Nacionalista Galego— posicionándose absolutamente en contra da Formación Profesional dual. Soáballes a empresa, soáballes ao mundo laboral, soáballes *al maligno*. Había unha especie de urticaria case comunista e aqueles alumnos que facían FP dual ou apostaban pola FP dual era algo absolutamente cuestionable e criticable.

A verdade é que a min non me deixou de sorprendere, porque todos sabíamos que era unha modalidade formativa tremendamente útil para o alumnado e tremendamente útil para as empresas e, por conseguinte, para a creación de emprego e por conseguinte para a creación de riqueza para Galicia. Pero a verdade é que desde o primeiro momento houbo un posicionamento contrario. Afortunadamente a Formación Profesional Dual medrou, seguiu consolidándose e houbo un vencellamento e unha serie de pasos consecutivos entre o mundo educativo, o mundo laboral e o mundo dos sectores produtivos que posibilitou estar nas cifras das que hoxe estamos falando e posibilita que haxa unha moi boa colaboración público-privada neste ámbito. De verdade é que esta colaboración público-privada é unha das grandes claves do éxito da Formación Profesional en Galicia, e debemos seguir apostando por ela. E por iso tamén neste decreto unha das medidas máis relevantes é a incorporación



de tres novas figuras docentes, figuras docentes que permitirán achegar a experiencia profesional das empresas directamente para as aulas.

Deseñamos tres perfís docentes. O primeiro é o que denominamos o profesor asociado, experto do sector produtivo. ¿De que falamos? Falamos de profesionais de recoñecido prestixio que poderán participar na docencia, especialmente na docencia de maior rango, é dicir, nos masters de FP e tamén nos programas da alta especialización. É unha fórmula que, señorías, leva anos xa funcionando no ámbito universitario. Sería homologar ao ámbito da formación profesional a figura tradicional do profesor asociado no ámbito universitario. ¿Para que? Para achegar a experiencia, o coñecemento, o bo facer de moitas persoas profesionais en empresas ao sistema educativo e poder desenvolver unha maior conexión coa realidade produtiva e tamén proxectos de investigación e innovación aplicada. Tamén hai outros dous perfís: as persoas expertas do sector produtivo que teñen un coñecemento técnico moi especializado, que ás veces é moi difícil de atopar no sistema educativo, porque é moi innovador, porque é moi novidoso. É necesario formar no máis vangardista o alumnado e para iso imos poder incorporar persoas expertas do sector produtivo con coñecementos moi especializados. E tamén unha terceira figura é a figura da persoa experta sénior, que, procedente tamén da empresa, permitirá que profesionais en activo cunha ampla experiencia poidan colaborar coa formación profesional.

Por suposto, isto ten que servir para reforzar a conexión entre a empresa, os centros educativos, os institutos, e o profesorado. Tamén temos que fomentar e potenciar —e tamén o decreto o contempla— a actualización permanente dos currículos e do propio profesorado, e facémolo obviamente a través de medidas formativas como poden ser: estadias nas empresas, que un profesor de Formación Profesional poida ter unha estadia de estudos nunha empresa; e tamén pola maior capacitación que posibilita unha maior especialización do profesorado e por conseguinte unha maior capacidade de formar os alumnos nos aspectos máis innovadores e novidosos.

Como xa digo, apostamos pola colaboración público-privada. E hai tamén un dato que creo que é tremendamente relevante que quizais sexa un indicador máis —quizais non; é un indicador máis— de que estamos indo na boa dirección e que é que os perfís dos máis mozos —é dicir, aquelas persoas entre 16 e 24 anos, digamos un perfil no cal a persoa ten que pensar que quere ser, por así dicilo, de maior, cal é a súa vía de futuro— unha porcentaxe de ao redor do oitenta por cento, segundo o informe Dualiza, considera que a Formación Profesional responde mellor ás necesidades reais do mundo laboral e por iso se matriculan niso. E é moi importante para lograr esta conexión que haxa unha flexibilización constante dos currículos, é dicir, que poidamos adaptar dun xeito áxil e rápido as ensinanzas ás necesidades do mercado laboral. Tamén é moi importante que se estableza, e así o fai o decreto, a posibilidade de que determinados módulos profesionais poidan impartirse nas propias instalacións das empresas, en contornos produtivos reais. E que ademais —e isto fai o decreto— se regule cunha gran precisión a formación nas empresas.

O terceiro eixo é o impulso á innovación e á investigación aplicada. Actualmente tamén é un dato moi importante: oito de cada dez alumnos galegos consideran que a formación que reciben no ámbito da Formación Profesional, no tocante ás novas tecnoloxías, está en liña,



está acorde coas necesidades do mercado laboral e dos sectores produtivos. Ademais, —estamos falando dun 75 por cento— cre que esta formación é moi útil para atopar traballo e desenvolverse nos sectores máis dinámicos da economía actual. Galicia, que é unha das comunidades autónomas dentro do conxunto de España onde máis medra o emprego en I+D+i, ten a necesidade de ter profesionais altamente cualificados. E por iso debemos acompañar este crecemento dende a formación. Isto estalle correspondendo xa ao centro Eduardo Barreiros, que vai ser —xa o é, pero vai ser aínda máis e refórzase neste decreto— o motor que impulse a innovación e a tecnoloxía aplicada no ámbito da Formación Profesional. E isto vaise facer a través dun plan, do plan Innova FP, que xa tivo unha primeira fase, que posibilitou ter uns moi bos resultados; por exemplo, Galicia conta con 115 espazos de tecnoloxía aplicada onde o alumnado traballa coa tecnoloxía real de última xeración en practicamente todas as familias da Formación Profesional. Temos 34 viveiros de empresa —no ano 2009 eran 6— e están en marcha 650 proxectos de innovación en colaboración coas empresas. Os resultados están aí, temos que seguir avanzando.

Temos programas como o Innovatech, onde o mundo empresarial lanza retos ao mundo educativo e son os estudantes, os profesores e tamén profesionais das empresas quen dan resposta a eses retos. Estanse xa deseñando e creando varias empresas ao amparo do programa Innovatech. E incluso xa temos unha patente rexistrada. É a primeira patente de España no ámbito da Formación Profesional. Creo que é moi importante que deamos ese salto, que é un salto cualitativo no ámbito da Formación Profesional. (*Aplausos.*) E, para dar amparo a isto, imos pór en marcha un decreto para amparar a propiedade intelectual do alumnado e dos centros de Formación Profesional que, Deus mediante, ao longo deste ano será aprobado.

A verdade é que queremos tamén ir máis alá. Temos un compromiso de lexislatura de crear a primeira rede galega de centro de innovación avanzada, que o que vai posibilitar e o que vai fomentar basicamente é a transferencia real do coñecemento adquirido nos centros de Formación Profesional cara aos sectores produtivos. Imos tamén avanzar na promoción de novos espazos de tecnoloxía avanzada, que serán promotores para os polos tecnolóxicos e tamén polos de aprendizaxe. A maiores temos un proxecto no cal temos moitas esperanzas, que é o proxecto Xenialgal, un proxecto que estamos presentando ao amparo da denominada compra pública innovadora, que está neste momento pendente de resolución, que é unha iniciativa estratéxica autenticamente innovadora e que vai actuar sobre o traballo en prácticas do alumnado, a creación dun sistema intelixente de orientación ou tamén a xeración automática de experiencias reais para o alumnado. Como xa dixen, este proxecto está pendente de resolución dentro do ámbito da compra pública innovadora.

En cuarto lugar, falamos de orientación integral ao alumnado. Obviamente orientar significa proporcionar ao alumnado a información necesaria para que este poida tomar as súas decisións con maior coñecemento de causa, tanto no ámbito puramente educativo como tamén no ámbito laboral. Con isto o que pretendemos basicamente é reducir o abandono escolar, dar oportunidades e formar profesionais de futuro.

Nesta liña é fundamental e básica —valla a redundancia— a Formación Profesional Básica. Este curso incrementamos a oferta de ciclos de básica. Con iso o que facemos é dar a máis



alumnado máis oportunidades de continuar dentro do sistema educativo e, posteriormente, ou ben avanzar cada niveis formativos superiores, ou ben insertarse no mercado laboral xa cunha cualificación profesional adquirida.

Neste senso, e tamén con base no novo decreto, plantexamos o deseño dun itinerario integrado de FP que lle permita aos alumnos de Formación Profesional Básica continuar de forma directa os ciclos formativos medio, sen ter que realizar unha nova solicitude. Tamén puxemos en marcha a denominada Formación Profesional Básica para adultos, con proxectos piloto. Témoslos en mantemento de vehículos ou servizos administrativos; por certo, cun crecemento moi potente nos últimos anos.

Temos tamén un plan que temos presentado no seu momento, que é o plan FPGal 360. ¿Que estamos facendo con este plan? Por suposto, imos reforzar todo o que ten que ver coa orientación ao alumnado, utilizando ferramentas incluso de orientación profesional, o OPI Orienta, que permite unha orientación moi personalizada ao alumnado. Xa falamos antes do lanzamento dun programa que é o Cualifica Talento, e, por suposto tamén estamos reforzando as acreditacións profesionais para as persoas xa traballadoras. Hai moi pouco faciamos un informe ao Consello da Xunta onde dicíamos que nos últimos anos acreditáramos 26.118 persoas, das cales aproximadamente o 50 por cento nos últimos cinco anos.

Hai unha liña de traballo da cal me sento especialmente orgulloso, que é a posta en marcha —facémolo este curso— da Formación Profesional Básica Adaptada, adaptada a aqueles alumnos con necesidades educativas especiais. Buscamos con iso realmente darlles oportunidades formativas laborais e de futuro. Estamos, sen dúbida ningunha, con esta formación profesional básica adaptada, dando oportunidades a quen máis o necesita. Queremos favorecer a inclusión e reforzar a atención á diversidade cun acompañamento personalizado a aqueles alumnos con necesidades educativas especiais. Estámolo facendo da man duns in-mellorables socios, que son as entidades de educación especial e de atención á diversidade. Hai tamén moi poucos días asinamos un novo convenio con elas para poder potenciar e profundizar a formación profesional básica adaptada a necesidades especiais.

O quinto eixo é facer a nosa formación profesional máis internacional. Tamén actuamos dende o novo decreto. É obvio, estamos nun mundo cada vez máis global e tamén a formación debe ter unha dimensión cada vez máis internacional, para que os galegos de hoxe poidan competir no futuro en calquera parte do mundo. Falamos de plurilingüismo, falamos de participación en proxectos europeos ou falamos do desenvolvemento de titulacións internacionais que se regulan neste decreto. En incorporación de linguas estranxeiras temos avanzado moito nos últimos anos; de feito, non é casualidade que o alumnado galego sexa líder estatal no conxunto de España en competencias en lingua inglesa. Por certo, Castela-A Mancha é a peor; Galicia é a mellor e Castela-A Mancha, onde gobernou practicamente toda a historia democrática o Partido Socialista, é a peor.

No caso da Formación Profesional, temos 108 ciclos formativos plurilingües. Dende hai xa dous cursos impártese un módulo de inglés profesional, en habilidades comunicativas e lingua estranxeira. Temos tamén metodoloxías innovadoras, como a metodoloxía [...], que facilita que o profesorado poida interactuar con recursos educativos específicos en lingua



inglesa. E agora imos dar un novo paso, que vai consistir na introdución e no deseño de currículos de carácter internacional, de tal xeito que, combinando o currículo de dous países, poida ter unha titulación dobre; por suposto en España e, por conseguinte en Europa e tamén no país co cal teñamos un acordo. Creo que é un paso moi importante que vai posibilitar simultaneamente titulacións de dous países e imos crear títulos internacionais mediante o deseño conxunto con outros países e, por suposto, a sinatura de convenios para poder facelo. Estamos xa traballando para poñer en marcha un nesta lexislatura, o primeiro como experiencia piloto, e pensamos que é unha grande oportunidade, fundamentalmente para os mozos e mozas descendentes de galegos que están en Latinoamérica. Ímoslles dar a oportunidade de ter unha titulación dobre que poida ser recoñecida no seu país —Arxentina, Venezuela ou onde sexa— e tamén en España.

E remato xa. A Formación Profesional —como veño dicindo— é hoxe sinónimo de prestixio, de confianza e de utilidade. En canto ao prestixio social —xa o dixemos—, a confianza nas empresas da sociedade é fundamental. E, por suposto, a utilidade. É moi útil para o alumnado que se forma que poida empregarse e é moi útil para as empresas, para os sectores produtivos, que poden captar profesionais ben formados, ben cualificados e aportar, por conseguinte, competitividade ás súas empresas e poder seguir xerando emprego e xerando riqueza.

Pero tamén, ademais de todo isto, é unha ferramenta de oportunidades, para que quen queira formarse e estudar neste ámbito poida incorporarse con rapidez ao mundo laboral. Oportunidades tamén para quen precisa unha segunda vía, unha segunda oportunidade, e tena no ámbito da Formación Profesional. Hai moitísimas persoas que buscan na Formación Profesional unha segunda oportunidade vital; búscana e atópana. E tamén oportunidades para que Galicia siga medrando con talento propio, innovando e competindo nun contexto global cada vez máis exixente. E, sobre todo, tamén oportunidades para aquelas persoas que máis o precisan, co obxectivo real e firme de favorecer unha inclusión real na sociedade.

Por suposto, as liñas que presentamos hoxe non son un punto e final, nin moito menos. Son o inicio dunha nova etapa para consolidar un sistema de Formación Profesional moderno, flexible e conectado coa realidade social e económica. É un sinónimo, sen dúbida ningunha, da Galicia Calidade que todos desexamos. É un modelo que xa é un referente non só en España, senón tamén a nivel internacional.

Neste proxecto, dende logo, seguimos contando, e así queremos facelo con todo. Queremos e quero aproveitar este momento para dar un agradecemento público ao profesorado, ao inxente traballo, o importantísimo traballo que fai o profesorado no ámbito da Formación Profesional, porque entre todos —entre os centros, as familias, o alumnado, as empresas e tamén a Administración— estamos convertendo a Formación Profesional nun verdadeiro motor de progreso e de cohesión social polo conxunto do territorio e polo conxunto de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Rolda dos distintos grupos parlamentarios. O representante do Grupo Parlamentario Mixto non se encontra no hemiciclo. Por conseguinte, pasamos ao Grupo Parlamentario Socialista. Señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Bo día.

Señor conselleiro, e do elefante na habitación, ¿que? Nada dixo. Veu falar aquí vostede de modernización, pero poderíamos comezar tendo que falar da modernización que lle fai falla á Consellería no seu plano global. (*Aplausos.*) ¿E despois dos nomeamentos que vostede asignou no DOG non vén hoxe dicir nin unha soa referencia? ¿Nin un só segundo para poder falarnos desa modernización que está defendendo a Xunta de Galicia nos postos importantes e claves dentro do seu departamento na súa totalidade?

(*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un titular de prensa.*) «*La última vez que hubo generales, en julio, salió bien la cosa.*» Aquí temos o exemplo do Partido Popular defendendo e ensalzando o franquismo, a ditadura franquista. (*Murmurios.*) Esta é a realidade, esta é a realidade. Si, a realidade. Deus, e non sei se Deus ou non, pero esta é a realidade, señorías do PP. Pero é que non acaba aquí a realidade, señor conselleiro. Vemos como continúa: «*La mujer es capaz de sangrar sin cortarse, es capaz de dar a luz sin corriente y algunos dicen que es capaz de tocar las narices sin siquiera acercarse, por causa de las dificultades fisiológicas que tienen con respecto al hombre*». Franquismo, machismo; e non chegaba só con isto, senón que tamén atopamos o recoñecemento da Xunta de Galicia a ese machismo nauseabundo que puidemos escoitar nestas declaracións. (*Aplausos.*) Ese é o recoñecemento da Xunta de Galicia. Si, señorías do PP, mal que lles pese, esa é a diferenza: uns apartamos os machistas e outros noméanos nos postos de responsabilidade. (*Protestas.*) Esa é a diferenza de vostedes e nós, esa é a diferenza. Por iso o nomean o señor Freire no posto de director territorial de Educación. Ese é o exemplo que vostedes queren seguir, por suposto que si.

Pero non chegaba con iso. É que o Consello de Contas tamén está facendo unha inspección respecto a iso, e voume referir ás propias declaracións, non miñas: «*Llaman la atención algunos conceptos respecto a las facturas de copas y chupitos del PP de Noia*». O presidente da Xunta de Galicia fixo estas declaracións. E, a continuación, despois de todo isto, deste elenco de machistadas e de ensalzamento do franquismo, o que vimos é a declaración do presidente da Xunta e o señor conselleiro, que hoxe comparece para falarnos da modernización. Debe ser moderno e de «Galicia Calidade» este tipo de prácticas, señor conselleiro. ¿Iso é Galicia calidade? ¿Este é un exemplo que quere a Consellería de Educación implementar? ¿Esa é a Galicia Calidade que vostede vén aquí defender? ¿Esa é a modernización da Consellería de Educación? Ou ao mellor, como xa se dixo aquí por parte doutros cargos do Partido Popular, é que estas eran «outras etapas» do señor Freire e que era aperturista tamén do Franquismo, despois de dicir isto hai escasos meses ou hai escasos anos. Esa é a realidade, señor conselleiro.

E esta cuestión vostede defendeuna dicindo «que non se prexulgue». É que non prexulgamos, señor conselleiro; falamos de feitos, falamos de palabras, non estamos prexulgando, estamos lendo e interpretando o que dixo o señor Freire. ¿Este é o exemplo que queremos para os nenos e as nenas na FP e na educación, no modelo que ten que seguir o Partido Po-



pular aquí en Galicia? ¿Ese é o modelo que vostedes queren seguir? (Aplausos.) ¡É que polas súas compañías os coñecerán! Esa é a realidade.

Pero, á parte, é que a continuación —iso foi o que nos pediu o conselleiro— tamén nos dixo o señor presidente da Xunta de Galicia —evidentemente, é un veterinario de profesión— que nomeamos nun posto de Educación a quen pensamos que «*hará bien su trabajo*». ¿A que se están referindo vostedes, señor conselleiro, cando din isto? Porque a traxectoria de xestión recoñecida nun posto de educación dunha persoa que é veterinaria —un posto perfectamente respectable, só faltaba— e vai ocupar un cargo e unha responsabilidade de educación... Entón, esa experiencia da que vostedes falan —que nunca tivo un cargo, nunca fixo nada en materia educativa— non sei se é que xestionaba o currículo escolar dos carneiros ou lles daba clase ás vacas. É que vostedes, aínda por riba, intentan perverter os argumentos para chegar hoxe aquí sen cesar un machista, un franquista e unha persoa investigada, e iso é intolerable. É o primeiro que lle teño que dicir nesta comparecencia, señor conselleiro. Nós, si, reiteramos, pedimos e exiximos o cesamento inmediato desta persoa nun posto de vital importancia para o noso alumnado.

E, ademais, é que xa non é por que o pidamos nós, señor conselleiro. É que o din os decretos que vostede asina e que se publican no *Boletín Oficial*. Dio o Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia. Tanto que lle gusta a vostede facer referencia ao 2009, vexamos: hoxe referiuse varias veces para facer a comparativa do 2009. ¡Non había ningún delegado territorial nin machista nin franquista no ano 2009 cando marchou o Bipartito! Esa é a diferenza entre vostedes e nós. Outra vez, outra diferenza. Pero, a maiores, o artigo 11 dese decreto aprobado por vostedes o que dixo foi: «O nomeamento e a separación dos directores ou directoras territoriais efectuarase libremente pola persoa titular da consellería respectiva, atendendo a criterios de competencia profesional ou experiencia entre as persoas que reúnan os requisitos e o caso que consideren adecuado para o desenvolvemento da súa función».

¿Vostede considera que despois do que acabamos de escoitar esta persoa cumpre xustamente estas funcións que vai ter que desenvolver e defender o código ético da Xunta de Galicia? O código ético da Xunta de Galicia vai ter que defendelo esta persoa, e tamén o plan de actuación para a igualdade de centros educativos. Esta persoa que pensa iso das mulleres é a que vostede puxo ao mando: un delegado territorial para implementar estes dous plans, este código ético que teñen que asinar todas as persoas que forman parte da estrutura da Xunta de Galicia. E di o seu propio código ético, señor conselleiro: «En efecto, e como principal distintivo, o exercicio da actividade política administrativa na súa dimensión reguladora e a decisión de xestión non só require o cumprimento estrito da legalidade, senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da altísima responsabilidade que supón xestionar o que é o patrimonio dos galegos e galegas». Iso dino vostedes, señor conselleiro. Polo tanto, o que lle pido e o que lle exixo é que cumpra o código ético e, polo tanto, cese de inmediato esta persoa que vostedes nomearon e que é máis propio de ser protagonista de Machos Alfa ou de Torrente que realmente de ser delegado territorial da Xunta de Galicia en materia de educación.



Porque vostede falaba do camarote dos Irmáns Marx. Non sei se se refire ao Marx de «nós temos uns principios, pero, se non lle gustan, temos outros» e a que dá igual o que opine este señor para poder defender os dereitos das mulleres e a igualdade. Esa é a realidade. Ou, ao mellor, sería máis propio atopar este señor dentro dos cavernícolas de Sagunto que non queren incorporar as mulleres dentro das confrarías. Pois este tipo de prácticas, este tipo de exemplos, son os que temos que rexeitar.

E vostede veu aquí falar xustamente da modernización da FP. Ben, imos falar da modernización da FP e de Galicia Calidade. Vostede esqueceu algúns datos, porque evidentemente non lle convén poder dicilos. Pero mire, vostede falou de abandono escolar. Estou sorprendido, señor conselleiro, de que poida vir aquí sacar peito do abandono escolar. Vostedes levan dende que levan gobernando orzamentando unha partida e retirando sistematicamente e de maneira automática o 50 por cento dos fondos todos os anos, señor conselleiro. Todos os anos o 50 por cento dos fondos no programa —exactamente o 423B— de abandono escolar. ¡Retiraron o 50 por cento dos fondos, todos os anos! ¿E que nos ten vostede que vir dicir aquí respecto a iso. ¿Váinolo explicar?

Pero xa non só é porque o diga eu; é que o Consello de Contas no seu propio informe determinou, entre varios cursos —non só un curso, porque a propia réplica xa a coñezo: «que, non, é que iso é durante o curso escolar, que son dous anos»—, fala de varios anos, que deixaron vostedes 42,4 millóns sen executar, efectivamente, do orzamentado. Porque, se vostedes presentan un orzamento é para cumprilo, e non pode ser que leven máis de dez anos baixando de maneira sistemática o 50 por cento da partida de prevención do abandono escolar. Iso non é permisible.

E, ademais, vostede pon aquí en valor a formación profesional. Claro que si, ao traballo do profesorado nós tamén nos sumamos a darlles os parabéns. É que grazas a ese traballo que fai o profesorado é polo que a Formación Profesional en Galicia vai ben.

Porque, ademais, vostede fala permanentemente para criticar o Estado, coma sempre, pero, ¿vostede non ten competencias, non ten fondos propios? ¿Pódenos dicir cal é a execución dos fondos? Porque porcentaxes, cifras, números, coma sempre, veu aquí dar moitísimas. Pero, ¿por que non nos falou do 65 millóns investidos polo Estado ou dos 18,8 destinados á modernización? Para iso non poñemos en valor o que fai o Estado.

Pero do que si temos que vir aquí falar é de que se está desnaturalizando a función docente no modelo actual que vostedes están implementando. Que se pode facer unha cuestión moitísimo mellor. ¿Por que? Porque o profesorado no día de hoxe está pendente doutras cuestións que son alleas ás funcións pedagóxicas; como por exemplo: a prospección de empresas, a negociación de convenios, xestións administrativas e burocráticas... É dicir: burocracia, máis burocracia, lles impuxeron vostedes aos docentes. Iso é o que non pode ser, señor conselleiro; non pode ser á custa do traballo dos profesores e profesoras da FP.

Á parte vostede falou aquí de inclusión. ¿Pero de verdade que pode vir aquí sacar peito da inclusión na FP? Xa en xeral non poden falar moito de inclusión —porque están moi ben as cifras, os números etc.—. Pero, ¿de verdade que na FP básica se pode garantir a inclusión?



¿De verdade vostede pode vir aquí defender que existe unha inclusión real e efectiva para o alumnado con necesidades educativas na Formación Profesional? Sabe vostede que non. Diga aquí diante desta Cámara cal é o investimento que vostede destina; pero en xeral, non só o que ten que ver coa innovación educativa e especificamente con esta materia, senón que para ningún dos plans que vostede veu aquí referirnos hai ningún tipo de consignación orzamentaria para poder referirnos a eles. Queremos ir ao orzamento, imos ao orzamento, pero non os atopamos, porque non aparecen detallados de maneira específica cales son os puntos nos que se queren facer eses investimentos.

Polo tanto, dentro de todo iso, nós esta valoración que vostede fixo aquí non a compartimos. Evidentemente, dentro do debate parlamentario, consideramos que se ten que garantir unha FP accesible a todos e todos e gratuíta. E, cando nos referimos a gratuíta, é que ten que permitir a todos e cada unha das persoas acceder. E non me refiro a que haxa unhas taxas inasumibles; refírome a que a accesibilidade implica que as persoas teñen que poder chegar aos centros formativos, porque ten que haber un transporte escolar de calidade, ten que haber un material escolar accesible para esas persoas e que poidan acceder a todo iso.

Polo tanto, dentro deste panorama que nos atopamos, vostede puxo aquí os eixos dun decreto que xa está e que nos veu desenvolver. Pero o importante, señor conselleiro, coma sempre, tamén é o investimento e os cartos que destina a Xunta de Galicia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

AITOR BOUZA MANSO: ...—remato— para unha cuestión tan importante como a formación profesional. E non soamente vir aquí repetir «Galicia Calidade» tres veces, senón achegar máis fondos educativos para a formación profesional. Iso é o que nós lle demandamos na modernización da FP dual.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

Antes de que comece dámoslles a benvida e saudamos os alumnos e alumnas do ciclo formativo do IES Johan Carballeira de Bueu. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Benvido o alumnado de Bueu.

Outra vaca vai no millo, señor conselleiro. De novo nomean unha persoa cun perfil político moi botado ao monte nas segundas filas da súa consellería. Aínda que dende o BNG solicitamos a súa comparecencia no día de hoxe para que tamén dese explicacións sobre este propósito do Goberno do que vostede forma parte, queda claro que a covardía política do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza non ten límites. Tiran a pedra e esconden a man.



(Aplausos.) Pero todo o país coñece a estas alturas a última argallada dunha Consellería de Educación que camiña cara a un ensino controlado ideoloxicamente. Os que dan instrucións aos centros educativos para unha neutralidade ideolóxica, pois resulta que son os que forzan unha deriva cara á ultradereita, lonxe do pensamento crítico, da empatía, da igualdade e da inclusión, valores que deberan ser os que se fomenten nas aulas. Para vostedes, canto peor, mellor. ¡Moi ben!

Hai apenas uns días que vostede, señor conselleiro, acaba de nomear Director Territorial de Educación na Coruña a Santiago Freire Abeijón, o que era alcalde de Noia e Lousame, unha persoa que nada ten que ver coa educación nin de lonxe, nin de profesión nin pola súa experiencia. O único mérito que ostenta para o Partido Popular é que é unha persoa capaz de insultar sen problema, con ideario franquista e ultra e de apropiarse de fondos públicos para o seu desfrute —tamén dos seus compañeiros do Partido Popular, por suposto—. Porque o curriculum vitae do señor Freire non ten desperdicio. No ano 2017, sendo alcalde de Noia, na intervención que fixo nun acto do 8M xa se comentaron aquí as frases machistas que soltou por aquela boca; (*A deputada María Cristina Fernández Davila amosa un documento.*) nas eleccións xerais de xullo de 2023 para animar os seus compañeiros de partido dixo que «*la última vez que hubo generales en julio salió bien la cosa*». Moi ben. E hai apenas uns meses, en outubro do ano pasado, saíron á luz os documentos e facturas coas que xustificaba esa subvención que lle daba o Concello ao grupo municipal do Partido Popular entre 2019 e 2024, que eran dedicadas a «copas, papatorias e cuchipandas». Podo ler os exemplos, así moi rápido, que non teño moito tempo. No 2020, nun burger: reunión de traballo con afiliados, simpatizantes e membros da xestora, 528 euros. Nun bar, servizo de catering en reunións con asociados e simpatizantes: 898,75. Nunha taberna: reunión de traballo, 682 euros. No 2021, reunións de traballo tamén: taberna, 1.210 euros; nun restaurante, hotel e asador, 860 euros; restaurante arrocería, no 2022, 1815 euros; taberna, 890 euros. No 2023: hotel restaurante asador, 999,99, picoteo de Nadal. Bueno, moitos tickets con distintas bebidas alcohólicas —martinis, *Estrella Galiza* e demais—; pincho de Nadal, 1.870 euros; e unha cervexería, tamén 700 euros. Vale, pois está claro que incluso o presidente Rueda —como xa se dixo— non sabía como desculpar publicamente esta persoa.

Así pois, con este curriculum, ¿que criterios usou o Goberno, o seu Goberno do Partido Popular, para escoller esta persoa como responsable da Consellería de Educación na Provincia da Coruña? (Aplausos.) Cunha profesión de veterinario, dende logo, non foi; pola súa experiencia política como xestor, dende logo tampouco foi. Trampulleiro, bastante, porque o que facía era pagar facturas —como miramos— para ir de viaxe, para ir a bares e restaurantes e catering para os seus amiguets. Iso si, atrasaba os pagos dos alugueiros da súa sede en Noia. Este é o señor Freire. ¿En que mans imos ter a educación, señor Rodríguez? ¿Pode o Goberno da Xunta confiar a xestión e o control dos orzamentos da Consellería a un político que dilapidou durante anos en viaxar, comer e tomar chupitos cos cartos de todas e todos nós? (Aplausos.)

Mire, señor Rodríguez, nun sector tan sensible como é o da educación, ¿como imos permitir que esta persoa represente a comunidade educativa e dirixa a xestión dos centros escolares? O Partido Popular, en canto ao control ideolóxico, teno claro: está a meter o raposo dentro do galiñeiro. As ANPA de todo o país xa levantaron a voz o primeiro día de coñecer o no-



meamento, cun posicionamento claro en contra de que o señor Freire poida ocupar o cargo de director territorial. Por iso, hoxe dende o BNG reclamamos o seu cese de inmediato, porque unha persoa con semellante mochila ao lombo non pode estar exercendo da máxima autoridade provincial de Educación. Unha persoa que o único mérito que ostenta é o de ser político non pode ocupar un cargo que precisa ter unha visión ampla sobre a educación pública, a situación na que se atopa e os problemas que ten e que hai que solventar. Así que unha persoa sen empatía cara a cidadanía, sen valores de igualdade e de inclusión e con nesgos incluso fascistas non pode estar lexitimado para traballar a prol dunha educación pública inclusiva, igualitaria e respectuosa cos valores democráticos. Polo tanto, debe ser cesado de xeito urxente, e ínsto, señor conselleiro, a que na súa réplica nos dea as explicacións correspondentes a esta noticia escandalosa que publicaron hai uns días.

E mire, señor Rodríguez, na Radio-Televisión Galega, nin un titular sobre este tema. Pero, iso si, o que vostedes utilizan como tele PP si que vai sacar estes días esa noticia desa publicidade e propaganda que acaba vostede de facer. Iso si, unha propaganda e unha intervención que soamente servirá para tratar de ocultar a desfeita na que vostede ten sumida a educación pública galega, sen buscar solucións reais aos verdadeiros problemas que ten a comunidade educativa. Porque os papeis —realmente— que trouxo hoxe aguántano todo, aguántano todo.

Neste pleno, señor conselleiro, vén aquí usar este Parlamento como iso, como a tele PP, como ese altofalante que despois lles serve a vostedes para ocultar a falta de efectivos, de mellora das súas instalacións educativas —que están penosas— e dunha atención como é debido a todo o alumnado, sobre todo a ese máis vulnerable —cando a vostede se lle enchía a boca á hora de falar de inclusión—. As hemerotecas empéñanse en sacar á luz todos estes anuncios e titulares, que vostede leva anos e anos coa mesma retahíla sen que eses anuncios que vostede fomenta sexan en realidade efectivos.

En primeiro lugar, pódolle ler eu un: «Román Rodríguez avanza que Galicia dará este curso un novo salto á FP, con máis profesorado e unha aposta pola modernización e a innovación. Vai ser o primeiro curso de aplicación da estratexia de FP en Galicia 2030. A nova aula dispón de recursos didácticos virtuais e software de simulación para traballar nas principais áreas tecnolóxicas da dixitalización da industria». Isto apareceu na páxina da Xunta de Galicia o 30 de agosto de 2022.

Dous anos xusto despois, a mesma data: «Galicia inicia este curso a maior modernización do sistema educativo galego dos últimos 30 anos. O obxectivo é mellorar a atención ao alumnado, as condicións do profesorado» —case me dá a risa mentres leo isto— «e o funcionamento dos centros e adiantarse aos retos da sociedade cunha visión integral. Unha estratexia que responde a novos retos, adecuando a oferta da FP ás necesidades do tecido produtivo. O novo plan da FPGal360, que buscará reducir o abandono escolar». Ben, unha propaganda ao seu plan, que, lonxe de axudar o alumnado a acadar unha mellor formación, agochaba as verdadeiras intencións do Goberno do Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia: levar a FP cara a unha privatización.

Anuncian novidades que parecen melloras educativas, mais non o son. Detrás de cada unha delas agarda un novo espolio do ensino público e un novo problema para toda a comunidade



educativa. O Partido Popular gasta a rego cheo en tecnoloxía e intelixencia artificial, certo, pero desatende o que realmente se lle está a reclamar por parte da comunidade educativa: atención ao alumnado que o precisa e unhas condicións laborais dignas ao profesorado, pero tamén na Formación Profesional. A realidade é que non hai suficientes prazas públicas para que o alumnado poida estudar ciclos formativos que desexa, para atopar empresa onde realizar as prácticas ou incluso para acceder despois a outros ciclos ou mesmo ás universidades. E, mentres algo tan básico non estea enriba da mesa, é ben difícil poder traballar noutras liñas, señor conselleiro.

Espero que na súa segunda intervención poida centrarse en aportar solucións aos problemas educativos, así como no cese do seu nomeado director territorial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora García.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Bo día a todas e a todos.

Grazas, presidenta, por darme a quenda da palabra.

Señorías, conselleiro, despois de escoitar as intervencións do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego a min quédanme moi claras dúas cousas. ¿Aquí viñeron falar de FP? ¿Vostedes dixeron algo en positivo da FP galega e negan continuamente os datos? (*Aplausos.*) ¿Ou viñeron aquí enredar, montar ruído, facer propaganda e anuncios sen ningunha proposta en positivo? Isto é o que caracteriza sempre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia. Nin un só guiño ao modelo da Formación Profesional galega, e non será porque non teñen información ou porque non teñen datos —díxoos e relatounos moi ben o conselleiro na súa primeira quenda—. Teñen para escoller, pero sempre o fan en sentido negativo e co alarmismo que sempre caracteriza os dous grupos da oposición.

Como digo, estamos a falar da Formación Profesional e un discurso vacío, negacionista, con moitas sombras. Xa o tiñan vostedes escrito antes de entrar nesta Cámara. Escoitandoos a sensación é moi clara: non viñeron nin escoitar nin debater; viñeron confrontar e, como sempre, tamén repetir «privatización, recortes, repartir». O de sempre. Se non atenden aos datos, eu dígolles que o discurso quedalles un pouco máis que só ruído. Igual a cousa é máis sinxela e é un tema de desidia, de que non preparan as intervencións. Pero, ¿para que as van preparar, se xa —como digo— tiñan o discurso preconcebido e precocido?

Pola miña parte, eu si, polo de agora, quero falar da FP galega; por responsabilidade, por responsabilidade coa comunidade galega, cos alumnos, co tecido empresarial, con toda a comunidade escolar. ¿Por que? Porque ter Formación Profesional é ter emprego, é ter competitividade. Iso é o que necesita Galicia para ter un futuro claro. (*Aplausos.*) Un modelo, a FP galega, baseado no talento, no emprego e nas oportunidades. Porque verdadeiramente, se falamos de FP galega, falamos de máis de 70.000 alumnos en Galicia, un máximo histó-



rico, o dobre de fai quince anos; falamos dunha inserción laboral do 85 por cento, que chega ao 97 por cento na Formación Profesional dual. E isto non é propaganda, que é o que continuamente vostedes están a dicir aquí nesta Cámara. Estes son resultados, e só por iso convén dicilo con claridade: a FP deixou de ser unha segunda opción. Hoxe é unha opción de primeira na nosa comunidade, porque dous de cada cinco estudantes escóllena; porque cada vez hai mellores expedientes que apostan pola Formación Profesional galega. Prestixio, confianza e utilidade é o que referenda a nosa formación profesional en Galicia.

Pero hai algo máis importante aínda: sen empresas non hai FP útil. E dígoo con rotundidade, porque é o que nos diferencia a nós de vostedes, que seguen vendo a empresa como a mala da película. Do BNG a min xa non me sorprende nada, porque queren seguir instalados nun discurso ideolóxico moi lonxe da realidade. Máis de 21.500 empresas colaborando coa FP galega,

miles de convenios de FP dual cun tecido produtivo moi implicado no modelo. Como digo, non vai de ideoloxía, isto vai de emprego.

Saben que o modelo funciona, quéreno desacreditar metendo ruído, falando doutras cousas e derivando o debate a cousas que nada teñen que ver coa Formación Profesional. Vostedes sempre están no discurso da privatización pública. ¿Vostedes saben que o 85 por cento do alumnado de FP está na pública? ¿De que están a falar cando están falando de privatización? ¿Onde está esa privatización? Eu creo que nos seus contos, nos seus relatos. Da privatización durante o Bipartito non queren nin escoitar: creou en catro anos 213 unidades, unha media de 53 por curso. O 29 por cento de privatización co Bipartito; nós estamos por debaixo da media española, unha das cifras máis baixas no modelo galego con respecto á media de España. Somos a quinta comunidade con máis matriculas en FP e tamén a quinta con menos matrículas en formación profesional privada. ¿De que están a falar vostedes?

E falan tamén de recortes. ¡Pero se estamos en 1.500 millóns investidos en FP desde o ano 2022, desde a implantación da Estratexia galega da Formación Profesional! Máis de 3.000 millóns de euros na carteira de Educación este ano na Xunta de Galicia, un récord histórico con máis fondos propios e menos fondos europeos, eses fondos que nos recorta de continuo o señor Sánchez. (*Aplausos.*) Porque o señor Sánchez aposta con BOE, aposta con papel, con decretos incongruentes. ¿Con que aposta Galicia? Con cartos, esa é a gran diferenza. Isto non son os recortes; isto é apostar pola FP.

Grazas a iso Galicia fai algo clave: anticiparse á economía porque a formación ten que chegar antes á nosa cidadanía. Iso tradúcese en máis de 251 opcións formativas en 25 familias profesionais e unha oferta totalmente adaptada ao territorio, con novas modalidades. Unha formación moi flexible, con módulos curtos de entre catro e seis meses, que permite incorporar rápida e axilmente as persoas ao mercado laboral con innovación real. Isto é realmente un modelo planificado, un modelo colaborativo, un modelo inclusivo, un modelo flexible, un modelo que está en consonancia coas necesidades do mercado laboral e que tamén orienta os alumnos para que poidan integrarse nese modelo. Un modelo integral que evoluciona nun ciclo de mellora continua.



E hai outra serie de facetas que están incluídas e que relatou moi ben o conselleiro, que despois entendo que volverá remarcar porque, parece que se lle esqueceu a maioría das cousas que se van afianzar con este novo decreto que determina cinco eixes.

Mire, señor Bouza, da súa intervención, do minuto das 12:23 ás 12:31, eu non lle escoitei dicir nada nin bo nin malo da Formación Profesional galega. Unicamente falo do señor Santiago Freire. Mire, funcionario —coa cabeza ben alta o digo—: experiencia na xestión pública, cumpre cos requisitos. Nós gañamos as eleccións, nós somos os que decidimos quen goberna Galicia, non vostedes. *(Aplausos.)* ¡Non vostedes! *(Aplausos.)* Señora Fernández —máis do mesmo—, máis da súa metade da intervención co señor Freire. É que, claro, vostedes esconden os datos, non lles interesan os datos da Formación Profesional galega. Vólvo dicir, teñen vostedes unha falta de responsabilidade coa Formación Profesional galega, coa cidadanía, co tecido produtivo, con todos os membros do Consello Escolar e de toda a comunidade educativa. Veñen aquí única e exclusivamente falar diso máis da metade do tempo da súa intervención. Miren, xa que falan vostedes do señor Freire, eu vou falar do señor José Tomé, que aquí si que non o nomean, aquí si que o esconden. Aquí si hai silencio, aquí non hai escándalo. Un home cunha querela da Fiscalía. Iso si, aquí escóndeno, aquí calan. *(Aplausos.)* Isto non é política, señor Bouza e señora Fernández, isto é hipocrisía.

Claro, é que a min do Partido Socialista xa non me sorprende nada, coa acumulación constante de escándalos: Koldos, Ábalos, investigacións no contorno político e cercano do señor Sánchez, o presidente do Goberno... Miren, demasiadas explicacións pendentes como para vir aquí e ter que darnos vostede a nós leccións, ao Partido Popular. Miren, dar leccións, non; o que teñen que facer é dar explicacións, señor Bouza, é o que teñen que facer aquí. *(Aplausos.)*

Mire, para esta primeira quenda eu creo que hai dúas formas de estar neste debate: os que repiten o de sempre e bloquean e os que presentan resultados e constrúen, que o que está a facer a Xunta de Galicia. En Galicia, aquí, mentres planificamos, investimos, innovamos, o Goberno central lexisla sen diálogo, cambia as regras constantemente e xera inseguridade no sistema. Cuestionar a FP galega non é cuestionar un Goberno; é cuestionar o alumnado, o profesorado, as empresas e o futuro de Galicia. Ese futuro de Galicia que a vostedes lles importa ben pouco. Porque —volvo dicir— nin un só dato e máis da metade da intervención falando do señor Freire, director territorial da Coruña, que o nomeamos nós porque —vólvo reiterar— somos nós os que gobernamos. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)**(Protestas.)*

E nós témolo claro, a FP galega é de prestixio, de confianza. A Formación Profesional galega é de utilidade, unha máquina de oportunidades que forma, emprega e fixa talento. *(Murmurios.)* Nós apostamos pola FP. Vostedes queren sementar ruído, distorsionar, eludir o debate e recoñecer o modelo da FP galega. ¡Que ben lles veu esta noticia, señor conselleiro, do nomeamento! Parece que se aferraron a ese tema e que a FP galega pouco lles importa.

Máis nada, polo momento, nesta quenda. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Certamente, despois de escoitar os dous portavoz da oposición —o portavoz do Partido Socialista e a portavoz do Bloque Nacionalista Galego— vexo que hai moi pouco interese pola Formación Profesional. Vostedes viñeron aquí falar do que din vostedes, do seu libro, e falaron do seu libro. Eu vin falar do meu; o meu é a potenciación da Formación Profesional. (*Aplausos.*) Pero, obviamente, despois de escoitalos a vostedes, entenderán que a miña vea política non me deixe descansar se non lle fago algunha réplica a cuestións que non teñen nada que ver co libro do que estamos falando. Hai que ser moi valentes, moi ousados, tal como está o Partido Socialista, para dicir aquí na Cámara galega o que se acaba de dicir. Hai que ser moi valentes, moi inconscientes ou moi ousados. (*Aplausos.*) Porque falar de adecuación ao posto de traballo —eu supoño que o señor Freire saberá onde está o seu despacho—, falar de machismo, falar de acoso... Home, eu podería aquí empezar a repetir nomes coñecidos no conxunto de España e quedarme tan tranquilo, e faríamos un «y tu más». ¿Non?, ¿non o fariamos? (*Murmurios.*) Non, por suposto que non: Jessicas, Tomás, Koldos, Ábalos, Salazares, Zapateros, Begoñas... (*Murmurios.*) ¿Cantos máis quere que lle cite? ¿Cantas máis quere que lle cite? (*Aplausos.*) Pero, ¿vostede non se dá conta? (*Aplausos.*) No, o de Zapatero dígoo por Delcy. Á parte, Zapatero é unha persoa da que eu creo que hai que aprender. Mire que é un gran consultor que cobra unhas cantidades económicas por facer uns informes ben positivos. (*Risos.*) *Influencer*, seguramente, se fose *tik-toker* sería unha auténtica marabilla, sen dúbida ningunha. Mire, ¿pero vostede non se dá conta que o «y tú más», home, está ben se queremos facer ruído, pero é pouco vivificante, é pouco inspirador, ten pouco sentido?

Porque, mire, eu entendo a súa estratexia política e pódoo entender. Vostedes, que o seu nivel ético e moral como partido —non digo vostede como persoa, nin moito menos, nin se me ocorre— o nivel ético e moral do Partido Socialista, como globalidade, nos últimos anos é realmente para tirarse dunha ponte abaixo. E vostedes o que intentan é coller un caso e amplificado para que a sociedade, nese *totum revolutum*, pense que todos somos iguais. Amplifican para que a sociedade, os futuros votantes —por dicilo dalgún xeito—, pensen que somos todos iguais e que o desparrame ético e moral que teñen encima da mesa todos os días —hai un escándalo e todos os días ao día seguinte hai un máis grande que mata o anterior— nos sitúe a todos nos mesmos planos. E por iso fan tanta forza co señor Freire.

Dito isto —porque entenderá que non me podía reprimir a dicilo—, imos falar do libro da Formación Profesional. Obviamente, tamén antes teño que dicir outras cousas. Falou vostede de abandono escolar, por iso digo que é moi valente e ousado. Mire vostede, cando rematou Fraga, o abandono escolar estaba nun 23 por cento; cando rematou Touriño, un 26 por cento. O Bipartito incrementouno un punto por ano. Dende o ano 2009 ata hoxe pasamos dun 26 por cento a un 10, e temos que seguir baixando. (*Aplausos.*)

Vostede dime: «os cartos, os cartos». Mire, vostede di «os cartos, o importante son os cartos»; iso é unha visión política moi cativa, tremendamente cativa. Os cartos son importantes, pero é máis importante o que se fai cos cartos. Non houbo gobernos con máis recursos que o Goberno bipartito en Galicia e ¿que fixo no ámbito educativo? Empeorar todas as va-



riables educativas. E digo que é ousado porque, se fala de cartos, imos falar de cartos. ¿Vostede sabe canto é o orzamento global da Formación Profesional en Galicia —profesorado, gastos de funcionamento, reparacións, ampliacións, equipamentos, programas etcétera—? Estamos a falar de ao redor de 305 millóns.

Voulle dicir unha cousa: efectivamente, o Goberno socialista no seu momento puxo diñeiro; pero puxo non fondos propios senón fondos europeos, que eran e que viñan destinados ás comunidades autónomas e vostedes véndenos como se fosen propios. ¿Vostedes tiñan compromiso? Non, simplemente foron un *pasapalabra*. ¿Por que digo que foron un *pasapalabra*? Porque, cando eses fondos desapareceron, desapareceron os fondos do Goberno central. O compromiso era cero, fixérono por obrigación, fixeron como unha actividade de parasitar as comunidades autónomas. (*Aplausos.*) O dato é o seguinte. Mire, no ano 2025, o 86 por cento destes 300 e pico millóns eran fondos galegos; fondos do Estado, 14, efectivamente, o ano pasado houbo un 14 por cento de fondos estatais. En 2026 desapareceron os fondos europeos; seguimos co mesmo orzamento, cunha diferenza: Galicia pon o 96 por cento e o Estado —Madrid, os socialistas—, o 4, esa é a gran diferenza. Cando tiñan fondos europeos que non eran seus, simplemente pasábanos con gran presunción: «*El Gobierno de España está impulsando la Formación Profesional*». Cando desaparece ese fondo, desapareceu o compromiso do Goberno de España coa Formación Profesional. Pasamos, como xa digo, dunha relación 86-14 a unha relación 96-4. E estes son os datos, estes son os cartos que vostede di.

E dicíalle tamén que máis importante do que se ten é o que se fai co que se ten. ¿Por que digo isto? Hai moi pouco vimos un estudo feito na Universidade de Zaragoza onde dicía que no caso galego a Comunidade Autónoma galega era que máis rendibilizaba as partidas orzamentarias desde a perspectiva educativa e a que lles sacaba un maior rendemento. Non é só ter cartos, hai que saber que facer con eses cartos. É un debate político simple, absolutamente simplista, intentar avaliar unha política pública só con base nos recursos; hai que avaliala con base nos resultados, no que se fai co que se ten. E iso pasa en calquera ámbito da vida, na vida privada de calquera ou pasa na vida pública cando se administran recursos públicos. Eu non presumo de ser o que máis gasto. Eu intento gastalo o mellor posible, e a verdade é que hai informes, absolutamente independentes, feitos neste caso pola Universidade de Zaragoza, que nos din que Galicia é a comunidade autónoma na que máis se rendibiliza e máis impacta na perspectiva económica o esforzo que se fai no ámbito educativo. E dío porque hai unha ensinanza de calidade e de eficiencia no gasto. Isto é o que realmente é importante: xestionar os recursos públicos con cabeciña e obter resultados.

E hai unha crítica que tamén, a verdade, teño que afeala, non me queda outra, cando vostede cuestiona a formación profesional básica. Eu lembro tamén nesta Cámara e tamén no Congreso dos Deputados, porque esta formación profesional básica foi deseñada na época de Mariano Rajoy, dicir ao Partido Socialista que a FP básica non valía para nada; soberbia absoluta; agora son case defensores. Tamén é bo que se cambie de criterio, cambiar de criterio pois tamén é bo.

Miren, a formación profesional básica é fundamental e é unha estratexia para dar oportunidades a aqueles alumnos que teñen maiores dificultades de aprendizaxe, que ademais están nunha idade vital, como moitos dos chavales que están aquí escoitándonos hoxe, difícil



—a adolescencia sempre é difícil—. Teñen un papel fundamental para dar competencias, destrezas e habilidades profesionais a moitos alumnos que despois seguen estudando ou que despois se insertan cunha capacitación e cunha profesionalización no mundo laboral.

E, miren, en Galicia facemos un grandísimo esforzo e temos mimada a formación profesional básica. E estámolo facendo tamén en colectivos específicos; díxeno antes; o que pasa é que aquí parece que non se escoita.

Somos pioneiros en facer formación profesional básica adaptada a colectivos con necesidades educativas especiais. Firmamos hai moi poucos días convenios con entidades específicas de atención á diversidade. Só que deamos unha oportunidade a unha persoa que, de non facer esta formación, non tería posibilidade ningunha de insertarse no mundo do laboral e estaría absolutamente fóra —digamos— da sociedade tal como o entendemos, só con que fixeramos unha, xa estaría xustificado, absolutamente xustificado.

E que se cuestione a formación profesional básica, que é capaz de titular o 65 por cento do alumnado que a forma, os primeiros de España, pero con moitísima, moitísima diferenza, o 65 por cento dos titulados que a cursan, é un logro social absoluto, que, se o fixera o Partido Socialista, sería como a torre de Pisa. Pero, como o fai un goberno do Partido Popular, pois é algo que se cuestiona ou que non se ten en consideración.

E ben, señora Fernández, vostede recordoume cando se falaba de *los mojitos de La Habana*, ¿non? Só lle faltou citar *los mojitos de La Habana*; só lle faltou citalos; moito máis caros, ¡eh!, *los mojitos de La Habana*. Porque isto se tomaba nas tabernas do concello, nas tabernas do pobo, con simpatizantes, con militantes, dentro dos gastos habituais dun partido político, ¿non? Ir *tomar mojitos a La Habana* pois é outra cousa.

Pero ben, vostede incluso vén aquí dicir que ser político é negativo. Non, este señor é político. ¿E vostede e eu que somos? É como se para ser xestor pois de sanidade só pode ser un médico, ou para ser xestor en educación ou traballar politicamente en educación só poida ser un docente. Eu son docente, e falo dende a miña experiencia profesional, pero pode haber xestores ou políticos que traballan no ámbito educativo que non sexan docentes e poidan desempeñar o seu traballo e a súa función con total dignidade.

E, ben, despois vostede repetiu aquí os mantras habituais pois do entramado Bloque-CIG-UPG, bla, bla, bla: propaganda e privatización. Ben, a propaganda non tería sentido e sería propaganda, efectivamente, se non estivera acompañada de resultados, de datos concluíntes e creo que moi sólidos. Pero, ben, cando vostede cuestiona os resultados, di que estes resultados son propaganda, está cuestionando todo o sistema estatístico xeral de España, de Galicia, e está cuestionando a realidade, segundo a súa visión, e iso é moi habitual, sempre foi moi habitual na esquerda máis radical, como a súa —digamos—, do Bloque Nacionalista e de Podemos, etc., da esquerda da esquerda, que se di agora. Deben pensar que os galegos son tontos. Porque da súa intervención se conclúe que os galegos que fan formación profesional son tontos; tontos e tontas. ¿Por que? ¡Oia!, ¿é propaganda o incremento que houbo constante de matrículas en formación profesional? Se non valera para nada, se fora propaganda, só se pode entender en que os alumnos que elixen formación profesional sexan ton-



tos; se non, ¿como se explica? ¿Iso é propaganda, señoría?, ¿iso é propaganda? ¿Ou é propaganda a inserción laboral? ¿A capacidade de insertarse practicamente de xeito inmediato no mercado laboral, iso é propaganda? Claro que é propaganda. Si, si, sobre todo se o comparamos co que facían vostedes cando gobernaban ou co que facía a esquerda cando gobernaba. Cando gobernaba a esquerda, había a metade, menos da metade de alumnos de formación profesional. E dese menos da metade insertábase un terzo. Hoxe hai o dobre de alumnos e insértase practicamente o 100 por cento, na FP dual o 100 por cento e na ordinaria o 86 por cento. Pero para vostedes iso é propaganda, absolutamente propaganda. (*Aplausos.*) Ben, pois *bienvenido, bienvenido.*

Ou tamén é propaganda que aquí falemos dos programas educativos no ámbito da formación profesional que inspiran, teñen inspirado sen dúbida ningunha, o Goberno socialista para facer a súa lei do ano 2022; non hai dúbida ningunha co inspirado. ¿Iso tamén é propaganda? Ou os programas que nacen en Galicia e posteriormente se extrapolan a outras comunidades autónomas. Ben, é todo propaganda.

Igual cando vostedes falan de privatización; díxoo a señora deputada. ¿Cal é o momento da historia recente de Galicia, do século XXI en Galicia, cando houbo un maior peso da súa ensinanza privada en Galicia? A resposta é sinxela, e ¡fíxense vostedes que ousadía!: no Bipartito. ¡Manda chover na Habana!, ¡manda chover na Habana! É dicir, o momento no século XXI onde o peso proporcional da ensinanza privada —e o Partido Popular non ten nada en contra de ensinanza privada— é durante o Bipartito. E teñen a ousadía e a valentía de dicilo aquí en sede parlamentaria, como ten que ser, porque é o que manda o catecismo do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

E seguen falando de privatización. O 85 por cento do alumnado de formación profesional faino en centros públicos, o 15 por cento en centros concertados ou privados, que teñen exactamente o mesmo dereito, afortunadamente, porque vivimos nunha sociedade libre, de dereitos e obrigacións.

A matrícula comparativamente multiplícase por oito nos centros públicos respecto dos privados. No último ano creceu o dobre a matrícula nos centros públicos respecto dos privados. E, se imos aos números totais, fíxese vostede que privatización tan monstruosa fai o Partido Popular: na FP privada-concertada medrou en 211 alumnos, na pública 2.195; é dicir, multiplicamos por dez o crecemento. Pero vostedes, iso si, falan de privatización, como lle manda —volvo repetir— o seu propio calendario.

En definitiva, creo que, xa para rematar, para ir rematando, son vostedes tremendamente previsibles; é dicir, teñen unhas críticas de serie (privatización, recortes...), fan un seguimento absolutamente acrítico do Goberno socialista de España. Dá igual o que se invista, dá igual o que se reforce a oferta, dan igual os novos programas que existan, dá igual que a formación profesional de Galicia inspire, teña inspirado o Goberno central e este teña parasitado as nosas iniciativas; dá igual que se retire o diñeiro, como acabamos de poñer encima da mesa cos datos, porque non hai compromiso ningún por parte do Goberno socialista respecto da formación profesional. E iso é moi grave, moi, moi grave. E dígollo porque a formación profesional —creo que o repetín en moitas ocasións e creo que calquera persoa con



sentido común o ve— dá oportunidades, forma as persoas, dá competencias profesionais, persoas que despois se van insertar de xeito practicamente inmediato nos sectores produtivos, nas empresas, no mundo laboral; van ter unha vida digna e van poder desenvolver unha profesión que vai posibilitar que os sectores produtivos, por extensión Galicia, teñan maior capacidade competitiva e poidan xerar riqueza no país.

E se algo tan vertebral, un eixo central para Galicia, a vostedes lles dá absolutamente igual e ao Partido Socialista lle dá absolutamente igual, pois é realmente para estar preocupados. Tamén é certo que, cando vostedes gobernaron, os datos ratifican a despreocupación que teñen tido e teñen pola formación profesional.

E tamén, se imos un pouco atrás e facemos un pouco de memoria, todos os grandes pasos, os grandes fitos, as novas modalidades, os novos programas que se puxeron en marcha en Galicia nos últimos anos sempre recibiron a mesma cualificación por parte de vostedes, e é «non». Cando se puxo en marcha a formación profesional dual, vostedes eran «non». Cando se puxeron en marcha os centros integrados de FP, a súa resposta foi «non». Cando se puxo en marcha o ensino a distancia, que iso dá moita flexibilidade e moitas oportunidades a persoas que ao mellor non poden estar cinco, seis, sete horas no centro educativo, vostedes dixeron «non». Vostedes están dicindo «non» a todos e cada un dos grandes pasos, dos grandes avances que hai nesta materia, e estou seguro de que están dicindo «non», van dicir «non» ao novo decreto; xa o dixeron de feito nos medios de comunicación.

E, obviamente, ao final son dúas formacións políticas prexudiciais para a formación profesional. Xa o dixen: o Partido Socialista, por incapacidade, por desidia, por espírito de parasitar a formación profesional galega e doutras comunidades autónomas; o pouco que fixo, fíxoo mal. E, por encima, presumen de achegar fondos europeos —nunha sorte, como lle dixen antes, de *Pasapalabra*— ás comunidades autónomas. Iso si, cando eses fondos europeos desapareceron, o compromiso fundamental deste goberno desaparece. É dicir, moi pouco fiables, señorías.

E, por suposto, do entramado BNG-CIG-UPG, todo este entramado nacionalista, pois obviamente nunca escoitei nin unha palabra positiva da FP. Será, case quero pensar, porque lles soa a mundo laboral, lles soa a empresas, lles soa a sectores produtivos, lles soa a colaboración público-privada. É dicir, é unha posición ideolóxica contraria á formación profesional, que francamente a quen prexudica fundamentalmente é ao alumnado de formación profesional, que, se tiveramos que guiarnos por vostedes, estarían igual que a principios de século.

Afortunadamente, nós imos seguir traballando pola formación profesional. Pensamos que é a forma de axudar, de dar oportunidades a centos, a miles de mozos e mozas que queren labrar a súa vida, labrar o seu futuro cunha profesión dentro das empresas de Galicia. Queremos aportar futuro ás persoas, queremos aportar cualificación, queremos apostar —si— pola Galicia calidade, por unha Galicia calidade que teña profesionais ben formados, ben cualificados e que aporten valor nos seus sistemas produtivos.

E este decreto, como xa dixen ao principio, o que quere é ser un paso máis, un paso máis para ir adecuando a nosa estrutura formativa, para ir adecuando a nosa formación profe-



sional aos retos do futuro e tamén para ir posibilitando unha maior implicación público-privada, mellorar a oferta, ter unha maior conexión coas empresas, mellorar a orientación, mellorar a formación, deseñar itinerarios formativos moi positivos.

Non se falou aquí de como é posible que un goberno sexa incapaz en cinco anos de facer unha pasarela para convalidar créditos dende a universidade cara á formación profesional. Iso só se entende por desidia, por desidia absoluta e por pasotismo absoluto.

En todo caso, nós seguiremos traballando nesta liña, seguiremos dando pasos e seguiremos apostando pola formación profesional por convencemento, porque sabemos de onde vimos, sabemos onde estamos e sabemos onde queremos ir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda especial de aclaracións.

Entendo que o Grupo Mixto renuncia. *(O deputado Armando Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas de novo.

A verdade é que, señor conselleiro, é vostede o mago auténtico do escapismo, iso hai que recoñecerllo.

A verdade é que, cando o Partido Popular veu aquí hoxe dicirnos que non achegabamos propostas en positivo, non tiña nin moito que vender, ata o punto que a señoría do PP nin rematou nin esgotou o seu tempo; moito non tiña que vir aquí defender. E o 50 por cento do tempo que empregou foi para falar da crítica do que o resto dixemos. Moito non hai que vender no Partido Popular na formación profesional e moitas achegas en positivo tampouco se ve que hai.

E o señor conselleiro reprochoume que nós viñemos falar do noso libro. Pero mire, señor conselleiro, a páxina do libro do que hoxe falamos escribiuna vostede *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.)*. Esta é a páxina da que nós hoxe falamos. O nomeamento do director territorial, a páxina do libro escribiuna vostede, que, ata onde eu sei, é Román Rodríguez González, conselleiro de Educación. Polo tanto, ese é o seu libro, señor conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Alégrome de que estea de acordo comigo e de que a páxina do libro da que falamos é súa.

E, polo tanto, mire, o machismo, por desgraza, impera na nosa sociedade e ningún partido está libre de ter machistas nas súas filas, ningún partido. A diferenza está en como se combate o machismo por uns e por outros; esa é a diferenza. E nós expulsámoslos do partido e



vostedes noméanos en postos de responsabilidade ou directamente danlles aplausos cando marchan das súas responsabilidades ou noméanos senadores tamén, como o señor Baltar; non soamente hai que ir ao señor Freire.

Ese é o modelo, señor conselleiro. Claro que é un modelo distinto e un modelo ético e moral moi diferente. Porque, cando vimos analizar aquí a modernización da FP, tamén falamos da modernización da consellería cando nomea os seus representantes políticos nos cargos, e iso é moi importante.

E vostede falaba hoxe aquí da esquerda da esquerda. Mire, vostede nomeou un que é da dereita da dereita, que defendeu xustamente ese franquismo tan lamentable, que é o que hoxe nós repudiamos. Eu preguntolle directamente, señor conselleiro, para rematar este tema: ¿condena vostede as palabras que dixo o señor Freire en contra das mulleres? É fácil: ¿si ou non? ¿Condena o machismo remitido nas declaracións que fixo este representante, este cargo que vostede nomeou? ¿Condénaas? ¿Si ou non? ¿Vai ser cómplice destas palabras de machismo absoluto? Xa non imos falar do resto, pero pídolle que condene, á parte de exixirlle que cese este señor director territorial, as palabras de machismo, para que vostede non se converta en cómplice diso.

E mire, respecto do espírito de parasitos que repetiu en varias ocasións no caso do Partido Socialista, o único parasito que hai aquí é o señor Freire, (*Aplausos.*) que non quere marchar, nin con auga quente, de seguir tendo un salario público; ese é o único parasito, que o Partido Popular está alimentando de cargo en cargo, aínda que lle custe o que lle custe. Ese é o parasito único que podemos hoxe analizar.

Pero, a maiores, vostede veu aquí dicir que venden como propios os fondos europeos. Pero, señor conselleiro, se vostedes reciben fondos, dá igual de Europa, do Estado, de quen sexa, e o único que fan é vender, actuación si e actuación tamén, como se fora a Xunta de Galicia a que a fai. É que incluso nas publicacións que vostedes fan pon o logo só da Xunta de Galicia, cando son fondos de fóra, fondos que non pon a Xunta de Galicia. Iso é o que é unha vergonza, que vostede veña aquí criticar que o Estado pon fondos e vostedes poñen cero euros, invisten eses cartos e despois aínda por riba vén aquí dar leccións.

Pero ¿vostede que fixo con Raogal? ¿Pódenolo contar? ¿A que eliminou ese programa en canto se remataron os fondos? ¿Por que non achega vostede de fondos propios? Pode facelo, ¿verdade? ¿Por que non achega fondos propios para poder suplir esa carencia de fondos?

Pero, despois tamén de educación xeral —porque o abandono escolar non é soamente no ámbito da educación—, da formación profesional, vostede non me contestou. Por iso lle digo que vostede fai moi ben o do escapismo. Eu preguntueille, señor conselleiro, por que, de maneira sistemática, sistemática, dende hai máis de dez anos, vostedes orzan unha contía e a reducen á metade ao final do ano. Se é sistemático, unha de dúas: ou non saben orzar ou non saben xestionar, e, polo tanto, aí se ve, non soamente nos cartos e nas porcentaxes, como se goberna.

Esa é a diferenza, señor conselleiro. Claro que si. Por iso eu lle preguntaba, se é algo sistemático, por que non o pode explicar, se é algo absolutamente sistemático. O que pasa é que



ao mellor cre que non sabemos interpretar os datos, pero si sabemos poder ver cales son os importes que hai.

E, polo tanto, eu ao que o animo, señor conselleiro —nós estaremos defendendo a formación profesional sempre que sexa para mellorar, como non pode ser doutro xeito—, é á calidade do servizo, porque un sistema público forte é a mellor garantía para evitar que a formación se converta nun negocio educativo máis.

Para o que pode ser a modernización, vostede fala de modernización pero non fala de planificación, e fala de innovación pero non fala de financiamento e fala de empregabilidade pero non fala das condicións docentes. Aí é onde non coincidimos, señor conselleiro. Para mellorar a formación profesional, por suposto que estaremos aí.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Remato. A modernización da formación profesional non pode só ser tecnolóxica, ten que ser organizativa, pedagóxica e social, e por iso nós defendemos que a FP sexa unha FP pública, o primeiro de todo pública —para que non se lle esqueza a ninguén—, forte, inclusiva, gratuíta e de calidade. E, se a Xunta quere modernizar de verdade ese modelo, terá o noso apoio; se o que pretende é seguir trasladando responsabilidades aos centros sen recursos, terá a nosa crítica; ou, se se pretende a confrontación co Estado, tampouco conte con nós, señor conselleiro. Galicia precisa unha formación profesional á altura do talento do seu alumnado e do compromiso do seu profesorado.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Señor conselleiro, vostede vén aquí facer propaganda pura e dura mentres ten descontentos a todos os sectores da formación profesional, iso si, agás as empresas, porque a FP do Partido Popular precisamente está feita para agradar as empresas e vai contra as necesidades que ten o alumnado dentro das súas aulas.

Se este goberno do Partido Popular realmente apostara por unha FP forte e ben dotada para a formación do alumnado, estaría reorganizando o mapa de centros galegos para que as comarcas teñan acceso a ciclos relacionados cos seus sectores produtivos, facilitando un transporte escolar que garanta a proximidade ademais.

O Partido Popular autoriza estes ciclos na privada mentres non hai oferta pública, como acontece na Costa da Morte coa familia profesional agraria; empresas que se converten en formadoras do seu sector; colexios privados e concertados impartindo a FP pola caída da natalidade, academias de oposicións e empresas que non teñen nada que ver coa formación. Soamente en Vigo hai un 60 por cento da FP que xa está en mans privadas e que acapara as prácticas en empresas.



Se falamos dos datos, aos que a vostede tanto lle gustan, o alumnado de FP na privada aumentou un 60 por cento nos últimos anos, nos públicos tan só un 28 por cento. Agora un de cada seis alumnos está na privada, e iso vai en detrimento de quen non pode custear eses estudos.

Manteñen unha precariedade laboral, sobrecargando a burocracia ao profesorado, con horarios, categorías e salarios diferentes malia ter as mesmas funcións. O alumnado permanece sen profesorado por problemas coas listaxes de substitucións nalgunhas especialidades. O Partido Popular prexudica as direccións dos IES que imparten ciclos por falta de recursos económicos para o material preciso para contratar as actividades cando non contan coas instalacións ou talleres axeitados.

Na aplicación do decreto galego da FP, novas figuras, como o profesor asociado, do que vostede falaba, o experto do sector produtivo ou o sénior de empresa, contratados directamente polas direccións dos centros, non van ter os mesmos requisitos que se lle exige ao resto dos docentes. E hai dúas consecuencias claras: a redución do cadro de persoal docente e o empeoramento das condicións laborais, porque estas tres figuras abren a porta á privatización da docencia no sistema público, á privatización, señor conselleiro; un exceso de horas prácticas en detrimento do resto dos módulos e da calidade educativa nun 45 por cento, que vai repercutir na baixada de horas e na supresión de profesorado, así como na redución de contidos no resto dos módulos; ou a sobrecarga horaria no inglés profesional en familias profesionais onde non é para nada prioritario, cando o alumnado interesado xa estaba complementando a súa formación nas escolas oficiais de idiomas.

Suprimiron vostedes o módulo de lingua galega, no que o alumnado conseguira o Celga 4 na FP. É certo que no seu mundo tan pequeniño, do que vostede falaba, non existe o galego. (*Aplausos.*) Implementaron ciclos plurilingües con tan só 180 horas en lingua inglesa, que é insuficiente para acadar os coñecementos da acreditación. Crean a FP acelerada, que desvirtúa os coñecementos do alumnado para enfrontar con seguridade unha profesión, así como a sobrecarga do profesorado substitúe a formación que deba ser a cargo das propias empresas. Mantense a oferta con catro matrículas mentres hai centos de persoas en listaxe de agarda para outros ciclos formativos de maior interese. Coa implantación da FP adaptada, da que vostede falaba, obvian a igualdade de oportunidades e inclusión educativa do alumnado, cando a FP básica debía dar resposta, claro, sempre que vostedes aporten os efectivos necesarios para iso.

O BNG sempre vai estar en contra de separar o alumnado con diversidade, porque é un dereito para eles que poidan participar na comunidade educativa en igualdade de condicións para unha inclusión real e efectiva.

Así que, en definitiva, o Partido Popular demostra, unha vez máis, a falta de compromiso co ensino público, desviando recursos, prazas e alumnado, para beneficiar un gran nicho de negocio, ás empresas privadas, non tendo en conta a opinión e as demandas da comunidade educativa e tomando as súas decisións, como sempre, pola porta de atrás.

Conselleiro, compareceu hoxe, polo tanto, para ter o seu minuto de gloria nos medios e desviar a atención do que realmente está acontecendo. Vostede dirixe un departamento pensado uni-



camente nos obxectivos ideolóxicos do Partido Popular e aínda se permite falar de neutralidade aquí. Todo o grupo parlamentario aplaudía hai un intre cando a súa portavoz pois falaba do señor Freire; ben, dime con quen andas... e o resto da frase xa o coñece ben. *(Aplausos.)*

E, señor Rodríguez, quedounos claro hoxe, moi claro, que o Partido Popular precisa políticos e políticas que dean a cara por vostedes ante as familias, que sexan quen de ameazar as ANPA por protestar ante a falta de profesorado, pola precariedade das instalacións educativas ou pola falta de atención específica do alumnado con diversidade. O Partido Popular precisa tamén persoas con perfís de político matón para intimidar as direccións dos centros para que non faciliten datos ás familias, por exemplo.

E un goberno á fronte da Xunta que fai todo isto...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: ...é evidente que precisa persoas como o señor Freire, un cadáver político sen experiencia pero sen escrúpulos de ningún tipo. Hoxe, señor Rodríguez, deixe tanta publicidade e anuncie aquí mesmo, no Parlamento, a destitución desa persoa que acaba de nomear como director territorial na provincia da Coruña. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora García.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas novamente, presidenta.

Señorías.

Despois de escoitalos aquí na súa segunda quenda, a verdade é que xa queda bastante claro o que lles importa a vostedes a formación profesional, porque ou falaron pouco ou practicamente nada, nin do volume de alumnos que elixen a formación profesional en Galicia nin do volume de alumnos que representa o alumnado en formación profesional en Galicia con respecto a outras comunidades, nin dun modelo equitativo, universal, público —o 85 por cento dos alumnos están na pública, non distorsionen os datos—; un modelo accesible, adaptativo, inclusivo; un modelo que traballa cóbado con cóbado co tecido produtivo, porque realmente son eles os que van empregar os alumnos que formamos na formación profesional; un modelo que colabora coa innovación; un modelo que elabora e colabora con proxectos de investigación; un modelo que é o que realmente necesita a formación profesional galega para que a nosa comunidade sexa e siga sendo unha comunidade competitiva no futuro de España e a nivel internacional. *(Aplausos.)*

Miren, e dos poucos números que manexan, ou ben erran neles ou escóllenos para elevar a excepción á máxima categoría. Iso é o que vostedes están a facer de continuo neste debate. Porque, cando non poden discutir os datos, pois, como digo, escóllenos selectivamente ou ben cambian de tema, e iso hoxe fixérono con bastante claridade. Porque aquí hai algo de fondo que hai que dicir claro: o problema é que non entenden o modelo ou non cren nel e que non lles importa o modelo da formación profesional.



Mire, señor Bouza, vostede aludía outra vez aos gastos do 423B. Mire, xa llo dixemos en continuadas ocasións: os gastos cámbianse de partida, porque así se pode facer, a outras (a persoal, a funcionamento...). Ademais, o Consello de Contas compara o crédito inicial co final e, ademais, non o compara co ano natural. A educación funciona como o ano escolar. Señor Bouza, non distorsione, non aluda a cousas que non son e non omita a verdade.

E iso tamén se ve no discurso do BNG, co seu sindicato da CIG-Ensino: ataques á privatización, que ese modelo con ese decreto ataca o profesorado, falan de privatización, falan de redución de custos, incluso chegan a dicir que incorporar profesionais das empresas é un problema —dío a señora Fernández—, que a FP non pode contar con expertos do tecido produtivo, que só desprofesionalizan. Entón, ¿que queren vostedes? Para vostedes o problema é que a FP se pareza á realidade, a realidade que necesita o tecido produtivo. Para vostedes, a empresa é o inimigo do modelo. (*Aplausos.*) Pero, se son, entón, antiempresas, serán, entón, antiemprego. Prefiren unha FP pechada no despacho a unha FP conectada co emprego, prefiren a ideoloxía que a utilidade. E iso é moi grave, porque o que queren vostedes é afastar a formación profesional do mundo laboral, e iso é non defender o ensino público.

E despois, cando non poden co modelo, atacan as persoas. Si, a Santiago Freire, novamente dedicaron a súa segunda quenda a máis do mesmo. Claro que é un nomeamento político —xa llelo dixen—, non é arbitrario, nin discrecional sen criterio, cumpre cos requisitos. ¡Miren que lles gusta a política de desgaste! Pero, claro, eu volvo falar outra vez do señor José Tomé, ex-presidente da Deputación de Lugo, que segue como deputado do PSOE, co apoio do BNG; como alcalde de Monforte de Lemos, co apoio de nove, nove, concelleiros socialistas, que tamén apoiaron a subida do soldo do señor José Tomé. (*Aplausos.*) Cómplices dun machista. Señor Bouza, foron vostedes moi duros aquí en Santiago con catro concelleiros; (*Aplausos.*) si, moi duros. ¿Por que? Para proporcionarlle un asento no ámbito municipal. (*Murmurios.*) Señor Bouza, para soste un presunto delincente. Vostedes normalizan esta situación, pero para min o máis duro é ver como seguimos a escoitar escándalo tras escándalo no Goberno central. E niso dígolles eu que leccións, ningunha, máis ben explicacións. Mágoa, voceiros, que vostedes sigan respaldando o señor Tomé; maquiavélico, véndense vostedes por ben pouco.

E, como digo —repítollo, señor Bouza—, leccións do PSOE, ningunha: escándalo permanente do caso Koldo, contratos amañados, mordidas, empresarios amigos e prostitutas pagadas en comisións ilegais, dous secretarios de organización (Ábalos e Santos Cerdán) imputados, un deles ministro depurado pero aferrado ata moi pouco a unha acta de deputado; e case un terceiro, señor Bouza, o señor Paco Salazar. ¡Que bo ollo ten o presidente Sánchez!: tres secretarios de organización, os tres metidos en escándalos moi moi dubidosos.

Miren, repiten feminismo e educación. ¿Isto é respecto ás mulleres? ¿Isto é educación? E hoxe estamos a falar aquí de educación. Isto non é educación. E, fronte a ese ADN do PSOE, esa cultura, é unha cultura estrutural do PSOE.

Miren, non quero acabar así. Eu quero defender este modelo da formación profesional, a traxectoria e coherencia interna que temos neste modelo. Porque o importante hoxe aquí era falar da formación profesional, o que fixemos nós e que non fixeron os grupos da opo-



sición. Nós non queremos estar nun debate estéril, queremos máis formación, máis emprego, máis oportunidades, e iso é o que de verdade cambia a vida da xente.

Cada alumno que se forma, cada moza e mozo que atopa emprego é unha reacción máis para que en Galicia apostemos pola formación profesional. Ese é o país que queremos construír desde o Partido Popular, que goberna na Xunta de Galicia, un país de todos, de todas, para todos e para todas; un modelo que representa esa «Galicia calidade» que estamos entre todos a construír no Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Dúplica, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Ben, a verdade é que xa neste turno de peche eu tamén quero falar —como dixen ao principio— de formación profesional, e falar deste libro (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional mostra unha publicación.*)

Hai unha cuestión, señor Bouza, que lle vou dicir respecto da partida de abandono escolar, xa lle dixen tecnicamente como é. Ese argumento utilizouno o señor Guillermo Meijón xa hai moitos anos, fíxese vostede onde está o señor Guillermo Meijón. Pero, claro, vostedes falan: o abandono escolar está mal porque unha partida que tecnicamente ten unha explicación non se executa. Pero, e a caída constante ao longo dos anos, ¿que é máis importante?, ¿que é máis importante? A ver, que haxa unha caída constante, progresiva, anual do abandono escolar —co importante que é—; non hai nada máis inxusto que un mozo ou unha moza saia á rúa sen ningún tipo de preparación ou cualificación, porque iso lévaos a itinerarios vitais moi complexos e difíciles. ¿Que é máis importante? ¿Que tecnicamente haxa unha técnica contable orzamentaria ou que realmente se logre o obxectivo? Para nós é o obxectivo. Vostedes, o Partido Socialista, dende a época do señor Guillermo Meijón —e mire que pasaron anos—, levan repetindo en todos os debates a mesma cantilena e nós respondémoslles o mesmo. Ben, poñamos un empate, dialéctico, pero o importante é o resultado, e o resultado é a caída constante, progresiva, dos alumnos que pasan a abandono escolar, e iso é o que nos preocupa e o que nos ocupa.

E dito isto tamén, señora Fernández, vostede insiste constantemente —igual que o seu entramado político-social: Bloque, CIG, UPG, etc., etc.— na propaganda; dino sempre, sempre. Eu tamén digo: ¡oia!, pero ¿como é posible que vostedes non vaian ver os resultados da política educativa? Un alumno ou unha alumna que fai formación profesional e que se inserta no mercado de traballo, segundo vostedes, é propaganda. ¿Por que se matriculan os alumnos? ¿Por que a elixen como primeira opción? ¿Por que as empresas desexan ter profesionais formados no ámbito da formación profesional? ¿Por propaganda? Porque para vostedes é todo absolutamente propaganda.



Eu teño dito en moitas ocasións que a propaganda é intentar converter unha mentira en verdade; e vostedes, como partido político, fan propaganda á inversa: intentan converter unha verdade en mentira, e iso é moi complicado, case imposible de facer, e insisten e insisten e insisten.

Igual que coa privatización —sempre o din—; é igual o que se faga, é igual o que se diga, que ao final a privatización e a palabra «recortes» sempre está no discurso do Bloque, sempre, sempre, sempre. É igual —xa lles dixen antes—, vostedes cuestionaron todos os avances, programas, proxectos, iniciativas e dinámicas que ao longo dos últimos anos se implementaron, se desenvolveron e tiveron bo resultado no ámbito da formación profesional.

E vostede acaba de facer na súa anterior intervención o mesmo: din «non» á formación acelerada —xa a cuestionan—; dixeron «non», están dicindo «non» aos profesores asociados. ¿Que problema hai? ¿Que problema hai en que un profesional cualificado, especialista nunha materia concreta, sexa capaz de compartir o seu *know hnow*, o seu coñecemento, co alumnado? ¿Iso é malo? ¿É malo para o alumnado? ¿É malo para o país? ¿É malo para as empresas? ¿É malo para a creación de riqueza? ¿Iso é malo? Porque, se é malo, pois realmente como formación política teñen moi pouco que aportarlle ao país.

Falan e incluso aquí cuestionan o plurilingüismo en formación profesional. As competencias lingüísticas nas linguas oficiais adquirense ata a ESO, no ensino obrigatorio; no ensino da formación profesional ten un carácter profesionalizante. E por iso, porque sabemos que estamos nun momento onde temos que apostar pola internacionalización, apostamos claramente por que haxa plurilingüismo na formación profesional. Fomos das primeiras comunidades autónomas que o fixemos, e despois obviamente, apareceu nunha lei do Estado, pero fomos os primeiros en facelo, que creo que iso é darlles oportunidades aos chavales.

Xa o dixen: Galicia é a comunidade autónoma de España onde os alumnos teñen o mellor nivel de inglés, e tamén dixen —díxeno nesta Cámara— que Castela-León é a peor. Creo que aquí se poden sacar moitas conclusións.

E tamén, para cuestionar a formación profesional básica adaptada, hai que ter moi pouco perfil social ou moi pouca sintonía social, moi pouca, como vostede fixo aquí; realmente hai que ter un corazón duro, jeh!, un corazón duro. Porque eu pódolle dicir que o ano pasado tivemos unha experiencia formativa nun instituto —a primeira que se fai en España— e os resultados que saíron de aí foron fantásticos; fixémoslo cun socio, con Aspronaga, e o que queremos é extrapolar ese modelo a máis sitios. E que se cuestione é realmente unha visión social pois moi dura.

E tamén falou vostede de Vigo. Vigo e a súa contorna é o territorio de Galicia onde hai unha maior oferta de formación profesional, en concreto 13.286 prazas. E a matrícula de formación profesional nos últimos anos medrou un 4,08 por cento na pública e un 0,1 por cento na privada; repito: o 4,8 por cento de incremento na pública, o 0,1 por cento na privada. E nós non temos nada en contra da privada, pero vostedes —que si o teñen— non se dan conta de que os datos non responden ao que vostedes din, á propaganda inversa que vostedes din.



E tamén vostede, señoría, ao falar de compañías, falar de compañeiros e compañeiras que ten o BNG, coas fotos que se fai o BNG con algún partido político, cuxos membros todos sabemos o que foron e o que foron capaces de facer non hai moitos anos, é realmente para bostarse a temblar. (*Aplausos.*)

Igual que cando vostedes toman como modelo —porque case parece un chiste— publicamente o Partido Comunista de Vietnam; é que o BNG se ía unir ao Partido Comunista de Vietnam en estratexias, programas e liñas de colaboración. Iso é un chiste, ese é un chiste de Torrente; (*Murmurios.*) basicamente, iso é un chiste absolutamente que podería saír en calquera das series de Torrente. Realmente sorprendente —digamos— a perspectiva ideolóxica ou —digamos— o mimetismo ideolóxico que teñen vostedes.

En todo caso, aportáronse datos, non lles fixeron nin caso aos datos, pero os datos están aí. (*Murmurios.*) Vostedes estamos seguros de que van seguir cuestionando e dicindo que «non» practicamente a todo; pero nós imos dicir tamén o que temos que dicir, porque é a realidade da Galicia de hoxe, e a realidade neste caso da formación profesional galega.

E imos seguir falando de que temos máis alumnado que nunca, afortunadamente, porque cada alumno é unha oportunidade de futuro. Que cada mozo, cada moza ou cada persoa que, non sendo tan moza, busca unha segunda oportunidade ou cada persoa que ten dificultades de aprendizaxe ou algún tipo de discapacidade pode formarse na formación profesional é para estar absolutamente orgullosos de que lles estamos dando unha oportunidade formativa, laboral e de futuro a estas persoas.

E canto máis se inserten no mercado laboral grazas á colaboración das empresas, mellor. Porque a educación, en xeral, e a formación profesional, en particular, non é un fin en si mesmo, é un medio. E é un medio para darlles oportunidades aos centos, aos miles de persoas que queren desempeñar unha vida plena cunha formación e cun traballo.

Ou cando se fala da colaboración coas empresas. Imos seguir traballando e colaborando coas empresas, sen dúbida ningunha, ou innovando ou buscando novas vías. Non teñan a menor dúbida de que imos seguir nesa liña, porque entendemos que é a liña que lles convén, primeiro, a cada un destes alumnos a nivel individual; segundo, ás empresas de Galicia; e, terceiro, ao conxunto de Galicia como país.

Creo que temos que seguir traballando e mellorando, quedan moitísimas cousas por facer, queda asentar aínda máis unha auténtica política de país estrutural como é a formación profesional. Temos que seguir fixando talento ao territorio. Xa dixen antes que o 96 por cento dos alumnos que fan formación profesional quedan en Galicia durante o seu primeiro emprego.

Temos que mellorar a cualificación das persoas, a competitividade das empresas, xerar emprego de calidade, crear cohesión social; dar, en definitiva, oportunidades para que todas as persoas poidan desempeñar unha profesión digna e poidan ter —ben sexa nun ciclo acelerado, ben sexa nun ciclo de alta especialización, ben sexa nun máster, ben sexa nun ciclo de FP básica adaptada ás necesidades educativas especiais—, todos, en cada unha das súas cir-



cunstanCIAS, poidan formarse, adquirir competencias, adquirir destreza, e, en definitiva, poder medrar como persoas, como profesionais, e poder facer a súa vida nunhas condicións mellores.

Xa remato, dicindo que o actual decreto pois é un paso máis nunha axenda, nun camiño no cal non nos imos despistar. Como xa dixen antes, sabemos o que queremos facer e temos un compromiso constante —nós non retiramos os fondos europeos cando nos chegan—, absolutamente certificado, pola formación profesional, porque sabemos que apoiar a formación profesional é apoiar miles e miles de persoas e apoiar, en definitiva, o futuro de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Hoxe, 24 de marzo, é o Día Nacional da Memoria pola Verdade e a Xustiza na Arxentina, unha data que tamén se celebra aquí en Galiza, porque houbo moitas vítimas galegas do golpe militar da Arxentina de 1976. Por iso queremos trasladar desde aquí toda a solidariedade para o pobo da Arxentina que, cincuenta anos despois do golpe militar, segue reclamando verdade e xustiza. (*Aplausos.*) Verdade e xustiza que tamén reclamamos en Galiza noventa anos despois do golpe militar fascista de 1936, do golpe militar e o xenocidio que celebra o novo delegado territorial de Educación na Coruña, o señor Freire. Vostedes levan o ADN franquista fundacional, lévano en vea e non se desprenden del. Este señor, señor conselleiro de Educación, non cumpre os requisitos mínimos para ocupar un posto de responsable público (*Aplausos.*) pola súa falta de exemplaridade na xestión dos recursos públicos, pola súa falta de educación e pola súa falta de respecto ás mulleres e ás vítimas do franquismo. ¡Ten que cesar inmediatamente este señor, señor Rodríguez!

O que pasa é que temos un PP aquí na Galiza que está botado ao monte. (*Murmurios.*) Aínda que o presida a reencarnación do Dalái Lama, o señor Rueda, está botado ao monte, e vémolos na súa actuación en todos estes temas que estamos falando... (*Murmurios.*) Tranquilícese,



tranquilícense, que estou empezando. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Estamos empezando! Non se poñan nerviosos, que estamos empezando. Vímolos ao longo destes meses con numerosos exemplos e, sobre todo, co caso de Altri, no que vostedes pretendían pasar por riba do Parlamento e pasar por riba da lei. Pero que lles quede claro: non llelo imos permitir, ímoslles parar os pés, vannos ter en fronte. Vannos ter en fronte a nós, como teñen en fronte unha gran maioría do pobo galego tamén, que se mobilizou, que loitou contra este proxecto, que conseguiu paralizalo. E este é un gran logro, un gran mérito do pobo galego, que conseguimos —conseguimos— afundir o grande buque insignia da política industrial do Partido Popular do señor Rueda, o proxecto de Altri. Pero, claro, aínda quedan moitas explicacións que dar sobre este tema, sobre como se tramitou o proxecto de Altri, e por iso traemos aquí esta moción, para pedir explicacións e para pedir decisións.

O primeiro que teñen que facer vostedes é dar explicacións sobre os papeis secretos de Altri, ese famoso memorando de entendemento que vostedes asinaron con esta empresa o 1 de outubro de 2021 e que aínda son acordos totalmente descoñecidos, que vostedes están ocultando. Pedimos que os fagan públicos e que os envíen ao Parlamento no prazo máximo de dez días. Porque, ademais, vostedes dixeron: o día que se coñezan estes documentos vaise ver que non había nada. Pois, se non había nada, ¿que problema hai en envialos ao Parlamento? Quen oculta é que algo teme. Así que cumpran o que lles manda a lei e o que lles manda o Regulamento do Parlamento, e envíen esa documentación a esta Cámara. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, teñen vostedes que dar explicacións tamén sobre a modificación da Estratexia de infraestrutura verde, e solicitamos que fagan públicos e envíen ao Parlamento no prazo de dez días os documentos que supostamente avalaron ese cambio que fixeron na Estratexia na zona de amortecemento do suroeste da Serra do Careón, nos terreos xustamente nos que estaba previsto o proxecto de Altri. O Tribunal Superior de Xustiza díxolles que tiñan que repoñer esa protección, esa zona de amortecemento. Alguén na Consellería debeu dicir que había que facer ese cambio, e haberá algún informe técnico que o avale. Polo tanto, pedimos que o envíen ao Parlamento.

Pero a realidade é que non hai ningún informe técnico, non hai; foi unha decisión política que vostedes tomaron para favorecer os intereses de Altri fronte ao interese xeral. E non hai mellor exemplo para definir o papel que xoga o Partido Popular en Galiza. Vostedes son o cabalo de Troia do gran capital internacional, que para iso os pon a vostedes onde están: para que favorezan os seus intereses; para que cambien as leis; para que fagan leis á medida; para que defendan axudas a dedo, millonarias, de centos de millóns para eses proxectos, que, se van adiante —grazas a que este non foi—, o que fan é prexudicar moitos outros, centos de proxectos de pequenas e medianas empresas galegas e de cooperativas que están ameazadas por estes proxectos depredadores. Esta é a diferenza entre vostedes e nós.

E tamén nesta moción —fíxense que fácil sería para vostedes apoiala— pedimos que se cumpra a sentenza, que vostedes non a recorran, e que, polo tanto, obren en consecuencia, repoñan esa protección para esta zona do suroeste da Serra do Careón e, en consecuencia, revisen a declaración de impacto ambiental favorable a Altri, porque esta modificación da infraestrutura verde se fixo un mes antes de aprobar a declaración ambiental, e con esta protección do suroeste da Serra do Careón sería inviable esa declaración de impacto am-



biental favorable de marzo do 2025. Polo tanto, teñen que revisala. E tamén, en consecuencia, terán que denegar a autorización ambiental integrada, que está pendente —recórdolles que está pendente—.

A todo isto hai que dicir que Altri non renunciou a seguir tramitando o proxecto. Dixo que ía presentar alegacións a esa decisión da Xunta de Galiza que aínda non vimos en papel. Polo tanto, o proxecto segue vivo. A maneira de darlle un carpetazo definitivo é poñendo o negro sobre o branco e facendo un informe negativo da avaliación ambiental integrada como consecuencia desta sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

E, para rematar, queremos facer constar as graves irregularidades que se produciron ao longo de todo este proceso, que son responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente e do presidente da Xunta, que as avala e que as defende. Despois da sentenza da Serra do Careón, dos terreos de Altri; despois da sentenza do encoro das Cunchas, que tamén afecta directamente a Consellería de Medio Ambiente; despois de facer un informe favorable para un parque eólico en Pena Trevinca —¡a Xunta, en Pena Trevinca!—, que despois foi denegado polo Goberno central; despois deste segundo acto —que coñecemos tamén recentemente— do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deixa quedar a Xunta á altura do betume no caso da solicitude de caza do lobo... É que hai que ler esa sentenza para saber o nivel ao que chegan vostedes. Despois de todo isto, o que queda claro é que vostedes están dispostos a chegar onde faga falta para lamberlle as botas ao gran...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...capital que se quere das empresas extractivas.

Vostedes queren vender Galiza a prezo de saldo, mais na Ulloa, en Arousa, en Trevinca, na Limia, e de Ortegá ao Miño hai un pobo vivo que lles planta cara e que os pon no seu sitio, e o BNG está ao lado, sempre estará ao lado dese pobo vivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Parlamentario Mixto renuncia ao seu turno.

Ten a palabra o representante do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Bo día de novo.

Hoxe debatemos unha cuestión que, para nós, sempre que falamos de Medio Ambiente e sempre que falamos especificamente do control que ten que facer a Xunta nesta materia, é unha cuestión importante, transcendental. Non deixan de sorprender as noticias que hoxe nos atopamos, como que «o pacto oculto con Altri provoca un cisma inédito en dez anos de historia da Comisión de Transparencia». (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) A Xunta de Galicia xa non sabe que facer con tal de non entregar a documentación, a infor-



mación que a propia Xunta de Galicia se fachendeaba de ter, de saber, de coñecer e de poder consultar e respecto da cal insinuaba, ou dicía ou afirmaba o propio presidente da Xunta que cando a vísemos o resto poderíamos concluír que realmente Altri era un bo proxecto.

Hoxe en día Industria di que non coñecía ese proxecto, que non coñecía ese informe, que non tiña acceso a nada. Sen embargo, claro, non tiña acceso a esa información pero a presidenta do propio organismo que se constituíu pola Xunta de Galicia era a propia conselleira. Mentres tanto, o presidente da Xunta di que si que tiña acceso, pero que non o podía dicir. Despois van á Comisión de Transparencia dicir que non o tiñan. ¿Tíñano ou non o tiñan? ¿Mentíronlles aos galegos e galegas, porque realmente non había ningún informe? (*Aplausos.*) ¿Mentíronlles a todos os galegos e galegas, porque realmente a Xunta de Galicia, o señor presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, non tiña ningún tipo de información? Ou se a tiña, ¿por que non se entrega dunha vez e se desclasifica toda esa información para o coñecemento público, e, sobre todo, para o coñecemento deste Parlamento, no que reside a soberanía do pobo galego? Somos os representantes e as representantes do pobo os que temos dereito a coñecer a información, porque así se nos faculta no propio Regulamento desta Cámara, no Estatuto de Autonomía e nas propias sentenzas xudiciais que así o recoñecen. O Partido Popular, ao que tanto se lle enche a boca de dicir que é constitucionalista, que é legalista, que lle encanta cumprir as normas, ¿por que non cumpre as súas propias normas?, ¿por que non cumpre a súa propia Lei de transparencia?, ¿por que non cumpre o articulado de cada un dos puntos que exigen que se lle dea información aos representantes do pobo galego, como somos as deputadas e deputados?

Esa é a pregunta que hoxe nos facemos dende o Partido Socialista. Evidentemente, imos apoiar esta moción que hoxe se presenta e, á parte, queremos facer algunha valoración respecto do resto de puntos que tamén se abordan. É, evidentemente, unha cuestión importante, transcendental para os galegos e galegas, despois do apoio que tivo maioritario do pobo galego, por suposto, pero tamén do incesante traballo que fixo o Goberno de Pedro Sánchez para dicirlle «non» a un proxecto que non era benvido nesta terra porque ía en contra dos intereses que realmente son os que se teñen que defender por parte do Goberno de Galicia. Se tanto lles gusta esa «Galicia calidade», se tanto aman a súa terra, o primeiro que teñen que facer agora, despois de que xa se conseguise que este proxecto se paralizase, é render contas, dar a documentación, entregar os informes e todos eses pactos ocultos, e que se poidan coñecer por parte de toda a cidadanía galega. Tanto que lle gusta o B ao Partido Popular, pois que se convertan en A. (*Aplausos.*) ¡Iso é o que hoxe reclamamos e exiximos aquí nesta Cámara: que se cumpra realmente algo que é básico, que é a transparencia en democracia! ¿Non lle gusta tanto ao Partido Popular falar de democracia, criticar todos esas ditaduras —excepto a franquista, porque despois a promocionan a través dos cargos que nomean—? Fagan uso desa democracia, dean acceso ao Partido Socialista, á cidadanía galega, aos grupos desta Cámara a toda a información.

E para nós —como dicía—, isto non é unha cuestión técnica, non é unha discusión técnica; é unha discusión política, porque cando se alteran os instrumentos de planificación ambiental sen unha modificación clara, sen transparencia, sen diálogo —un diálogo que evidentemente ten que ser un diálogo social—, o que se está facendo é debilitar a confianza da cidadanía nas institucións, como, por certo, así xa se viu.



E a moción que hoxe debatemos propón medidas que, ao noso entender, son razoables, necesarias e coherentes co que debe ser unha política ambiental moderna: transparencia, cumprimento das sentenzas xudiciais —non quero nin pensar que o Partido Popular nos veña dicir aquí que non vai cumprir as sentenzas xudiciais. Dígoo porque, despois, o que temos que aturar e escoitar respecto das sentenzas xudiciais... Cumpran vostedes as sentenzas xudiciais que realmente lle corresponden ao Goberno galego—, planificación real e tamén avaliación efectiva das políticas públicas. Eses son os eixos da política medioambiental respectuosa que debe ser, dentro dos parámetros europeos que tanto lle gusta tamén ao Partido Popular defender. Pois disto e, ao noso entender, tamén do que ten que ser a política medioambiental vai hoxe esta moción.

Por iso, imos apoiar esta moción en defensa do territorio, da biodiversidade, da planificación ambiental... Porque entendemos que non só pode depender de intereses conxunturais nin de decisións tomadas de forma absolutamente opaca, como é o caso que hoxe nos ocupa. E tamén temos clara unha cousa, nós queremos deixar clara unha cuestión: non estamos aquí para confrontar modelos produtivos con respecto ao medio ambiente; estamos aquí para defender que o desenvolvemento económico só será viable se é compatible coa protección do patrimonio natural e coa seguridade xurídica. Ese é realmente o modelo que entendemos que debe defender a Xunta de Galicia.

E, despois de todos estes meses, despois de todos estes anos escoitando a Xunta de Galicia, o señor presidente da Xunta de Galicia e os seus diversos conselleiros —que foron cambiando polo camiño— falarnos deste macroproxecto, do proxecto estrela do señor Rueda, que o acompañará toda a súa vida —é certo que o acompañará, e non por ben, señorías do Partido Popular—, hoxe dende o Partido Socialista temos, unha vez máis, que reiterar que o que pedimos non é nada extraordinario. Reclamamos pola vía dun artigo, o artigo do Regulamento que hoxe invocamos, xustamente para que non se vulneren os nosos dereitos como deputados, como deputadas, como grupo parlamentario que ten que fiscalizar a acción do Goberno. ¡Iso é para o que estamos aquí! Tanto que se fachendea o Partido Popular de que é o Goberno galego e de que é a Xunta de Galicia, e, polo tanto, o Poder Executivo, ¡pois cumpran as súas funcións e executen, polo tanto, cada un dos artigos que lles corresponden! E, nese marco no que nos movemos de transparencia, o que ten que facer tamén o Goberno galego é, evidentemente, dar conta e remitir a este Parlamento toda esa información.

Dicíao porque nós a pedimos xa en numerosas ocasións. Pedimos ata en nove ocasións acceso á información, que se nos dese a información. ¿Sabem vostedes cantas respostas obtivemos? Como vén sendo habitual —despois criticánnos cando preguntamos infinitamente polas cuestións, porque non se nos responde por parte da Xunta de Galicia—, pois miren, señorías do PP: cero veces, cero veces. Despois volveremos insistir, volveremos preguntar dentro dos nosos dereitos, dentro das capacidades que teñen as deputadas e deputados deste Parlamento. Se non, eu non sei para que nos pagan, señorías do PP. Pois a nós, para fiscalizar o Goberno. A vostedes non sei, pero eu teño claro que a nós, para fiscalizar o Goberno, e é o que facemos. E ao Goberno páganlle para responder á fiscalización que lle fai a Cámara. ¡Iso é a democracia, señorías do PP, e non a opacidade absoluta na que nos teñen vostedes sumidos! Non só, por certo, neste tema de Altri, pero hoxe falamos dunha cuestión transcendental e moi importante como é esta.



Polo tanto, nós —conclúo reiterando o mesmo que dixen ao principio— apoiaremos esta moción porque non imos quedar calados para que o Partido Popular se refuxie nesa opacidade para non darlles aos galegos e galegas esa rendición de contas, e, sobre todo, esa explicación, esa información e ese acceso a esa documentación. Agora non se pode amparar en que é un secreto profesional, non. O que era un secreto a voces é que, evidentemente, Altri non podía estar na nosa terra, como así se conseguiu.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Señor Bouza, vostede pasaba por aquí. Pasaba por aquí e, como vostede é como Google —sabe de todo, non se filtra nada e lanza aquí o primeiro que lle pasa pola cabeza—, pois saíu aquí facer un labor de recheo totalmente absoluto. Recordoume agora a cando nun mitin tarda a persoa importante que vai falar e lle din a un que saia por alí e diga... Fanlle así. *(O deputado Rubén Lorenzo Gómez fai repetidamente coa súa man o xesto habitualmente utilizado para exhortar a algún a continuar unha acción.)* Igualiño, señor Bouza, igualiño. *(Aplausos.)* Eu enténdoo. ¡Enténdoo, porque debe estar vostede moi ocupado coa cantidade de iniciativas que ten rexistradas! A verdade é que, co ritmo que leva, eu entendo que estea vostede moi ocupado como para ler a iniciativa do BNG e saír aquí simplemente para dicir que a apoia.

E tamén quería dicirlle que de cumprir sentenzas, leccións cero; leccións cero de quen incumpre constantemente a Constitución, señor Bouza. E tamén leccións cero de condenas ás ditaduras por parte do Grupo Parlamentario Popular, porque nós tamén condenamos a ditadura franquista.

Señor Bará, teño unha cifra para vostede, a ver se lle soa: 379. Verdade e xustiza. 379, por se non lle soa, son os crimes que están sen resolver da banda terrorista ETA. *(Aplausos.)* Entre eses 379, vostede saberá que tamén había galegos. Ao mellor, eses que comparten listas con vostedes quizais poidan aportar algo para acadar esa verdade e xustiza que vostede vén aquí reclamar para os arxentinos pero calan coas vítimas españolas e galegas. *(Aplausos.)*

Non hai máis que escoitar a intervención do señor Bará para comprobar que hoxe volvemos asistir a outro capítulo do que xa é marca da casa: o negacionismo industrial do BNG, esa doutrina política que consiste en dicir «non» a todo o que teña que ver con industria, progreso ou emprego cualificado, salvo —claro está— se gobernan vostedes ou se lles interesa electoralmente. Porque non esquezamos que vostedes apoiaban a chegada de Altri á Mariña ata o mesmo día en que perderon as eleccións do ano 2024. A partir de aí, si, como por arte de maxia, o que antes era unha iniciativa intelixente —entre comiñas— pasou ser unha bomba ambiental, unha macrocelulosa criminal. E agora teñen o atrevemento de vir aquí



falar, como sempre, en nome do pobo galego, coma se sacar pancartas cada quince días ou convocar manifestacións —por certo, cada vez menos numerosas— lles outorgase unha lexitimidade que non lles deron as urnas. Afortunadamente, señorías, Galicia é moito máis que o seu ruído e, desde logo, é moito máis que o seu veto permanente ao desenvolvemento industrial.

E, dito isto, imos falar da moción. Porque esta moción non vai de infraestrutura verde, nin de planificación ambiental, nin de transparencia; vai simplemente de estirar o chicle de Altri por puro interese partidista. E, sinceramente, señorías, ese chicle xa non dá máis de si. Porque a súa moción parte dunha premisa falsa: o BNG pretende que este Parlamento e os galegos crean que a Xunta modificou a Estratexia galega de infraestrutura verde para favorecer a Altri, e iso é rotundamente falso. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza non analiza unha infraestrutura verde real, porque esa infraestrutura aínda non existe —e vostedes sábeno—; o que analiza esa sentenza é unha cartografía preliminar, un documento orientativo, unha guía inicial para traballar no futuro. E así o di a propia estratexia. Leo: «Unha vez identificados os elementos, farase a selección e a declaración formal». É dicir, non hai unha delimitación definitiva, non hai protección definitiva e non hai nada que revisar na DIA, porque a DIA se fixo correctamente, con criterios técnicos e sometendo o proxecto a unha avaliación ambiental ordinaria —por certo, como ben saben, moito máis exixente que a simplificada que marca a lei para zonas de amortecemento—.

Pero, claro, isto que estou a argumentar non encaixa no relato épico que o BNG necesita, e cando os feitos non encaixan forzamos aí o guión, a ver se entra. E aquí está o punto clave que o BNG e o PSdeG tratan de agochar: Altri non se arquiva por unha sentenza, nin por unha cartografía, nin por unha zona de amortecemento; Altri arquívase porque o Goberno central socialista decidiu deixar Lugo sen subministración eléctrica industrial, co que isto supón para toda unha provincia. Esa é a verdade incómoda que non lles gusta escoitar, señorías. Un goberno que fala de reindustrialización pero boicotea a chegada de industria a Galicia; un goberno que presume de transición ecolóxica pero impide conectar toda unha provincia á rede eléctrica. ¿Para que? Para colgarse unha medalla de cartón. E esa medalla, por certo, disputárona ben con entusiasmo a señora Pontón e o señor Besteiro, a ver quen sacaba a foto primeiro ou a ver quen saía máis grande nos titulares. Así que, señorías, un pouquiño menos de épica é un pouquiño máis de rigor. Sen electricidade, non hai ningún proxecto industrial posible, e iso é responsabilidade exclusiva do Goberno central, do PSdeG, do señor Besteiro e dos que o apoian e sosteñen cada vez que teñen ocasión. (*Aplausos.*)

O BNG insiste en que houbo ocultación. Pois imos aos feitos, porque os feitos son teimosos. Dende o ano 2021, houbo información pública constante sobre o proxecto de Altri, e en comisións parlamentarias explicouse con detalle a capacidade produtiva. Pero é que este Parlamento —non nos cansaremos de dicírllelo— aprobou por unanimidade unha PNL apoiando esa iniciativa industrial. A Xunta remitiu información a ministerios e grupos parlamentarios e, por se fose pouco, alcaldes do BNG e do Partido Socialista pedían a planta para os seus concellos a codazos, ¡a codazos! Si, señorías, iso tamén pasou e está documentado, así que, por favor, non lles coa xa que isto era un proxecto oculto, clandestino ou misterioso. O único misterio aquí é como se pode defender unha cousa no ano 2022 e a contraria no 2026 sen inmutarse.



O BNG volve outra vez coa matraca da documentación dunha sociedade que non formaba parte do sector público autonómico, e xa se lle explicou en numerosas ocasións que a Xunta non pode entregar a documentación desta entidade porque existen acordos de confidencialidade. Isto xa se debateu no ano 2025 e rexeitouse, e o que non entendemos é que cambiou nun ano para que agora haxa que votar o contrario pola nosa parte. O que cambiou foi a súa campaña mediática e cambiaron as súas necesidades.

Miren, a Estratexia é un documento marco; non é unha ferramenta para bloquear proxectos, e o BNG —vostedes— pretende convertela nunha arma política. Pero, miren, a infraestrutura verde definitiva aínda non está declarada, a cartografía recorrida é preliminar e a avaliación ambiental de Altri foi máis exixente do que marca a lei. O proxecto está en arquivo porque non é viable industrialmente; non por motivos ambientais nin por falta desa licenza social inventada por vostedes. Non ten conexión á rede e non é viable.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Vou rematando, presidenta. Pero é que aquí temos a diferenza real entre o seu modelo e o noso. Uns traballamos para atraer industria sostible, emprego cualificado e cadeas de valor completas, e outros din que «non» a todo, sempre, sistematicamente, e sen alternativa ningunha. O BNG e o PSdeG non queren unha infraestrutura verde; vostedes o que queren é unha infraestrutura de veto.

Señorías, Galicia —dígollelo unha e outra vez— merece un debate serio sobre industria, sobre sustentabilidade e sobre o futuro. Non merece que se utilice unha moción para manter vivo un relato que xa non se sostén. Altri arquívase pola decisión política dun goberno central que prefire o populismo á industria en Galicia. E esta moción é un intento de tapar esa realidade, señor Bará. Por iso, imos votar que non. Porque defendemos a verdade, a legalidade e un modelo de país que aposta polo progreso, pola industria sostible e polo emprego de calidade, e porque Galicia non pode permitirse seguir instalada no «non» permanente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da moción. Señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señor Lorenzo, é absolutamente indecente que vostede veña aquí estender infamias en relación co terrorismo de ETA, que o BNG sempre condenou, (*Aplausos.*) ¡sempre condenou! ¡Deixen de mentir!, non vale todo. (*Aplausos.*) O que pasa é que vostedes cando non teñen argumentos teñen que recorrer ás infamias, porque non teñen argumentos e porque lle teñen un medo ao BNG que non poden ocultar. Porque o BNG, a pesar dos seus ataques, a pesar das súas infamias, a pesar das súas mentiras, a pesar do medo que lle pretenden meter á xente, segue medrando nun crecemento imparable, e imos botalos a vostedes do goberno máis cedo que tarde. (*Aplausos.*) Iso é o que nos motiva a traballar por este país: (*Aplausos.*)



sacalos do goberno, porque son vostedes letais para Galiza, como se pode ver neste caso de Altri; son letais e son un perigo público. O Partido Popular é un perigo público para Galiza, impulsando proxectos como os de Altri.

O que xa me parece o colmo é que vostedes veñan aquí dicir que este documento... (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) —que non é só cartografía, senón que son máis de duascenas páxinas, con moito texto e con distintas figuras de protección territorial, de conectividade ecolóxica e de restauración ecolóxica—... ¡é un documento virtual! Publicárono no *DOG*, presumiron de que era pioneiro e de que era unha rede de protección do territorio, de instrumentos... —unha rede novidosísima—... e de que ten, ademais, un plan de acción con investimentos previstos..., e ¿resulta que non vale para nada? ¿Era virtual? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Preliminar? Preliminar non, é un documento aprobado oficialmente, que teñen que cumprir. A proba de que vale para algo é que vostedes cambiaron a zona de amortecemento, se non, se era virtual..., ¿para que a cambiaron? Porque valía para algo, porque protexía eses espazos, porque esta é unha normativa que deriva de normativa europea e, polo tanto, calquera tribunal lles ía botar abaixo a aprobación dese proxecto nunha zona de amortecemento. Caen vostedes con todo o equipo, señor Lorenzo.

Con respecto aos papeis ocultos de Altri, non veña aquí con contos e non intente confundir. Unha cousa son os documentos do Plan industrial estratéxico unha vez aprobado... Nós o que lle pedimos son todos os documentos que teñen que ver co memorando de entendemento, desde o 1 de outubro do ano 2021 ata finais do ano 2022, cando se aprobou o Proxecto industrial estratéxico. Hai uns acordos iniciais e uns acordos definitivos ao longo dese proceso. Ademais, se din vostedes que non hai nada que ocultar... ¿por que non os envían ao Parlamento? Nós botamos dous anos intentando conseguilos. Tivemos que recorrer ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que admitiu a trámite a nosa demanda. Máis pronto que tarde imos conseguir esa documentación e poñelos a vostedes en evidencia.

Miren, xa para rematar, o que pon en evidencia toda a tramitación e todo o proxecto de Altri é que vostedes utilizaron todo tipo de manobras e todo tipo de chanchullos para favorecer Altri. A diferenza entre vostedes e nós é que vostedes queren apoiar este tipo de proxectos depredadores —que, ao final, son inviábeis—, mentres que o BNG apoia centos ou miles...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...de proxectos industriais que si son estratéxicos; son proxectos de desenvolvemento local, proxectos impulsados por cooperativas e por pequenas e medianas empresas que queren poñer o país a producir.

Con esa xente estará sempre o BNG. Vostedes estarán cos depredadores e con Altri. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado o debate desta moción, suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos e a todas.



Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e tres minutos.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías.

No pleno pasado, no debate coa conselleira do Medio Rural, demandeille que explicase e que aclarase a negligente e continuada actuación referida ás axudas para a incorporación de mozas e de mozos ao agro, para novos agricultores e agricultoras e para os plans de mellora; é dicir, para que explicase as axudas máis importantes que manexa a Consellería do Medio Rural para favorecer a remuda xeracional e para axudar a mellorar as explotacións máis dinámicas e con ganas de progresar.

Señorías, non estamos ante unhas simples axudas, son as axudas por excelencia da Consellería. Podemos consideralas, dende sempre, como os programas estrela para o sector agrario galego. Son axudas cunha forte tradición que levan en vigor decenas de anos e que levan consigo unha forte connotación de defensa do sector agrario galego. E por outra banda, representan unha inxección económica vital, non só para potenciar o sector agrogandeiro galego, senón tamén o rural no seu conxunto. Traen, polo tanto, un importante impacto económico e comercial para as empresas e para os comercios radicados nas vilas ou nas cabeceiras de comarca, polo investimento que xeran; este impacto económico é moi importante para os solicitantes e tamén para o medio rural, para as pequenas e medianas empresas de construción dos concellos rurais, para os negocios relacionados cos materiais, para os establecementos de venda de maquinarias ou de venda de equipamentos gandeiros, para gabinetes técnicos... Cada posto de traballo no sector agrario xera moito ao seu redor e multiplica os empregos indirectos. Estas axudas levan consigo ese importante investimento tan necesario no rural e que xera moita actividade económica; un investimento que queda totalmente paralizado, se a axuda non se aproba.

En resumo, señorías, a denegación da axuda de mellora, de incorporación de mozos ou mozas, de novas altas agrarias..., significa un golpe moi grande para todo o medio rural. Primeiramente —loxicamente—, para esas mulleres e homes que puxeron todas as súas



ganas e todas as súas ilusións neste obxectivo; e en segundo lugar, tamén significa un golpe importante —como ben dixen— para o tecido económico e comercial do medio rural.

Señorías, as preguntas formuladas á señora Gómez foron moi concretas e moi concisas, pois as respostas foron decepcionantes ou, máis ben, non existiron. Dende o BNG, falamos de melloras nas explotacións, de mozos e mozas ou de remuda xeracional con datos oficiais obxectivos, e, a conselleira, dende unha realidade pepeira, alternativa, fantasiosa..., falounos da increíble xestión que fai na Consellería do Medio Rural, destas infinitas axudas, da admiración que sente pola magnífica xestión da Consellaría en todo o Estado español, en toda a Unión Europea e en todo o mundo. A conselleira veu tirarse flores, veu falar dunha admiración do mundo mundial por Galiza e que só existe na súa cabeza. Foi unha intervención de escusas e máis escusas para non responder ningunha das preguntas que inquietan estas mozas e mozos, as persoas novas e todas estas mulleres e homes que desexan mellorar e actualizar as súas explotacións. Señorías, a Consellería do Medio Rural, nesta lexislatura, dende a chegada desta conselleira, está sumida nunha anarquía total e absoluta no que se refire á xestión das axudas.

Resumindo este caos, resumindo toda esta desfeita e todo este lío que montaron nestes últimos anos, gustaríame explicalo someramente. No ano 2024, chega á Consellaría e denégase o 71 por cento das solicitudes de plans de mellora, é dicir, hai 619 solicitudes que cumpren os requisitos, pero só se aproban 180, denegando 439, con casos tan claros e tan paradigmáticos, como o caso de Ourense, no cal se aproban só 12 expedientes que representan o 19 por cento. No ano 2025, eliminan xa directamente a posibilidade de solicitar plans de mellora e tamén de novos agricultores ou novas agricultoras, de entre 41 e 55 anos. Só se poderían solicitar axudas para a incorporación de mozos e de melloras que quedasen pendentes do ano 2024. O resultado deste ano 2025 é que ás mozas e aos mozos, que solicitaron nesta orde de axudas, non lles contestaron e aprobaron 65 dos 439 expedientes que quedaban do ano 2024. É dicir, xa deixaron fóra 334 expedientes que cumprían os criterios. E chegamos ao ano 2026, no cal, para solucionar a desfeita do ano 2025, sacan unha orde que retoma os expedientes do ano 2025. Iso si, as axudas de mellora, non, e novos agricultores, de 41 a 55, non. Señorías, agora, para rematar, vén o presidentiño Rueda mais a conselleiriña e indican todo fachendosos que teñen unha nova orde de axudas co obxectivo de favorecer a remuda xeracional, dotada cunha importante dotación económica.

Haberá que falar logo dos fondos. Temos que no ano 2024 houbo fondos —orçamento— de 47 millóns de euros. Saen en xaneiro, con tres meses de prazo, e son convocadas —iso si— polo anterior conselleiro, o famoso José González, aínda que a xestión a leva a menos famosa señora Gómez. No ano 2025, cun orzamento de 36 millóns, xa eran 11 millóns menos. ¡Ah!, dáse a circunstancia de que, deses 36 millóns, 30,5 non os adxudican, co cal, gástanse 5,5 millóns de euros. Saen tamén a finais de xuño, cun prazo dun mes, e indicando que —coas poucas ganas que tiñan— se solicitasen. No ano 2026, agora —tanto millón—, 53 millóns de euros ¡Claro!, pero non contan que 30,5 non os gastaron o ano anterior, co cal, se facemos as contas —que non son tan difíciles de facer—, resulta que, no ano 2026, o orzamento é de 22,5 millóns de euros, porque os outros millóns son do ano anterior.

Señorías, á parte desa nula e negligente xestión, estes datos indican que o investimento caeu paulatinamente dende o ano 2024, por moita propaganda que se faga, os datos son os datos,



e, como moitas veces se di aquí, neste Parlamento: dato mata relato. (*Aplausos.*) Dende o ano 2024 ao 2026, o investimento nestas axudas pasou de 47 millóns a 22,5 millóns. É dicir, 24,5 millóns de euros menos; unha caída de máis do 50 por cento no investimento. E ¿con que obxectivos sae esta orde de axudas no ano 2026, señorías? Curiosamente para aprobar as solicitudes pendentes do ano 2025.

Esta é a situación que temos na actualidade e, polo tanto, seguindo ese desastroso, chapuceiro e negligente sistema, temos agora unha orde de axudas que vai retomar os expedientes do ano 2025, que son máis de 460, segundo os datos da propia Consellaría. E permite facer novas solicitudes neste ano para mozos e mozas. ¿Como acadarán estes 460 expedientes do ano 2025? ¿Como se resolverán os novos expedientes do ano 2026? ¡Unha incógnita! Se seguimos co mesmo criterio marcado ata agora, aprobarán uns poucos e quedarán moitos sen contestar, sen aprobar, sen notificar e abandonados como pasou cos expedientes do ano 2024 e do ano 2025 e outros resolveranse no ano 2027. ¿Que máis lles podo dicir nesta situación? Unha vergoña e un despropósito seguir con esta negligente xestión.

Señorías, temos que solucionar este despropósito, polo ben de Galiza, polo ben do sector agrario e do noso rural. Por iso, dende o BNG, presentamos unha proposta clara e concisa para resolver o caos, ou este caos pasado, e para analizar e aprobar unha proposta de futuro; unha proposta para que a remuda xeracional e as melloras das explotacións teñan un programa coñecido plurianual e para que poidamos ter un futuro para o noso agro, que é o máis importante.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

Señorías, hai que resolver o futuro do agro galego e hai que pór todo o noso empeño en apoiar as mulleres e os homes que resisten no sector agrario e, por suposto, en facilitarlles o camiño ás mozas e aos mozos que queren aventurarse neste sector, que atravesa un incerto presente e cuxo futuro parece ser tamén complicado.

Señorías do Partido Popular, abran as súas mentes, pensen en Galiza, pensen no noso rural, pensen nas parroquias e nas aldeas que necesitan a xente e a produción agropecuaria, como auga de maio, e fagan algo por este país.

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todas e a todos.



Quería iniciar comentando un detalle que vivín onte. Estaba na presentación dun libro e había un profesor universitario que dixo diferenciar o seu alumnado en función da procedencia, é dicir, se viña do rural ou se viña do urbano. Evidentemente, captou a nosa atención e dicía que os alumnos que viñan do rural eran alumnos moito máis resilientes, máis resistentes, máis tolerantes e con maior capacidade de buscar niso vínculos e conxionar temas. E quero dicir isto porque, para que tamén haxa vontade de apostar polo relevo xeracional, ten que haber servizos no medio rural, servizos de calidade, como está a demostrar que pode ser un neno do rural e ter moi boas aptitudes para poder ter opcións de futuro, pero, evidentemente, se non hai xa servizos educativos, sanitarios, sociais, evidentemente o relevo xeracional aínda se prexudica moito máis.

E a señora conselleira, que o mes que vén —en nada xa— fai dous anos da súa toma de posesión, a verdade é que leva dous anos cun historial difícil de superar ou cun historial que a quen a suceda pois ponllo bastante sinxelo de mellorar as actuacións. E quero iniciar parafraseando a propia conselleira, que dicía no último pleno tal que así: «E permítanme comezar dicindo algo moi claro: o apoio á incorporación de mozas e mozos ao sector agrogandeiro e a modernización das explotacións é unha prioridade da miña consellería, mal que lles pese» —tiña que poñer despois a postillita—. E a nós non nos pesa, pésalle ao sector, (*Aplausos.*) máis ben lástrao, máis ben lástrao. E menos mal que se trata dunha prioridade, porque, se non, serían vostedes mesmos, señorías do PP, os que estarían pechando as explotacións, indo, parroquia tras parroquia, pechando as explotacións.

E dicía tamén a conselleira: «E non houbo parálise nin abandono, nin falta de interese. O que tivemos foi un procedemento en tramitación cunha carga administrativa elevada no período da PEPAC, que, como ben saben, introduciu cambios relevantes nos procedementos, nos controis e na configuración das intervencións, algo que non resultou sinxelo para xestionar». E eu preguntome: ¿e que fixo a Xunta de Galicia?, porque, cando un ve que pode haber máis atranco administrativo, o que ten que facer é reforzar, o que ten que poñer é medios á disposición para que ese trámite vaia moito máis áxil. Pero a Xunta de Galicia non fixo nada, e, polo tanto, estas son as circunstancias, ¿non?

¿Impórtalle algo á Xunta de Galicia, ao Partido Popular, o medio rural? Pois máis ben pouco ou nada. De feito, un dato: mire, nos últimos quince anos quedou sen executar do orzamento dedicado a medio rural preto de 2.000 millóns de euros, 2.000 millóns de euros sen executar nos últimos quince anos, e despois estrañámonos de que o rural languideza. Mire, pecha unha explotación case diaria —ben, agora imos tomar un impás aí en Semana Santa, pero despois volvemos—, unha case ao día. En dez anos, dous de cada tres gandeiros vanse xubilarse, o que supón o 70 por cento das persoas titulares e só se prevé cubrir o 5 por cento desas xubilacións co relevo xeracional. Algo terán que ver as políticas do PP da Xunta de Galicia e a desidia da Consellería de Medio Rural.

Estamos nun momento cunha incerteza brutal, polo marco financeiro plurianual 2028-2034, que non sabemos que fondos virán para a PAC, se se van manter esas dúas liñas; estamos ante a incerteza do incremento de custos de produción, pola situación xeopolítica, esa guerra que o Partido Popular non rexeita pero que despois por outra banda vai pedir que se poñan axudas á disposición por parte do Goberno central para cubrir os custos e o incremento desa guerra,



(Aplausos.) que case aplauden, que case aplauden. Os prezos increméntanse, os prezos dos insumos, como carburantes, materia prima, maquinaria, enerxía ou a alimentación do gando.

Pero ¿que pasou nestes dous anos de mandato da conselleira de Medio Rural? ¿Que pasou cos plans de mellora e de incorporación? Pois no ano 2024 quedaron fóra ao redor do 70 por cento das solicitudes. Só percibiron axudas 180 das máis de 600 presentadas, dúas de cada tres quedaron fóra, dúas de cada tres. Iso si, a conselleira aseverou que se ían aprobar todas as axudas e que se ían atender coa convocatoria do 2025. E ¿que pasou no ano 2025? Que, á parte de publicarse medio ano despois, despois de dicir e comprometerse a que se ían ter en conta aquelas que quedaron fóra despois desa interpretación normativa que se fixo, e por iso tamén moitas quedaron fóra, ben, que ía atendelas todas, pero resulta que as publica a mediados de ano. E ¿que foi o que sucedeu? Pois que non se resolveron. Algo inédito: cóncanse axudas que despois non se resolven.

E ¿que está a pasar agora? Pois hai novamente unha promesa de incluír directamente para este ano 2026 as do 2025, pero na orde tampouco se contempla esta situación, non se pon de manifesto, e, se houberse realmente esa convicción, tería que plasmalo a propia orde. Polo tanto, ¿en que se converte? Nun acto de fe, e a fe non dá seguridade xurídica e non dá convencemento de que así poida ser. E isto implica, en todo caso, ter que esperar un ano, ou perder un ano, non poder planificar a futuro, que alguén desista por non ter esa capacidade ou esa seguridade de acompañamento para investir na súa explotación, ou coller unha explotación ou un negocio novo, e iso evidentemente perde posibilidades do relevo xeracional. E pode darse o caso incluso de que alguén de nova incorporación pois xa quede fóra, xa non estea nese marxe de idade, que xa supere os 55 anos e, polo tanto, que quede excluído automaticamente, e estamos nós para excluír...

Pero, se valoramos en termos económicos o orzamento de 2026 respecto do ano 2025, só se incrementa en 7 millóns de euros, tería un montante deses 23 millóns, porque, efectivamente, como dixo o señor Fernández, fan a conta da vella: non gasto, incorporo e fíxense o que incremento eu o orzamento. En todo caso, a todas luces insuficiente para cubrir as demandas do ano 2025 e as que se solicitarán no ano 2026, polo que moito nos tememos que moitas mozas e mozos, e os de nova incorporación, van quedar fóra e sen axuda, e isto, evidentemente, é un grave risco para este relevo xeracional.

Poñamos o caso dunha persoa que pediu a axuda no ano 2024, que foi das que quedou fóra, que cría que lla ían resolver no ano 2025, que no ano 2025, como non se resolveron, tamén queda fóra, que está a expensas de que poida ir xa no ano 2026, con moito atraso, porque aquí xa falamos dun desfase de dous anos, e que, á parte de levar estes dous anos perdidos e de non poder planificar, está realmente o medo á se desta poderá ir ou non poderá ir. E isto está a xerar unha dúbida legal da situación que está a provocar o Partido Popular na Xunta de Galicia.

E permítanme acabar como iniciaba a conselleira no pleno pasado a súa intervención, que acabo de citar: «O apoio á incorporación de mozos e mozas ao sector agrogandeiro e a modernización das explotacións é unha prioridade da miña consellería, mal que lles pese». E eu pregúntome: ¿de verdade?, (Aplausos.) ¿de verdade? Eu non o creo, o Partido Socialista non o cre, pero —o que é o peor— o sector tampouco o cre.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Grueira.

NICOLE GRUEIRA FERNÁNDEZ: Mire, señor Fernández, isto é un Parlamento, non un Par-lamentiño, e aquí somos todos deputados e non deputadiños, e temos un presidente e non un presidentiño; así que o que lle pido é respecto, non veña aquí faltarlles aos galegos e ga-legas, á súa casa. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Pero eu entendo que teña que empezar a usar ese tipo de palabras, porque —a verdade— non hai a quen convenza o seu discurso.

Vostede vén hoxe aquí cun novo capítulo desa serie do BNG da Galicia en negro; vén aquí desprezar as axudas que permiten que milleiros de mozos se incorporen ao sector gandeiro en Galicia, que se incorporan con coñecemento e con compromiso co noso rural galego. E tamén eses mozos que se incorporan saben perfectamente quen é o partido que os apoia: o Partido Popular de Galicia, (*Aplausos.*) que é o único partido que está a traballar para que poidan incorporarse ao sector, para que poidan labrarse o seu futuro no noso sector. E no-soutros estamos moi orgullosos de ser así, de traballar para mellorarlles o seu día a día. Vos-tedes non sei se poden estar tan orgullosos do que fan cada día neste Parlamento, nesta casa de todos os galegos e galegas.

Nosoutros traballamos para apoiar eses gandeiros novos que se incorporan; traballamos para que teñan unha oportunidade de futuro no noso rural. Saben de sobra —xa llo dixo o outro día aquí a conselleira— que o apoio á incorporación da xente nova no sector é unha cuestión prioritaria, unha cuestión estratéxica e non é de ningunha maneira unha cuestión menor, como intenta vender hoxe aquí. Vai ser unha prioridade hoxe e unha prioridade mañá e vai ser unha prioridade sempre para o Partido Popular de Galicia e o Goberno de Alfonso Rueda, (*Aplausos.*) señor Secundino, porque estamos a falar dun sector clave en Galicia, un sector que define moi ben o que fomos, o que somos e dende logo o que seguiremos sendo.

Falamos de Galicia e por iso cómpre actuar con feitos e non con discursos negros. E voulle dar datos, datos reais e non datos do Partido Socialista ou do CIS —que vén sendo exacta-mente o mesmo—. Nos últimos anos —concretamente entre 2016 e 2024, xa llo dixo o outro día a conselleira, voulle volver repetir hoxe aquí— Galicia mobilizou 369 millóns de euros para a incorporación de xente nova e tamén para a modernización do sector, das nosas ex-plotacións. 369 millóns de euros investidos no agro galego, e, grazas a ese esforzo, apoiá-ronse máis de 5.800 explotacións, e dende 2009 facilitouse a incorporación de máis de 5.000 mozos, máis de 5.000 mozos que decidiron quedar nas súas explotacións, que decidiron tra-ballar libremente no sector galego e, dende logo, que decidiron apostar por Galicia, e iso é precisamente (*Aplausos.*) polo que traballamos dende o Partido Popular.

Grazas a este compromiso firme e grazas a esta unión que facemos, tamén seguimos traba-llando e seguimos convocando axudas —xa llo dixo tamén o outro día a conselleira—. Vos-tede dixo que non deu ningunha resposta, eu creo que lle respondeu a todo perfectamente. Díxolle que hai uns días a Xunta de Galicia convocou unha nova orde para esas axudas de



incorporación e plans de mellora, unha nova orde ampliada, dotada de 53 millóns de euros, 23 millóns que van para as incorporacións e 30 millóns que van para os plans de mellora. Unha nova convocatoria que permite que tanto os novos solicitantes como aqueles que xa presentaron as solicitudes no 2025 poidan acceder ás axudas mantendo esas condicións orixinais e dende logo sen perder ningún tipo de dereito, de tal xeito que todos aqueles que cumpran os requisitos teñen o apoio da Xunta de Galicia. Ademais, tamén se lles vai facilitar o trámite, xa que aqueles que presentaron a súa solicitude non teñen que volver presentala e contarán cos mesmos prazos de investimento.

Señor Fernández, estamos a falar de 53 millóns de euros neste 2026, 53 millóns de euros para apoiar esa xente nova, para fortalecer as explotacións e modernizalas e dende logo para abrir novas oportunidades no sector rural. *(Aplausos.)* E todo isto grazas ao apoio da Xunta de Galicia. E todo isto tamén é posible grazas ao traballo do sector gandeiro, que traballa todos os días; un sector gandeiro que é punteiro en produción, e dende logo é un exemplo para moitos países; recoñéceno en Galicia, recoñéceno en España e recoñéceno fóra de España, por Europa adiante. Xa llo dixo tamén o outro día a conselleira: antes ían aprender a outros países e agora veñen aprender de nós, e iso todo é grazas ao esforzo dos gandeiros e gandeiras e tamén grazas ao apoio da Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* grazas a ese compromiso firme do Partido Popular.

Eu, a verdade, preguntolle: ¿que pretende vostede con esta iniciativa? ¿Que pretende vostede coa intervención que fixo neste Parlamento? ¿Asustar a xente nova, para que non veña ningún para o rural galego? Ou ¿que veu facer aquí? Embarrar, crispas e, por suposto, seguir o guiión do BNG e dicir «non» a todo, «non» por sistema e «non» absolutamente a nada. Dá igual a proposta, dá igual a medida, o importante é dicir «non», e tamén «non» a estas axudas que están axudando milleiros de mozos en Galicia. Iso de ir cunha vaca pola cuneta quedou xa no pasado, dun pasado do que evolucionamos e dun pasado do que aprendemos moito, do que soubemos tamén pois saír adiante grazas ao esforzo dos gandeiros e agricultores e de todas as persoas que se levantan cada día para traballar no sector, e tamén pois grazas ao apoio da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Hoxe podemos falar de explotacións modernizadas, preparadas e eficientes, podemos falar de máis produción e de calidade e podemos falar dun rural que avanza, que innova e que dende logo mira ao futuro con ambición. E isto non é casualidade, señor Fernández; é o exemplo, é o froito do compromiso dun modelo que funciona e que dende logo ten uns obxectivos claros: traballar por un rural competitivo, forte e dende logo ambicioso.

Non veñan aquí dicir que hai parálise e abandono cando en realidade hai investimentos e continuidade. Non veñan aquí de grandes defensores dos gandeiros cando son os primeiros que, se teñen que elixir entre gandeiros e o lobo, elixen o lobo, igual que fai o Partido Socialista, que prefire recortar as axudas para os danos do lobo e dalas para coches eléctricos. *(Aplausos.)* Iso é o apoio que lles dan vostedes aos gandeiros e gandeiras de Galicia, señorías.

Vostedes sigan, sigan creando eses capítulos da súa serie magnífica e favorita da Galicia en negro, que o Partido Popular seguirá traballando para que lles vaia ben aos gandeiros, para que lle vaia ben á xente nova que se incorpora ao sector e para que lle vaia ben a Galicia. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías.

Señorías do Partido Popular, ¿saben quen é Manola Suárez? Pois Manola é unha rapaza de 38 anos, natural de Ribeira, que vive desde hai cinco anos en Allariz, xunto coa súa parella de Valladolid e un fillo pequeno. Manola é unha moza que estaba traballando e vivindo en Allariz e á que lle encanta o rural, a terra, o agro, e que ten unha vocación de dedicarse ao sector agrario, igualmente que a súa parella. Así que un bo día decide que ten que dar o paso e montar a súa explotación agraria e dedicarse profesionalmente a ser labrega; primeiro, ela, e despois, se lles ía ben a cousa, incorporar o seu compañeiro, para ser unha familia plenamente incorporada ao sector agrario. Ese ano no que toma a decisión é no ano 2024, así que no ano 2025 faría a solicitude de axuda para incorporarse profesionalmente montando a súa explotación. E aí comeza o calvario ante a Xunta do Partido Popular, ante a Xunta do presidentiño, señor Rueda. (*Murmurios.*)

¿Primeiro problema? Solicitude: atraso, espera que te espera para ver se saen as axudas, preguntando cada pouco na oficina agraria. Que van saír a primeiros de ano, despois sobre marzo ou abril, finalmente pois xa saen en xuño, a finais de xuño. Por fin fago a solicitude, e incorpórase, e mais pide un plan de mellora. E aí chega o segundo problema: resolución e aprobación. ¿Aprobaranma ou non ma aprobarán? Infórmanlle que non vai ter problema en que lle concedan porque ten unha puntuación moi alta. «Ti entras seguro; analizando a orde de puntuacións, vas entrar. E ¿cando sae a resolución e a aprobación? Pois cara á fin do ano 2025 fixo que sae a lista, a primeiros de ano, a primeiros do 2026 xa te podes incorporar, cobrar o primeiro prazo e comezar co plan de ser unha labrega profesional».

Así que deixa o traballo, Manola deixa o traballo para ir pondo todo en marcha. Fanlle as inspeccións oportunas e comeza cos investimentos para ir avanzando na ilusión de ter a súa propia explotación agraria. E aí chegamos ao terceiro problema: non sae a resolución de aprobación das axudas; rexeita as oportunidades laborais e queda sen ingresos económicos; que non dá chegado a resolución da aprobación, ninguén sabe nada, ata que sae unha resolución e non se aproban as axudas da incorporación, só algunhas pendentes do ano 2024. ¡Vaia golpe máis duro recibe Manola! E, agora, ¿que fago, sen traballo, sen ingresos, endebedada polos investimentos xa feitos? E chega o cuarto problema: abre o prazo para axudas do 2026 e chega unha carta da Xunta de Galiza: que o expediente do ano 2025 se retoma no 2026 coas condicións do ano 2026. Ninguén informa das condicións que ten que cumprir. ¿Que pasa co que ten investido? Incertezas, incertezas, incertezas. (*Aplausos.*) E ¿cando se vai aprobar? E volvemos empezar. «Para outono-inverno do 2026, antes de que acabe». Xa non sabe a quen crer nin que crer. A película negra segue. A Xunta do Partido Popular e de Rueda xogando coa vida da xente.

¿Que fai esta moza? Isto non é un caso único, é un exemplo dos centos de mozas e mozos aos que o presidentiño Rueda lles fai sufrir, lles fai pasalo mal, por querer dedicarse a un oficio



tan loable e tan marabilloso como é o de producir alimentos para todas e todos e que poidamos comer todos os días, tamén vostedes, os que estades aquí, señorías do Partido Popular...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...esa xente tamén para iso. Unha pena para o rural, unha pena para Galiza.

Señorías do Partido Popular, ¿pretenden que as mozas e mozos que se queren establecer no sector agrario os crean? ¿Pretenden que as mulleres e homes que necesitan unha mellora nas súas explotacións os crean? Pois actúen e aproben esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora a seguinte moción.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Boa tarde, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Hoxe queremos falar de atención primaria, de urxencias e das unidades de hospitalización, neste caso durante o período estival, pero, antes de afondar nesta materia e adiantarnos ás habituais acusacións de catastrofismo e alarmismo coas que o conselleiro de Sanidade e o Partido Popular adoitan descualificarnos, vou referirme a datos obxectivos, aos datos do CIS e ao último informe sobre sanidade.

Este informe sinala que Galicia é a comunidade autónoma con menor nivel de satisfacción en atención primaria. O CIS sitúa Andalucía, a Comunidade Valenciana e, de maneira especialmente preocupante, Galicia nos niveis máis críticos, en contraste con comunidades autónomas como Cantabria ou o País Vasco, que presentan os maiores niveis de satisfacción.

Si, señorías da Xunta e do Partido Popular, estamos no primeiro lugar, como vostedes adoitaban presumir, pero neste caso no lugar onde non deberíamos estar: nos peores resultados. E non o di o Partido Socialista, dio o CIS. Esta realidade lévanos os socialistas galegos a unha convicción clara: chegou o momento de deixar de mirar cara a outro lado; é hora de que a Xunta asuma as súas competencias con feitos, con máis xestión e menos declaracións. (*Aplausos.*)



Pedímoslle á Xunta de Galicia transparencia, lealdade e responsabilidade, e, sobre todo, que abandonen esa estratexia baseada no márketing político que di moi pouco de quen dirixe a sanidade galega. Un responsable sanitario de Galicia hai uns meses dicía que tocaba priorizar e administrar as cousas —coincidimos, porque iso é gobernar—. Engadía que deberían empoderar as categorías profesionais en todo o que saben e que o sistema tiña que ser capaz de crear unhas condicións atractivas para que a xente quixese quedar en Galicia, porque outros países van tentar captar o talento que temos, e que tiñan a responsabilidade de facelo atractivo, para que a sanidade sexa o mellor que lle pode pasar ao persoal médico de enfermería ou farmacéutico. Pois si, pero, pasados moitos meses, seguen sen ser realidade estas afirmacións que facía ese responsable sanitario.

Por iso, hoxe pedimos polo menos comezar coa convocatoria de todas as prazas vacantes existentes en atención primaria, para evitar tensións banais en urxencias, da mesma forma que pedimos convocar todas as prazas vacantes en urxencias hospitalarias, porque moitas veces o atasco está na atención primaria, porque en moitos centros conseguir unha cita co médico ou coa médica de familia obriga a esperar dúas ou tres semanas, se non máis, e moitas veces atopándose cada vez que alguén acode a un profesional diferente nesta consulta, o que empuxa a xente a urxencias por doenzas que deben resolverse no centro de saúde, pero non poden. E non falamos de casos soltos, senón do colapso ou a falta de médicos nos centros de saúde, e toda esa presión termina descargándose en urxencias.

E todo isto acontece mentres, segundo se desprende do que deixan entrever desde a Consellería de Sanidade e denuncian tanto os colexios como as asociacións médicas, en Galicia estase a recorrer a médicos sen especialidade MIR na sanidade pública. Desde as instancias responsables mesmo se chega a afirmar que, ante unha necesidade asistencial, é mellor contar cun médico sen especialidade que non ter ningún ou que a continuidade asistencial debe primar sobre a calidade.

Desde o Partido Socialista non podemos compartir este planteamento. Consideramos que a Xunta non está a reforzar a atención primaria, senón que está a debilitala. A Xunta de Galicia debe poñer fin a esta situación. Xa abonda con problemas de accesibilidade como para engadir agora riscos de calidade asistencial. Por iso consideramos imprescindible recuperar as xerencias de atención primaria, que desempeñan un papel clave na organización e xestión dos centros de saúde. Eran, na práctica, o centro de mando que garantía unha atención eficiente, próxima e continua, ademais de coordinarse coa atención hospitalaria.

E, no relativo á atención hospitalaria, hoxe tamén exiximos que se garanta a plena operatividade de todos os recursos asistenciais: camas, quirófanos e servizos diagnósticos durante o período estival. Non queremos ver os profesionais sanitarios, como aconteceu na área sanitaria de Vigo, protagonizando unha protesta, por moi orixinal que fose. E esa protesta ía contra as restricións ás vacacións e aos permisos, e dicimos orixinal —para quen non o saiba— porque o persoal facultativo da área sanitaria de Vigo e ademais persoal sanitario foron ataviados como se foran de vacacións, con parasoles, con flotadores, con cadeiras de praia e toallas.

Por iso —insistimos— pedimos plena operatividade, si, pero garantindo tamén o dereito ás vacacións do persoal, e sabemos que moitas ausencias non se están a cubrir. E iso non é pla-



nificar nin xestionar, máis aínda cando, segundo denuncian os propios traballadores, existen profesionais nas listas de contratación agardando unha oportunidade. A solución pasa, entre outras cousas, por ofrecer condicións laborais máis atractivas que permitan cubrir as substitucións. Ás veces a solución non é complexa, o que falta é vontade. E vontade tamén debe ter a Xunta de Galicia para chegar a acordos e evitar situacións como a dos case cincuenta médicos de atención primaria encerrados no centro de saúde Olimpia Valencia, en Vigo, denunciando a falta de diálogo, que, por fin, conseguiron reunirse onte coa consellería e están reunidos neste mesmo momento.

Pedímoslle ao Partido Popular que apoie esta iniciativa e ao conselleiro que abandone a estratexia de buscar excusas: nin a gripe nin as folgas, nin o Ministerio de Sanidade poden seguir sendo o argumento para xustificalo todo. E un exemplo claro está en que a gripe dos enfermos non pode impedir negociar ao conselleiro. E o que precisamos é un cambio de rumbo na sanidade galega, unha sanidade pública que os socialistas queremos universal, accesible e de calidade, para nós pero tamén para todas as xeracións futuras.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A principios deste mes seguro que todos vostedes viron na prensa e nos distintos medios un comunicado conxunto que fixeron coordinadores do servizo de urxencias hospitalarias de diferentes hospitais de Galicia, entre eles dous da provincia de Ourense, concretamente da área de Ourense e da área de Verín. E ese comunicado foi dado a coñecer tamén a través dos medios de comunicación, e o único que vou facer pois, fundamentalmente, vai ser recordalo, no que levamos falado incluso hoxe á mañá cando falamos durante a aprobación final da Lei contra as agresións contra os sanitarios.

Ese comunicado falaba de «risco de colapso» —esa é a palabra exacta que utilizaron estes profesionais—, o risco de colapso nos servizos de urxencias hospitalarias dos hospitais de Galicia. E falaban dos motivos: falta persoal, faltan recursos, faltan profesionais, faltan residentes; importante, polo tanto, convocar esas prazas vacantes das que sempre falamos.

E falaban tamén de competencia en inferioridade de condicións laborais e doutros aspectos da sanidade. E falan tamén nese comunicado da boa vontade que teñen para realizar autocoberturas pois cando se dan vacacións, conciliacións familiares, etc., etc. Pero, a pesar da súa boa vontade e a pesar do esforzo que fan para regularizar esas autocoberturas, atópanse xa nun caso límite de hastío, de cansazo, e non poden seguir traballando durante moito máis tempo desa maneira.



Informan estes profesionais de que nos últimos tempos se teñen producido incrementos de ata o 30 por cento nos picos asistenciais con relación a eses picos no pasado, sobre todo nos momentos anteriores á pandemia, e que ese risco de colapso pode ser incluso inminente; ou sexa, que estamos un pouco —como quen di— na corda frouxa. Lembremos que iso que chaman os «cisnes negros» existen; en calquera momento podería darse ese colapso que tería unhas consecuencias —que non fai falta que as detalle— que —digamos— exixen que canto antes se tomen —como adoita dicirse— cartas no asunto.

Falan tamén estes profesionais —volvo repetir— nun comunicado que emitiron a principios deste mes —e que estou seguro de que os profesionais da consellería terán lido—, pero, claro, teñen que ter vontade de negociar co sector, tal e como piden. Piden o cumprimento da Instrución 19/20 do Sergas. Unha das causas fundamentais deste risco de colapso é o non cumprimento nos tempos das analíticas, os tempos de ingreso en planta, que fan que moitas veces as persoas estean atendidas en corredores e en lugares pouco dignos.

E tamén falan estes profesionais —como digo, moito máis coñecedores ca min do día a día dos servizos de urxencias— das deficiencias de servizos na atención primaria, o que estamos tamén dicindo hoxe en varias ocasións. Entenden que non é de recibo unha media de tres semanas de dilación na atención aos usuarios da atención primaria, e que estas persoas —como tamén xa se di moitas veces—, un pouco para garantir o seu dereito á asistencia, pois acoden a urxencias en casos que, de funcionar a atención primaria como debería funcionar, pois non colapsarían este servizo de urxencias.

Loxicamente, sumámonos ás demandas que fan —como digo— coordinadores do servizo de urxencias hospitalarias de toda Galicia, máis ou menos as mesmas demandas que fai a proposta que nos trae hoxe o Partido Socialista. E o único que podemos dicir é que pedimos á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, entre outras medidas, que se reúna con estes profesionais do sector para atender as súas demandas e para tratar de encontrar unha solución canto antes. Como digo, no caso de Ourense, no CHUO, e na área de Verín é especialmente problemática esta situación.

E nada máis, grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Hai moitas veces que os cambios que se dan dentro dunha administración pública ou privada non afloran inmediatamente e poden tardar en ser vistos polo público xeral. Pero os colapsos reiterados e reiterativos que se viven nos servizos de Urxencias dos hospitais galegos son iso: a mostra visible e palpable da desfeita que existe no día de hoxe no Sistema público de saúde en Galiza, despois de case dúas décadas das nefastas políticas sanitarias do Partido Popular.



Calquera persoa que se achegase durante este inverno —e falo do global do inverno, dos tres meses— a un servizo de urxencias hospitalarias ou a un PAC puido comprobalo. Pero o certo é que os colapsos non son novidosos, senón que se repiten ano tras ano, cada vez máis frecuentemente, sexa no inverno, no verán ou en calquera outra circunstancia que poida comprometer estes servizos.

Colapsos en forma de pacientes que agardan horas para seren atendidas, que agardan horas para poderen ser ingresadas nas plantas de hospitalización cando ese ingreso xa está indicado e solicitado. Colapsos que incluso chegaron a provocar recentemente que houbera pacientes que faleceron sen chegaren a ser atendidas nun corredor nos hospitais de Lugo e de Ferrol; pacientes ás que se lles negou o máis básico: a súa dignidade nos últimos momentos das súas vidas, (*Aplausos.*) porque agonizaron nun corredor sen seren atendidas, sen un mínimo de intimidade, e isto, cando menos, é negarlles a mínima dignidade. Colapsos que —como dixen— veñen despois de todas as políticas sanitarias do Partido Popular destinadas a deteriorar o sistema sanitario. E é importante atender aos colapsos, pero é máis importante aínda atender ás súas causas.

Temos no día de hoxe unha atención primaria totalmente esquilhada, con déficit de profesionais por todo o país, con falta de médicas e de pediatras, pero tamén de enfermeiras ou de PSX, por exemplo; onde os equipos multidisciplinares son unha quimera; onde as citas se atrasan unha, dúas e incluso tres ou catro semanas —o 43 por cento dos cupos, que non dos pacientes, non teñen a posibilidade de ter unha cita antes de catro días—; onde a grande acción pola dignificación desa medicina familiar e comunitaria e pola súa posta en valor que emprendeu este goberno foi seguir contratando persoas que non teñen a especialidade de medicina familiar e comunitaria, unha cuestión que xa lles afearon colexios profesionais e as sociedades científicas de medicina de familia, que dixeron, alto e claro, que isto era un ataque á calidade asistencial e con nefastas consecuencias para a saúde da poboación.

Unha contratación que, por certo, cómpre recordar que vostedes xa practicaban antes da pandemia da covid-19 e que actualmente teñen totalmente sistematizada, aínda que se neguen a dar os datos concretos. Médicos sen especialidade contratados nos centros de saúde, mentres que as persoas con especialidade que rematan, os MIR que rematan, marchan deses centros de saúde, deses PAC, marchan de Galiza, ou directamente repiten o MIR, porque non queren ser médicas de familia na atención primaria galega, tal e como está no día de hoxe. (*Aplausos.*)

Mais os problemas non rematan na atención primaria. A atención hospitalaria está tamén que bota por fóra. Segundo as listas de espera que vostedes fixeron públicas hai uns días, hai case 380.000 persoas nunha lista de espera hospitalaria estrutural; das non estruturais nada sabemos, porque vostedes néganse a dar os datos de cantos pacientes ocupan esas listas, a pesar de que esta mañá a portavoz do Partido Popular afirmou rotundamente: «sen datos, non hai políticas eficaces».

Hai case dous meses o Bloque Nacionalista Galego trouxo a este Parlamento unha iniciativa, preocupado pola situación dos servizos de urxencias, polos colapsos que se viviran durante o Nadal, e para demandar datos sobre esa situación: datos sobre a situación do persoal, sobre



as asistencias a urxencias, sobre as demoras na atención, as camas hospitalarias dispoñibles en cada un dos centros sanitarios... Curiosamente, quen hoxe afirmou que «sen datos, non hai políticas eficaces» díxonos que non nos ían dar eses datos porque a Xunta xa o fixera todo ben; entón, ¿para que queríamos eses datos? Ante todo, coherencia, responsabilidade e rigor.

Teñen a sanidade pública totalmente contra as cordas, sen persoal, sen organización e ademais sen intención ningunha de asumir as súas propias competencias. Na súa estratexia de botar os balóns fóra do campo, o Partido Popular o único que se dedica a facer é a buscar culpables para poder sinalalos, sen asumir a desfeita que teñen montada. Porque a vostedes fáltalles tempo á hora de reclamar da ministra de Sanidade cando a Consellería de Sanidade se negou a negociar coa organización sindical maioritaria na sanidade pública galega, a CIG-Saúde, ante a convocatoria de folga do pasado 12 de marzo. Vostedes, ante unha convocatoria de folga, néganse a negociar coa representación dos traballadores. Están áxiles para sinalar as protestas en contra do Estatuto marco, pero non son capaces de ver as protestas que se repiten e se suceden por todo o país na atención primaria, na atención hospitalaria e tamén nos servizos de urxencias, por exemplo, no Servizo de Urxencias do HULA, onde están a reclamar máis medios e máis persoal.

A situación das urxencias hospitalarias é só a punta dun iceberg que ameaza con afundirnos, mais o Goberno do señor Rueda prefere continuar asubiando e navegar directos cara a ese iceberg, sen cambiar o rumbo desastroso que leva.

Nós imos apoiar esta moción do Grupo Socialista, porque, primeiramente, si que cremos na transparencia e si que cremos que é importante dar toda a información que se pide. En primeiro lugar, nesta moción nós cremos que hai que afondar máis, pero é un bo lugar para comezar, e, sobre todo, porque hai moitas cousas que si que se poden facer para anticiparse ao que pode pasar este verán e sobre todo para mellorar a nosa sanidade pública antes de que o colapso chegue aínda a máis áreas e acabe por afundir o Sistema sanitario público galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Vou empezar, antes de entrar en materia, falando de datos e do Barómetro sanitario, que saíu á colación agora. Decía a señora Espinosa que Galicia estaba en mal lugar. Datos do CIS. Xa que faláron deles, dicírlles que Galicia está por riba na valoración positiva do sistema sanitario. E vostede confundíuse, señor Espinosa. Mire, isto é o que di o CIS (*A deputada María Encarnación Amigo Díaz mostra un documento.*): *Valoración de las urgencias en hospitales públicos según comunidades autónomas.* Aquí está Galicia, por riba da media; Ceuta e Melilla son os



que están primeiro pola cola; a Cataluña de Salvador Illa está moito por debaixo de Galicia. Datos das urxencias do 061 e do 112. Ceuta e Melilla tamén están de primeiros pola cola; Galicia está por riba da media nacional. (*Aplausos.*)

Mire, e segundo esta enquisa, Galicia é a mellor comunidade autónoma en accesibilidade ao médico de atención primaria. Datos dos CIS.

Pero, ben, imos á moción que nos trae hoxe aquí. Mire, partindo da intervención do señor conselleiro no pleno anterior, imos entrar agora no contido desta moción que hoxe presenta o Grupo Socialista, unha moción construída máis desde o titular desde logo que desde o coñecemento real do funcionamento do sistema sanitario. Porque se algo demostra esta iniciativa é unha vontade consciente de ignorar o traballo que xa se está facendo desde o Servizo Galego de Saúde. Tanto o Bloque como o Partido Socialista negan a evidencia. Vou tratar de rebater cada un dos puntos que vostede trae aquí.

Mire, vostedes solicitan no primeiro punto convocar todas as prazas vacantes en atención primaria. ¿Vostedes cren, señorías, que a Xunta de Galicia non ten vontade de convocar prazas? Ou sexa, ¿realmente cren iso? Pois non, non é por vontade da Xunta. O problema non é convocar, señorías. O problema é a falta de profesionais. ¿Onde están eses profesionais? (*Aplausos.*) ¡Se é que non hai especialistas! ¡Que imos convocar se o paro é cero! E iso, señorías, vostedes sábeno, porque saben perfectamente que depende do Goberno central, depende do señor Sánchez e da señora Mónica García, que son os que deciden cantos médicos especialistas forman.

Porque, miren, levamos anos reclamando máis prazas MIR adaptadas ás necesidades reais. ¿E o ministerio que fai? Oídos xordos. Cada ano quedan milleiros de licenciados en medicina ás portas de poder formarse. ¿Por que? Porque o ministerio non convoca suficientes prazas. Porque desde o ano 2018, que tiña aí todo o que tiña que facer, que ten as competencias absolutas para poder convocar o número de prazas de especialistas que se necesitan, non as fai. E en oito anos ningún dos seis ministros que pasaron fixeron unha planificación real; todo se lles queda en anuncios.

E as comunidades autónomas pagan e organizan a asistencia, pero non poden formar máis médicos sen autorización estatal. E iso é unha realidade. E, de terse aplicado ese plan acordado, Galicia contaría hoxe con centos de médicos de familia, ¿sabe? E a falta de profesionais ten un responsable claro, señorías: *Sánchez tiene la cura*, non hai outra.

Así que menos demagogia, señorías. (*Aplausos.*) Pódense convocar prazas, pero non hai médicos formados, non hai quen ocupe esas prazas. Esa é a realidade, e non me cansarei de dicilo.

Despois piden no segundo punto recuperar as xerencias de atención primaria. E aquí xa entramos na ideoloxía pura e dura. Porque o modelo galego aposta por unha integración asistencial, por coordinar primaria e hospitalaria, por evitar compartimentos estancos. E iso, señorías, mellora a continuidade asistencial e a eficiencia do sistema. Volver a estruturas do pasado non é avanzar, señorías, é retroceder. Crear xerencias separadas suporía duplicar estruturas, máis burocracia e menos capacidade resolutiva. Galicia leva anos apostando por



unha xerencia integrada, que garante a coordinación real entre niveis asistenciais. E separar os centros de decisión sería un paso atrás, como xa se está vendo noutras comunidades que están facendo iso.

Despois, no terceiro punto, piden convocar todas as prazas vacantes de urxencias hospitalarias. Exactamente o mesmo argumentario. Xa se están incrementando. Hai 14,9 médicos máis nas urxencias hospitalarias que o ano anterior. ¿Iso non conta? Non lles interesa dicir ese dato, ¿non? Despois din aquí que non se din datos.

¿E que fai o Sergas? Pois o Sergas o que fai é avaliar de forma continua as necesidades e reforzar alí onde fai falta, non con titulares, señorías, senón con planificación e con datos.

E vólvolles recordar que este ano comezan por fin a formarse os primeiros médicos urxenxólogos. ¿Cantos solicitou Galicia? Sete, un por área. ¿Cantos nos concedeu o Goberno central? Seis, señorías. Só nos deixa formar seis. Ese é o compromiso do Goberno Sánchez coa sanidade galega.

Piden tamén manter abertas todas as unidades de hospitalización no verán. E iso soa moi ben, pero non é serio. A planificación hospitalaria require adaptar os recursos á demanda real. Non se trata de ter máis camas abertas sen necesidade, senón de planificar e de garantir que hai capacidade suficiente cando se precisa.

Cada ano a consellería planifica un plan específico de verán que garante a asistencia, e, por coller como referencia a actividade do período xullo-agosto de 2025 e comparado co do 2024 do mesmo período, a actividade incrementouse en todos os ámbitos, tanto en intervencións cirúrxicas e probas diagnósticas como en consultas. E as camas están sempre dispoñibles, sempre para ser usadas, o 100 por cento delas, cando se precisan. E no verán do 2025 estiveron activas o 92 por cento das camas e o 100 por cento dispostas e preparadas en caso necesario, polo que non se pecha nin se desmantela nada.

E os datos demostrano, con máis cirurxías, con máis probas. E —repito— as camas non se eliminan, están dispoñibles. E quero remarcar que ninguén queda sen atender, ninguén queda sen cama se o precisa na sanidade pública galega.

E vostedes foron os primeiros que pecharon as camas no Bipartito. Pero, claro, cando o facían vostedes, estaba ben, e agora, que o fai o PP, estaba mal. Señorías, isto ole a hipocrisía partidista.

Despois, no quinto lugar, piden presentar un informe sobre o incremento do persoal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O problema, señorías, non é a falta de información. O problema é que a vostedes non lles gustan os datos cando desmontan o seu relato.

En sexto lugar, piden adoptar medidas para evitar colapsos. E o Goberno galego reforma a prevención de colapsos en urxencias, ampliando a capacidade hospitalaria, incrementando persoal e reorganizando espazos e fluxos, e ademais aposta pola planificación continua e a avaliación cos profesionais. E, fronte a isto, vostedes insisten nun relato de colapso que non se corresponde cos datos nin co funcionamento real.



E, en sétimo e último punto, piden abrir un proceso de negociación cos profesionais. Pero ¿en que mundo viven, señorías? Galicia leva anos mellorando as condicións laborais dos profesionais, con avances reais, tanto en atención primaria como en hospitalaria; negociacións continuas con sindicatos, hoxe mesmo están negociando. Con cada problemática o Goberno Rueda dialoga.

Mire, se o PSOE quere negociar de verdade, empece por exixirlle á súa ministra que se sente cos médicos e que evite as folgas. Se lles preocupa a sanidade de verdade, reclamen un marco laboral específico para a profesión, porque esa é a realidade da súa xestión. Máis de 130.000 actos asistenciais suspendidos, señorías, por culpa desta folga, que á ministra non lle dá a gana de negociar cos profesionais. *(Aplausos.)*

Esta moción, señorías, é un novo intento do PSOE e do BNG, socios de goberno en Madrid —tanto monta, monta tanto—, de xerar desconfianza nun sistema que funciona grazas aos profesionais e a unha xestión responsable.

¿Hai marxe de mellora? Claro que si, e o Goberno Rueda traballa nela, pero non aceptamos aquí alarmismos nin simplificacións, porque o verdadeiro problema —e vostedes sábeno— é a falta de especialistas en toda España pola nefasta planificación do Executivo central, que non aumenta as prazas MIR.

Mentres non actúen en Madrid, señorías, haberá dificultades; mentres non cambie a actitude do Goberno central e do Ministerio de Sanidade, haberá dificultades.

Menos moción, señorías, e máis exixencia...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— ao Goberno.

Porque, señores da oposición, mentres en Galicia hai planificación, hai investimento e compromiso, o Goberno central, coa súa negativa a negociar cos médicos, está a deteriorar o excelente sistema sanitario e é responsable das demoras e das cancelacións cirúrxicas e das citas médicas.

Reflexionen, por favor. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Quero agradecer o apoio a esta moción do voceiro de Democracia Ourensana e da voceira do BNG, da señora Carreira, porque coincidimos maioritariamente nos temas que tamén ela expuxo.

Señora Amigo, de verdade que aburren. Aburren solemnemente coas mentiras continuas que traen a este hemiciclo. *(Aplausos.)* Porque vostede sabe que está faltando á verdade. Entendo



que pode ser moi obediente ás súas siglas políticas, que pode ser moi obediente ás consignas que lle dean dende a Xunta de Galicia, pero tamén sabe a verdade, e sabe perfectamente que, gobernando Mariano Rajoy, se convocaron moitísimas menos prazas de formación especializada sanitaria, e sabe perfectamente que o Goberno de Pedro Sánchez leva incrementado as prazas en máis dun 50 por cento. *(Aplausos.)* Por máis que lle pese, esa é a realidade.

Pero hai outra cousa. Vostede hoxe deu aquí un dato absolutamente demoledor, absolutamente demoledor, e voulo dicir. Eu xa lle dixen varias veces, tanto a vostede como ao señor conselleiro, que me dixera cantas prazas de MIR non lle concedera o Goberno de España. Pregunteillo a vostede, pregunteillo ao conselleiro multitude de veces. A calada foi a resposta. E hoxe di aquí que o gran problema é que pediron sete prazas de urxencias e lles deron seis. Ou sexa, que o problema é unha praza de urxencias. Ese é o problema do colapso que temos en Galicia. *(Aplausos.)*

Pero esa non é a realidade. A realidade, señora Amigo, é un problema político, é un problema político, e a oposición, seguramente todos por unanimidade, pero dende logo o Grupo Socialista, imos crer definitivamente que non teñen a mínima intención de arreglar os problemas que ten a sanidade pública en Galicia.

E agora, xa que vostede falou do CIS, non vale manipular os datos. Non sei se os quixo manipular ou non me quixo escoitar, porque vostede falou do 061 e tal. Pero eu, cando falei do CIS, falei da atención primaria, e o barómetro dinos que a xente que pasou por consulta, tres de cada dez, non consideran que a atención fora boa. Estou falando de atención primaria. Ese gráfico que vostede ensinou, entre outras cousas, é do 061. Entón, por favor, falemos do mesmo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tamén di... Esta é a gráfica real *(A deputada María Elena Espinosa Mangana mostra un documento.)* e aquí está Galicia; aínda que é pequena, vese perfectamente que está por baixo de todas as comunidades autónomas. Ademais, o 46,9 por cento dos galegos e das galegas percibe que as listas de espera hospitalarias empeoraron no último ano; soamente Murcia, falando de urxencias, ten unha cifra peor. E Galicia é, ademais, a comunidade que depende máis do sistema público; por iso debemos coidalo máis, porque en Galicia somos os que menos temos a seguranza privada, que tamén o di ese informe, se o quere ler completo.

Polo tanto, temos, dende o sistema público, que responderlles a todos os galegos e a todas as galegas que non teñen ao mellor oportunidade ou non queren contratar un seguro privado. Por iso digo que estamos a falar dun informe que pon de manifesto o mal que valora a xente a atención primaria. Non é algo que diga o Partido Socialista, é algo que di a xente.

E en todo ese estudo non quero que se me entenda, por favor, porque sei que mo van dicir seguramente na próxima intervención, que estou falando de calidade asistencial, porque nesa pregunta que se fai xa fala de organización, de recursos, de persoal, de xestión de citas, de *ratios* de médicos por paciente, e isto todo é responsabilidade de quen xestiona o sistema, neste caso é responsabilidade da Xunta de Galicia.

Por favor, cambien o rumbo definitivamente, se non queren matar unha das mellores cousas...



O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: ...que temos no público, que é a nosa sanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Pois, rematado o debate das mocións, procedemos á votación das mesmas. As portas xa están pechadas.

Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández Fernández.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Elena Espinosa.

Non hai tamén emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día, que son proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro Regulamento de costas

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tamén hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei para debate en Pleno, doc. núm. 692 (12/PNP-000055).

Emenda de substitución.

Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Demandar do Goberno do Estado unha nova redacción do anteproxecto de Real Decreto polo que se modifica o Regulamento Xeral de Costas aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, para que fiquen exceptuadas do establecido no mesmo os títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre vinculados ao desenvolvemento de actividades de acuicultura, depuración de marisco, conserveiras e calquera outra relacionada co sector mar-industria que teña carácter sustentábel, co fin de garantir o mantemento da actividade dese sector e evitar o desprazamento da zona marítimo-terrestre de empresas que necesariamente deben estar ubicadas preto do mar, que están plenamente integradas no medio e cunha actividade sostíbel, garantindo seguridade xurídica ás industrias afectadas.



- Dar cumprimento ao establecido na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza e aprobar antes do remate do actual período de sesións as Directrices de Ordenación do Litoral e o Plan de Ordenación Costeira previstos na mesma, unha vez superado amplamente o prazo marcado de aprobación de 2 anos dende a aprobación da Lei e tendo en conta que a súa inexistencia está a provocar unha total desregularización en contornas antes protexidas polo Plan de Ordenación do Litoral, agora derogado.

- Suspender a tramitación da rede de sendas do litoral que, segundo a Lei 4/2023, debería elaborarse dentro do Plan de Ordenación Costeira, aínda sen aprobar.

- Dar cumprimento ao establecido na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza e aprobar antes do remate do actual período de sesión o Plan de Ordenación Mariña previsto na mesma, toda vez que o prazo marcado para a súa aprobación remata no mes de xullo.>>

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Fidalgo Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 692 (12/PNP-000055).

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º- Garantir a máxima transparencia no procedemento de adaptación da normativa de costas ao ditame motivado emitido pola Comisión Europea no procedemento de infracción INFR (2022) 4121, remitindo ás comunidades autónomas costeiras, en particular á nosa, Galicia, a documentación completa do expediente, incluídos os intercambios de comunicacións coas institucións europeas e os informes internos dispoñibles.

2º- Convocar con carácter urxente a Conferencia Sectorial correspondente para debater con todas as comunidades autónomas costeiras o alcance da reforma do Regulamento Xeral de Costas e, no seu caso, da Lei de Costas, asegurando un auténtico proceso de cogobernanza no que se teñan en conta as competencias e a realidade específica de cada territorio, e dando resposta expresa ás alegacións presentadas por Galicia, e non convertendo o período de consulta pública nun trámite do expediente baleiro de contido.

3º- Priorizar unha revisión ordenada e consensuada da Lei 22/1988, de Costas, e da Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral, antes de adoptar modificacións regulamentarias de gran calado, de modo que calquera cambio no réxime de duración, prórroga e extinción das concesións no dominio público marítimo-terrestre realícese con pleno respecto ao principio de xerarquía normativa e á reserva de lei en materia de dominio público.

4º- Realizar e facer público un estudo detallado de impacto económico, social e laboral das reformas que se proxecten sobre as concesións no Dominio Público Marítimo-Terrestre, incluíndo, polo menos:
a) Número de concesións vixentes potencialmente afectadas por unha eventual redución da duración



máxima. b) Desagregación por sectores (pesca, marisqueo, acuicultura, transformación de produtos do mar, turismo, hostalería, portos deportivos e outros servizos). c) Estimación do impacto en investimento, emprego e tecido empresarial nas comunidades autónomas costeiras.

5º- Asegurar de forma expresa a plena seguridade xurídica das concesións xa outorgadas e dos investimentos realizados ao amparo do marco normativo vixente, evitando calquera retroactividade material das modificacións regulamentarias e garantindo o respecto ás prórrogas ordinarias e extraordinarias legalmente previstas, particularmente no caso das concesións compensatorias vinculadas a procesos de expropiación derivados de novos deslindes do dominio público marítimo-terrestre.

6º- Definir, en diálogo coas comunidades autónomas e con base en criterios científicos contrastados, os criterios técnicos de deslinde do dominio público marítimo-terrestre, evitando interpretacións expansivas baseadas en episodios extremos illados de temporais e garantindo que calquera modificación compácese cos principios de xestión integrada do litoral e coa protección efectiva dos espazos naturais e das actividades tradicionais que se desenvolven neles, e establecendo, de común acordo coas comunidades autónomas, unha moratoria na aprobación de novos deslindes ou na revisión dos existentes mentres se redefinen os criterios técnicos e se clarifica o marco concesional, salvo en supostos de risco certo para as persoas ou os bens.

7º- Garantir que, nos núcleos tradicionais costeiros con valor etnográfico, quede salvagardado o dereito á propiedade privada dos titulares rexistrados de inmobles afectados por novos deslindes do dominio público marítimo terrestre, respectando, en todo caso, que calquera eventual alteración do devandito status leve unha indemnización íntegra dos dereitos demaniais dos mesmos que puidesen ser modificados.

8º- Garantir que calquera modificación do prazo ou das condicións das concesións xa outorgadas ao amparo da Lei 2/2013 leve unha indemnización íntegra conforme ao artigo 33.3 e ao artigo 106.2 da Constitución, que comprenda tanto o dano emerxente como o lucro cesante derivado da redución do período concesional.

9º- Suspender preventivamente a tramitación do anteproxecto de Real Decreto de modificación do Regulamento Xeral de Costas naqueles preceptos que incidan directamente no réxime de duración e prórroga das concesións que amparan actividades económicas.>>)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Señorías, *Unha batalla tras outra* foi a película gañadora dos Óscars este ano, pero podería ser perfectamente o título da película que Galicia parece estar librando continuamente, pola forma na que o Goberno de España legisla contra a nosa terra. ¿Que lle fixemos os galegos a Pedro Sánchez? ¿Por que non lle caemos simpáticos? ¿Por que, cada vez que se toca o mar, a pesca ou o litoral, Galicia acaba pagando a factura?



Traemos hoxe ao pleno un debate absolutamente estratéxico para Galicia: o futuro do noso litoral, da nosa economía e da seguridade xurídica de milleiros de galegos e galegas. O pasado 1 de marzo o Goberno de España iniciou unha nova consulta previa para modificar o Regulamento xeral de costas, alegando que así cumpre un procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea. Pero a realidade é ben distinta, porque o que despois vimos no anteproxecto non é unha simple adaptación técnica, é un plan para expulsar progresivamente toda actividade do litoral. Escúdanse en Bruxelas, pero o alcance desta proposta nace do propio ministerio e vai moito máis aló do que exige a Comisión Europea.

O que realmente pretende o Goberno é estender a Directiva de servizos á cadea mar-industria. Sería, por exemplo, equiparar a situación dunha batea ou dunha conserveira coa dun chiringuito de praia. O Goberno pretende, ademais, eliminar prórrogas extraordinarias, mesmo anular as xa concedidas, e abrir a porta a revisar concesións vixentes. E iso, señorías, non é cumprir con Europa, iso é utilizar Europa como escusa para impor unha axenda que vai contra a actividade e a presenza humana no noso litoral. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, todo isto se fixo cun procedemento cheo de irregularidades. A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, xa denunciou o malestar de Galicia. As comunidades autónomas coñecemos o trámite pola páxina web, cun prazo de apenas dezaoto días hábiles, sen urxencia real, sen memoria de impacto normativo e sen a información necesaria para facer alegacións con rigor. E só cando Galicia alzou a voz en Madrid e tamén en Bruxelas, pedindo amparo cun informe xurídico que acreditaba que a reforma era contraria a dereito, o Goberno rectificou, enviou esa documentación e ampliou o prazo; é dicir, señorías, recoñeceu na práctica que a Xunta de Galicia tiña razón.

E todo isto, ademais, sen que exista ningunha tramitación de urxencia que o xustifique, porque —convén lembralo— o procedemento aberto pola Comisión Europea remóntase a decembro de 2024. ¿Onde está, por tanto, a urxencia? ¿Por que agora esta precipitación? Nós temos moi clara a resposta: non hai ningunha urxencia, hai unha forma de proceder que quere evitar o debate real, e así chegamos ao fondo do problema.

Señorías, estamos a falar de moito máis que dun regulamento, estamos a falar do sustento de sectores enteiros: pesca, marisqueo, acuicultura, industria transformadora, turismo, hostalería, que son piares da economía galega. Por iso non é casualidade que máis de trinta concellos costeiros e os principais representantes da cadea mar-industria se sumasen ás alegacións da Xunta de Galicia. Porque aquí hai unha preocupación real. Isto non é unha postura política, é unha reacción de Galicia enteira. *(Aplausos.)* ¿Por que? Pois porque o Goberno pretende modificar o regulamento sen revisar previamente a lei. Xa vimos o que pasou no ano 2022. O Tribunal Supremo anulou o regulamento por defectos no procedemento, e agora vólvese repetir o mesmo erro.

Pero o máis preocupante, señorías, é que o Goberno quere expulsar toda actividade do litoral, e iso é gravísimo. Estamos a falar de dereitos adquiridos, de investimentos xa realizados, de proxectos que se desenvolveron conforme a normativa vixente. E isto non é teoría; son fábricas de conservas, son plantas de conxelado, son depuradoras, son instalacións de acuicultura, bateas, factorías de transformación de produtos do mar, instalacións enerxéticas e servizos portuarios, que dan emprego, directo e indirecto, a milleiros de persoas.



Porque Galicia ten case 1.500 quilómetros de costa, é a comunidade con máis quilómetros de costa en España. Seriamos, por tanto, os máis prexudicados por unha modificación que afectaría uns 25.000 empregos, cuxa actividade se desenvolve no dominio público marítimo-terrestre e que representa uns 3.700 millóns de euros de facturación; (*Aplausos.*) non é pouca cousa, 3.700 millóns de euros.

¿Por que nos queren obrigar a que non exista toda esta actividade nunha das zonas máis ricas e produtivas do noso territorio? ¿Que sería de Galicia sen vida no litoral? ¿Queren que Galicia sexa unha postal bonita pero sen xente, sen barcos, sen fábricas, sen confrarías, sen empresas, sen mariscadoras na praia? ¿Ese é o futuro que queren para o noso pobo?

Señorías, non se poden cambiar as regras de xogo a metade do partido. Cómpre lembrar algo fundamental: Galicia ten competencias sobre o seu litoral, e iso non foi grazas ao Goberno de España, foi grazas ao Tribunal Constitucional, que en 2024 avalou a nosa capacidade para xestionar o litoral. (*Aplausos.*) Unha lei que, por certo, non contou co voto favorable de Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

Pero hai máis. Durante anos o Goberno central mantivo paralizados expedientes; preto de 140 expedientes levaban máis de cinco anos nun caixón; aínda hai 194 expedientes sen remitir á Xunta, e moitos chegaron en condicións deficientes. ¿Iso é casualidade? Non. Todo isto apunta a unha estratexia, que é reter expedientes para aplicar despois condicións moito máis duras. E, fronte a iso, Galicia respondeu, porque, desde que asumiu a xestión do litoral, a Xunta tramitou máis de 900 expedientes. Por iso, mentres uns bloquean, Galicia resolve.

Porque, señorías, o que estamos a pedir nesta iniciativa é máis que razoable. Non estamos en contra de Europa nin en contra da protección do litoral, o que estamos é en contra de facer mal as cousas. Pedimos, en definitiva, respecto, respecto por Galicia, porque Galicia non é un territorio máis, somos unha terra que vive co mar e do mar e porque o noso litoral non se pode decidir desde un despacho en Madrid, sen contar con nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señor Fidalgo, boa tarde.

Véxoo a vostede con moito ímpeto. ¿Sabe o que lle dicía o señor Lourenzo, o seu compañeiro pola mañá, ao meu compañeiro Bará? —a ver se se aplica o conto—: menos épica e máis rigor. Non lle viría nada mal. (*Aplausos.*)



O primeiro que nos chama a atención desta súa iniciativa, señor Fidalgo, é a rapidez coa que a traen a debate. Vostedes, con corenta deputados e deputadas, con oitenta mans cando menos, para facer iniciativas, pois resulta que presentan esta case tan rápidos como a conselleira de Medio Ambiente criticando a modificación do Regulamento de costas aínda case antes de que saíra a consulta previa. E así, a tema que sae, porque xa o vemos coa iniciativa que presentan, non hai máis que ver esta iniciativa: 30 de abril —deste ano non pode ser, que estamos en marzo— ¿do 2025?; non; 30 de abril do 2024; (*Aplausos.*) pasaron dous anos e tiñan tantas iniciativas feitas que non a deron traído a debate ata dous anos despois.

E dicía vostede que este era un debate estratéxico para Galiza, non sei cando a ía traer se non chega a ser estratéxico, igual agardaban a que rematase a lexislatura. É que de verdade que o de estratéxico non casa con dous anos de atraso presentando isto.

E isto ao que os leva é, precisamente, a traer unha iniciativa cun único punto, co que ata poderíamos estar de acordo, a traer hoxe unha emenda, unha autoemenda, (*A deputada Rosana Pérez Fernández mostra un documento.*) con un, dous e tres folios, nada máis e nada menos que nove puntos. En fin, estratéxico. Moi preocupados non debían estar vostedes polo tema, ¡eh!

A que si parece realmente preocupada é a conselleira de Medio Ambiente, pero preocupada para ver se desta vez a ver se ten éxito nesa campaña que está a levar a cabo en contra da modificación precisamente deste regulamento. Porque fíxese, señor Fidalgo, eu tamén teño algún datiño, non como os seus, pero mire, a ver se lle gusta.

Mire, no 2024, que foi a última vez que o Goberno español intentou modificar este regulamento, a conselleira de Medio Ambiente percorreu todo país, subiu na furgoneta e convocou a todos os concellos, o sector da cadea mar-industria... ¡Fíxo un «campañón»!, coma sempre, para explicar o ben que o fai a Xunta e o mal que o fan todos os demais. Pois resulta que cando rematou ese «campañón» de propaganda, de meterlle o medo no corpo á xente, mirentes vostedes que datos saíron: de 69 concellos costeiros que hai no noso país, sumáronse ás alegacións da Xunta 26, e de 63 confrarías que hai no país, sumáronse ás alegacións da Xunta 20.

E, claro, a pesar de recoñecerlle, señor Fidalgo, que os lemas da campaña da señora conselleira de Medio Ambiente eran potentes, ¡eh! Leo textualmente: «Van acabar coa costa e con toda a actividade que se desenvolve nela»; «O Goberno de Madrid está en contra de que haxa vida na nosa costa»; «A Xunta é a que protexe as edificacións costeiras e ofrece seguridade xurídica ás empresas do litoral»; e, o último e o mellor, «Lexislamos»... —dicía a señora conselleira de Medio Ambiente— «...para o beneficio xeral». E todo isto, o de «lexislar para o beneficio xeral», en boca dun goberno a quen o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de condenar, precisamente, por reducir a protección dos terreos onde pretendía instalar Altri, (*Aplausos.*) ou en boca dun goberno que é o primeiro en presentarse voluntario, o primeiro en levantar a man, para dicirlles ás eléctricas e ao Goberno de Madrid que os eólicos se poñan aquí antes que en ningún sitio, que os eólicos mariños se poñan en Galiza. «Lexislar para o beneficio xeral», aí queda esa.

Agora, señor Fidalgo, van ter difícil superar aquela campaña, pero a súa conselleira volve á carga e non desiste. Acusa o Miteco —entrecomiño— de «asaltar o litoral» e ata fala de



«caos social e económico». E di todo isto sabendo que é a Unión Europea a que obriga a limitar as concesións de costas, impedindo que se prorroguen automaticamente mediante unha directiva, a Directiva de servizos, señor Fidalgo, que o propio Partido Popular votou a favor en Europa, como fan sempre. (*Aplausos.*)

Unha directiva, señor Fidalgo —atenda, que isto é moi importante—, que mesmo xa estaba en vigor cando o señor Rajoy, no ano 2013, reformou a Lei de costas; cando o señor Rajoy, no ano 2014, reformou o Regulamento de costas; e cando —tamén estaba en vigor esa directiva que vostedes apoiaron na Unión Europea—, no ano 2016, o señor Rajoy, cun goberno en funcións, aprobou unha prórroga da concesión de Ence na ría de Pontevedra. (*Aplausos.*) Por certo, ¡por certo!, mentres o señor Rajoy aprobaba todo isto, o señor Feijóo, o señor Rueda e todas as deputadas e deputados do Partido Popular, caladiños coma petos.

E todo isto, señor Fidalgo, é o que arrastramos no día de hoxe. Así que, como o que defenden vostedes xa o sabemos, xa o acabamos de escoitar aquí e a súa propaganda xa a coñecemos, vou dicir con claridade o que pensa o Bloque Nacionalista Galego, cal é o noso posicionamento. ¿Sabe por que o quero repetir aquí con claridade? Para que non teñan a intención —como fan sempre, por outra parte— de enganar vostedes a cidadanía, como fixeron no ano 2021, mentindo sobre a postura do BNG diante do artigo 20 da Lei do cambio climático, que nós non votamos a favor.

Posicionamento do BNG.

En primeiro lugar, estamos a favor de que, no prazo de consulta que está aberto, se garanta a máxima participación e que o Goberno central non faga como o da Xunta, que aproba, xustamente, ducias de modificacións de leis pola porta de atrás cada ano coa Lei de acompañamento. (*Aplausos.*)

Segundo, totalmente a favor da máxima transparencia, da ampliación do prazo de consulta pública e do diálogo con todas as partes.

Terceiro, aínda que a normativa europea, que votou a favor o seu partido, o Partido Popular, establece que as concesións teñen que facerse por concorrencia, dende o BNG defendemos que hai actividades do ámbito do mar cuxo cambio suporía, precisamente, un cambio de modelo e podería —podería— abrir a porta á especulación. Por certo, a unha especulación parecida ou igual, ou superior ou inferior, á que querían facer vostedes cando puxeron en marcha a Lei de acuicultura, que, final e afortunadamente, tombou o propio sector.

Cuarto, as modificacións que se fagan —neste regulamento estou falando, evidentemente— teñen que ter en conta, si ou si, señor Fidalgo —isto queda gravado, para que logo non manipulen—, a realidade diferencial da nosa costa. Entender, dunha vez por todas, que nós non somos o Mediterráneo e que adicamos a nosa costa ao noso propio desenvolvemento económico, e nomeadamente...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.



ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ... ao relacionado co mar, que dá de comer a miles de persoas no noso país, aínda que a Xunta de Galiza leve dezasete anos facendo o posible para que esas miles de persoas, cada vez, sexan menos.

Polo tanto, señor Fidalgo, entendemos que as modificacións que se fagan teñen que garantir a continuidade pero, a ver: teñen que garantir a continuidade das actividades económicas tradicionais e sustentábeis —tradicionais e sustentábeis—, nada de «Ences» nin de «Altris». Para iso, o Partido Popular. *(Aplausos.)*

E quinto e último, señor Fidalgo,...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta—, as modificacións teñen que ter en conta a incidencia que xa está a ter o cambio climático, nomeadamente no referido á vulnerabilidade das rías, cuestión que vostedes levan obviando, cando menos, dez anos, por non irmos máis atrás.

Neste sentido, señores e señoras deputadas, vai a nosa emenda, que entendemos que é perfectamente aceptable se están de acordo con todo o que acabamos de dicir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Parlamentario Mixto non se encontra no hemiciclo. Por tanto, damos a palabra ao representante do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, o señor Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Boa tarde a todas, e grazas, presidenta.

Temos outro fascículo máis da utilización deste Parlamento polo PP para confrontar co Goberno de España. Incrementábase a porcentaxe de utilización, pero para traer propostas de mellora da sanidade, do emprego e da industria para os galegos, o PP non fai nada de nada. Ten razón o secretario de Estado cando di que a Xunta só trata de crear alarma inxustificada. Señor Fidalgo, un exemplo.

Sobre a intelixencia da conselleira, mellor deixalo aí, porque menudo ridículo fixo na súa visita a Bruxelas. Unha proposta de abril de 2024, todo lles vale; claro, autoemenda actualizada e masiva. O preocupante —e puidémolo comprobar agora— é a falta de rigor absoluto do Goberno de todos os galegos; unha máquina de enganar e de tratar de manipular sobre algo tan serio como é o cumprimento das normas da Unión Europea, ao que está obrigado o Goberno do Estado e sobre as que a Xunta debería ter lealdade institucional. «A apocalipse», segundo o señor Fidalgo. Coas súas opinións, colocan o Goberno galego na marxe da lei. Propoñen un incumprimento grave da normativa europea, e todo iso aderezado con mentiras e manipulación.



Vaiamos ao relato que oculta o Goberno do PP a este Parlamento. En abril de 2021, a Comisión Europea abriu un piloto de infracción ao Reino de España por incumprimento da Directiva de servizos, ao considerar que a lexislación española permite que as concesións para a ocupación de dominio terrestre se concedan sen concorrencia competitiva e se prorroguen automaticamente, o que contravén a lexislación comunitaria, señor Fidalgo. Tras dúas contestacións, que vostede omite, do Reino de España expoñendo o axuste da lexislación de costas á normativa europea, en febreiro de 2023 a Comisión Europea —Comisión Europea do Partido Popular— considerou insuficientes as xustificacións e abriu un procedemento de infracción —procedemento de infracción—, con carta de emprazamento a España por incumprimento desa directiva.

Durante todo este tempo, mantivéronse conversacións coa Comisión, así como comunicacións escritas coas propostas do Miteco para modificar a lexislación de costas e adaptala á normativa europea, comunicacións das que ten coñecemento a Xunta de Galicia. ¿Urxencia, señor Fidalgo?, ¡claro que si! O 26 de xaneiro de 2026 —deste ano— tivo lugar unha reunión coa Comisión na que se explicou que, en tanto é parlamentariamente imposible —imposible— aprobar as modificación das leis por culpa do Partido Popular en España, o Goberno ten intención de modificar o Regulamento xeral de costas, de xeito que non se poidan tramitar concesións sen concurso previo, o que evitará que se produzan resolucións contrarias á normativa europea.

A Comisión Europea, señor Fidalgo, agradeceu o esforzo e a colaboración de España para avanzar nunha solución para o procedemento de infracción e viu con bos ollos a modificación do Regulamento xeral de costas, pero resaltando que, para archivar definitivamente o procedemento de infracción, será necesario modificar a Lei de costas. Con todo, a Comisión Europea, que vostedes presiden, está disposta a non escalar na condena a España —repito: a non escalar na condena a España— se, efectivamente, modifica o Regulamento, que é o que se pretende. Repito: «a non escalar». Esta é a realidade.

E vaiamos agora coas mentiras do PP. O anteproxecto de modificación do Regulamento xeral de costas, que foi sometido á información pública, en absoluto impide que se outorguen concesións no dominio público marítimo-terrestre. É mentira. A modificación, como se expón no borrador dispoñible na web do ministerio, exclusivamente modifica o procedemento de outorgamento das concesións para garantir a concorrencia.

Respecto do sector mar-industria, a modificación do regulamento que se tramita non prevé reducións de prazo respecto ao regulado desde 2014. ¡É mentira, unha máis! Ao contrario, prevese aumentar o prazo de cincuenta anos para cultivos mariños que prevía a regulación de 2014, que —debería recordar— foi aprobada polo PP a setenta e cinco anos.

A modificación do Regulamento xeral de costas axústase ao exixido pola Comisión Europea no procedemento de infracción —procedemento de infracción, señor Fidalgo— relativa a esa concorrencia. A Comisión Europea exixiu que se incluíse un réxime transitorio para aquelas concesións outorgadas en cumprimento da normativa europea, o que en ningún caso significa que se vaian anular concesións, e que, se é necesario adaptalas e o concesionario non está de acordo, a Administración poderaas revogar, previa indemnización. Non hai, por



tanto, inseguridade xurídica. A inseguridade xurídica, señor Fidalgo —débeno saber concellos e empresas— témola hoxe.

O principal obxectivo, e así se fai constar na consulta previa, é corrixir aqueles aspectos da duración, tramitación, outorgamento, xestión, prórroga e extinción dos títulos de ocupación de dominio público. (*Aplausos.*) Polo tanto, introducirase a obrigatoriedade de que as concesións de dominio público se outorguen previo concurso público e non se permita a súa prórroga automática.

Faise imprescindible esta modificación para evitar que o procedemento de infracción, que vostede parece ignorar, escale a unha condena para o Reino de España, que todos debemos de evitar, tamén a Xunta.

A Xunta de Galicia, competente desde o 1 de xullo de 2025, aínda non outorgou nin un só título de ocupación para o sector mar-industria que tanto din defender. O Miteco analizará todas as achegas recibidas no período de información pública e incorporará aquelas que considere acordes coas exixencias da Comunidade Europea, polo que a Xunta, se ten algunha observación seria, legal e construtiva, será tida en conta.

É importante lembrar que o Estado, como titular do dominio público, ten a competencia para establecer o réxime xurídico de dominio público marítimo-terrestre que debe ser único para toda España. Isto tamén era así cando gobernaba Rajoy. A modificación, ademais, contempla que as propias comunidades autónomas, ou outras autoridades competentes nas materias específicas, regulen de que maneira van aplicar as exixencias da normativa europea de concorrencia competitiva ás actividades que eles autorizan, polo que a Xunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...poderá regular —conclúo— aquelas actividades que son da súa competencia, como a acuicultura. Este é o relato coa orixe en 2021. Esta é a contestación ás mentiras do Partido Popular.

Con esta emenda actualizada, o que o PP pretende é que o Goberno do Estado incumpra cos compromisos da Comisión Europea —si, están vostedes en contra da lexislación europea—; compromisos valorados positivamente pola Comisión Europea. O que o PP pretende é que o Reino de España sexa obxecto de sanción, é dicir, o Goberno galego está incumprindo as leis. Menos mal que o Goberno de España é serio e cumprirá coa lei, evitando unha multa millonaria que pagaríamos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...todos os españois e que ao PP parece importarlle moi pouco.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



O turno de peche é para o autor da proposición.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Escoitando as intervencións da oposición, dá a impresión de que hai quen quere reducir esta cuestión a unha simple confrontación política co Goberno de España, pero non é isto do que estamos a falar.

Este é un debate sobre como se toman as decisións que afectan directamente o futuro de Galicia, o futuro do noso litoral e o futuro de milleiros de familias que viven do mar. A pregunta de fondo é moi sinxela: ¿é razoable pedir transparencia?; ¿é razoable pedir toda a información —a información completa—?; ¿é razoable pedir a participación real das comunidades autónomas costeiras nunha reforma que as afecta de cheo? Nós, no Partido Popular, cremos que si. (*Aplausos.*) Creemos que o Goberno ten que atender as alegacións presentadas pola Xunta, (*Aplausos.*) polos concellos e polos sectores implicados. As que non son razoables son as declaracións do secretario de Estado de Medio ambiente, nin as súas, señor Font, porque non se pode —nin se debe— recorrer a valoracións sobre a intelixencia das mulleres, neste caso da conselleira, para rebater argumentos políticos. É inadmisibile, sinceramente, e deberían pedir desculpas, se tivesen un mínimo de dignidade política. (*Aplausos.*) ¿Como era aquilo?: ¿*Soy feminista porque soy socialista?* A ver, señor Font...

O Goberno central debería centrar en compatibilizar as exixencias de Bruxelas coa defensa da xente do litoral e da súa actividade. Tampouco é serio afirmar que aquí non hai riscos porque os hai: hai risco para a seguridade xurídica das concesións; hai risco para os investimentos; e hai risco para miles de empregos ligados á pesca, ao marisqueo, á acuicultura, á industria e ao turismo. Galicia, polo tanto, non se pode permitir xogar con esta incerteza. Aquí ninguén —¡ninguén!— cuestiona a protección do litoral nin o cumprimento do dereito europeo, que quede claro; o que cuestionamos é como se está facendo porque se está facendo sen diálogo, sen planificación, sen estudos de impacto económico e orzamentario, sen co-gobernanza e sen respectar a realidade concreta do noso litoral e das actividades que nel se desenvolven.

Por iso insistimos, señorías, señora Pérez e señor Font: o Parlamento de Galicia ten hoxe a oportunidade de defender isto con claridade, por riba das diferenzas entre os partidos políticos. Nós témolo claro: non imos permitir que acaben con esta «Galicia Calidade» que tanto nos gusta. Non van conseguilo. Galicia vai dar a cara e vai dar a batalla, unha tras outra.

Por iso, señorías, nós somos o PP, un partido popular e liberal que defende e defenderá a pesca e o litoral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Que di sobre a emenda, señor Fidalgo?

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Non, non aceptamos a emenda, presidenta.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para axilizar a transposición da Directiva (UE) 2020/285 do Consello, do 18 de febreiro, xa en tramitación no Congreso dos Deputados, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, garantindo a súa adecuada adaptación ao ordenamento xurídico interno e atendendo ás necesidades dos autónomos e das pemes.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonzo, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Constituír o Observatorio Galego do Emprego Autónomo como órgano permanente e independente para a elaboración de propostas e para a avaliación das políticas públicas destinadas ás persoas traballadoras por conta propia.*
- 2. Debater e elaborar no seo do Observatorio propostas concretas destinadas a conseguir unha cotización xusta vinculada aos ingresos reais, unha protección social plena, o acceso efectivo ao cese de actividade, políticas públicas que corrixan a escalada dos prezos dos alugueiros comerciais, e medidas feministas específicas que garantan a protección das mulleres autónomas fronte á violencia e á discriminación.*
- 3. Estudar e elaborar unha proposta concreta de transposición da Directiva da UE 2020/285 do Consello do 18 de febreiro.»)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Noelia Pérez.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Con este anuncio (*A deputada Noelia Pérez López amosa a copia dunha nova.*) de hai un par de horas, poderíamos retirar a iniciativa que trae o Partido Popular hoxe, se crésemos nas promesas do señor Sánchez, pero comprenderán que, a estas alturas da película e coñecendo o personaxe, sexamos escépticos. O único certo deste anuncio é que o Partido Socialista leva 448 días penalizando os autónomos españois e galegos sen traspoñer unha directiva obrigatoria e, agora, utilízaos como moeda de cambio con Junts. Esa é a única realidade. (*Aplausos.*)

¡Así funciona este Goberno do Estado, señorías!; funciona «*chantaje va, chantaje viene*». O que non fan por convicción, fano por supervivencia do señor Sánchez e, ademais, en privado. ¡Que máis haberá detrás deste acordo, señorías, que aínda non sabemos! Nós non imos participar neste mercadeo. Os autónomos non son moeda de cambio de ninguén, senón que son persoas que merecen respecto, que merecen certezas e que merecen medidas reais que non teñen deste Goberno de España. Por iso, imos seguir adiante con este debate, porque non estamos aquí para confiar, senón que vimos aquí para exixir e para garantir.

Gustárame saudar os representantes da Asociación de Autónomos e Pemes de Galicia que hoxe nos acompañan. Neles, visibilizamos máis de duascenas dez mil persoas traballadoras autónomas galegas que, co seu esforzo diario, contribúen para facer unha Galicia máis forte, máis dinámica e con máis futuro, para as que lles pido un aplauso. (*Aplausos.*)

Señorías, nós imos debater hoxe sobre a implantación dun sistema de IVE franquiado en España. Calquera que nos escoite podería pensar que imos falar dun tecnicismo fiscal, pero non, porque o fondo desta cuestión é unha decisión política: a decisión do Goberno do señor Sánchez de non traspoñer en España a Directiva europea 2020/285, pensada, precisamente, para simplificar a vida dos pequenos negocios; unha directiva que permite que autónomos con menor facturación, ata 85.000 euros, non teñan que repercutir nin declarar o IVE, reducindo así cargas administrativas, facilitando a súa actividade e facéndoos máis competitivos. Isto non é unha ocorrencia do Partido Popular, é unha medida impulsada pola Unión Europea, aplicada xa no resto de países de Europa e na cal todos avanzan menos España que, unha vez máis, volve chegar tarde.

Repito: son 448 días incumprindo con Europa e desoíndo os avisos de hoxe da Comisión Europea no Tribunal de Xustiza Europeo. É un atraso, señorías, que pode non ser inocuo. ¡Bueno, de feito, non é inocuo! Se ao final chegan sancións, non as vai pagar o Goberno, ímolos pagar todos os cidadáns. Isto tamén ten un custo para a credibilidade como país. Desde que governa o señor Sánchez, estamos a gañar fama, pero non precisamente pola nosa seriedade. E o que é peor, ten un custo en competitividade para os autónomos españois e tamén para os galegos. O Goberno do Estado vai tarde e leva máis dun ano prexudicando e deixando fóra de xogo as pequenas empresas e os autónomos.



Hoxe, un autónomo, galego ou español, non ten as mesmas oportunidades que teñen outros países. Ten máis burocracia, máis custos e menor liquidez, pero é que hai algo aínda máis grave: xa non só non os axudan dentro do país, senón que lles están impedindo competir en igualdade de condicións dentro do mercado europeo; impiden así que un autónomo español ou que un autónomo galego, que traballa con outros países da Unión Europea, se poida beneficiar do réxime de franquía dese país. Como non lles chegaba xa con ese viacrucis ao cal os ten sometidos ese Goberno progresista do señor Sánchez —no cal só progresa el, por certo, coa subida das cotas, coa subida dos impostos e coa inseguridade xurídica—, levan un duplo castigo pola inacción política. Isto vese, con total claridade, en Galicia. Na fronteira con Portugal, en Tui —por poñerlles un exemplo, pero poderíamos falar tamén de varios autónomos de concellos limítrofes de Ourense—, os autónomos galegos están perdendo competitividade e non porque traballen peor, que o fan estupendamente, senón porque mentres o Goberno de España lles complica, cada vez máis, saír adiante e lles nega o que Europa lles reconece, o Goberno portugués si se preocupa, si xestiona pensando nos seus e si simplifica; así de sinxelo. É igual que este debate, no que soben a este estrado: ou soben para defender os autónomos e poñerse ao seu carón, con todas as consecuencias, ou soben para seguir xustificando as políticas do Goberno de España, que están a asfixialos.

Nós hoxe traemos unha demanda que ten que ser aplicada con carácter urxente. Non é ningún capricho nin ningún privilexio para ninguén. Ademais, tería outro efecto clave, que é facilitar o emprendemento e facilitar que quen queira iniciar unha actividade a poida facer con menos cargas desde o primeiro momento, ao igual que quen queira abrir un negocio, quen queira impulsar o autoemprego e quen queira dinamizar a economía local.

Se o IVE franquiado se está a aplicar en toda Europa, excepto en España; se foi demandado en reiteradas ocasións polas pemes e polos autónomos; se foi negociado coas organizacións de autónomos e co Ministerio de Facenda por meses; e se o Goberno de España leva dicindo meses que está en tramitación, pero en realidade non hai avance ningún..., a pregunta que se fan hoxe milleiros de autónomos é inevitable: ¿por que? A pregunta é por que non o puxo aínda en funcionamento cando, por exemplo, o 35 por cento dos autónomos viu caer a súa facturación en 2025; cando un 63 por cento declara ingresos anuais por debaixo do salario mínimo interprofesional, e vostedes sábeno; ou cando o 93 por cento dos autónomos, ademais de asfixiados fiscalmente, din que están sobrepasados polo aumento da carga administrativa. ¿É unha falta de xestión? Podería ser. ¿É unha falta de interese? Tamén podería ser, vindo de quen vén. Ou pode ser por todo un pouco: ou pola dupla vara de medir do Goberno, cando lle convén, ou polas prioridades do Partido Socialista, porque exemplos hai, se non, miren: a Directiva europea de residuos, é dicir, a suba do recibo do lixo, de toda a vida —para que nos entendamos—, foi trasposta ao ordenamento español con impostos que engadiu o señor Sánchez. Europa non o obrigaba, e subiunos o recibo a todos. Tamén podíamos falar da Directiva de plataformas dixitais ou da dos plásticos dun só uso. Todas estas foron traspostas a unha velocidade impresionante, con suma rapidez, e todas teñen algo en común. ¿A que non imaxinan o que é, señorías?: é recadar máis, máis ingresos para o Goberno — ¡caramba!—. ¡Cando as medidas son para axudar as familias ou para aliviar os autónomos, hai atrasos, pero cando as medidas son para que o Goberno de España siga a ingresar máis, aí si que vai áxil o Partido Socialista! (*Aplausos.*)



É moi difícil de entender que mentres Europa trata de facilitarlles a vida, o seu propio país non o faga, e está claro —e acabamos de velo— que non é por falta de capacidade, senón que é por falta de vontade. E isto ten responsables. Eu quérólles ensinar unha foto para que vexan os responsables. *(A deputada Noelia Pérez López amosa un documento con fotos e texto.)* Hoxe quedou máis claro que nunca con este decreto. Son os xefes dunha banda de saqueadores que levan saqueando, desde o ano 2018, os autónomos e as empresas deste país. ¡Ollo cos andaluces!, que agora acaban de convocar eleccións e o señor Sánchez lles quere mandar para alí unha da xefas do maior plan de saqueadores *(Aplausos.)* deste país para as empresas, para as pemes e para os autónomos. *(Aplausos.)*

Non son só eles os responsables, señorías, senón que tamén son responsables quen os respaldan, quen os xustifican e quen están a permitir todo isto. E teño que mirar para as señorías do Partido Socialista de Galicia e para as señorías *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* do Bloque Nacionalista Galego —ten agora un turno de intervención, se quere—. Non poden vir aquí querendo venderlles que os defenden aos autónomos e, en Madrid, apoiar mansiños decisións que os prexudican. Non se pode soprar e sorber —nunca se puido—, e vostedes tampouco poden facelo ao mesmo tempo. Por iso, hoxe pídolles que se unan ao Partido Popular e que se deixen de escusas.

Non sei quen, do Bloque Nacionalista Galego, vai defender esta iniciativa, pero aquí hai un deputado, en segunda fila, que ten unhas ganas impresionantes de falar sempre que non lle toca. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —sempre que non lle toca—. *(Aplausos.)* É que é irrespectuoso co resto de deputados que están aquí subidos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* no seu turno de palabra— ¡totalmente irrespectuoso!— e segue sendo irrespetuoso.

O PRESIDENTE: Remate.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Reitero, eu pídolles que se unan ao Partido Popular...;

O PRESIDENTE: Remate.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...—remato, presidente—...; que se deixen de escusas con emendas que non lles solucionan nada nin ás persoas traballadoras autónomas nin ás pequenas empresas en Galicia; e que exixan ao señor Sánchez a exención do IVE para máis de cen mil autónomos galegos e persoas que queren emprender en Galicia, para que poidan ter prezos máis competitivos e un alivio das cargas administrativas, e para que poidan facer o que mellor saben facer, que é traballar e saír adiante.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Patricia Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.



Boas tardes a todos e a todas.

Saúdo tamén o presidente da Asociación de Autónomos e Pemes de Galicia.

O que está pasando neste Parlamento é sinceramente preocupante. Case o setenta por cento das iniciativas aprobadas nesta Cámara se dirixe ao Goberno de España: todo é culpa do malvado Pedro Sánchez, e quen, por certo —aínda que lle doa ben á bancada do Partido Popular—, está liderando a nivel internacional un «non á guerra ilegal» ao cal seguiu logo o resto dos líderes europeos, incluso a señora Meloni.

Que isto ocorra neste Parlamento amosa que non existe un verdadeiro control democrático do Executivo galego. É un desprezo descarado ao traballo dos deputados e das deputadas que nos sentamos aquí, (*Aplausos.*) neste Parlamento. E iso ten un único responsable: o Partido Popular de Galicia, convertido nunha verdadeira apisoadora institucional. (*Aplausos.*) A cabra tira para o monte; segue tirando.

Pero máis grave, e o fondo político, é que realmente o señor Rueda non goberna para Galicia, confronta para Galicia. ¿Por que? Porque dirixe todo cara a Madrid, executa as instrucións de Génova 13 e segue un líder estatal desnortado, incapaz de dicir «non», de forma clara, a unha guerra ilegal. Como antes foi equidistante co xenocidio de Gaza e agora tamén o é co que se está cometendo —o xenocidio— no Líbano. Mentres, evidentemente, segue en caída libre nas enquisas —esas do CIS, que tan pouco lle gustan—, aquí, en Galicia, e ten consecuencias directas: como dicía, o setenta por cento das iniciativas —desprezando este Parlamento— diríxese ao Goberno de España.

O Goberno segue sen exercer as súas competencias exclusivas, que son importantes e que teñen incidencia na vida dos galegos: a sanidade, a educación, a vivenda, a pesca, o agro... ¿E as iniciativas do Partido Popular... onde están, interpelando o Executivo galego...?; ¿...ou chegando ao señor Rueda de novo tarde para responder, en tempo, ás consecuencias dunha guerra ilegal..., facendo unicamente de carteiro ás declaracións ruíns de onte sobre criticar o plan de choque de medidas anticrise para unha guerra ilegal de 5.000 millóns de euros que van favorecer aos galegos e ás galegas? ¡Que declaracións máis ruíns as de onte do presidente Rueda! ¿Iso é ter lealdade institucional, señora Pérez?

Ao Goberno galego pouco ou nada lle preocupa os problemas dos galegos e das galegas. E ¿iso que amosa? Pouco ou nada lles preocupa aos deputados do Partido Popular dirixir as iniciativas ás competencias exclusivas que ten o Executivo galego. O único que lles preocupa é buscar e rebuscar para confrontar co Goberno do malvado Pedro Sánchez. E esta iniciativa é un exemplo da busca de confrontación; ¿por que? Porque, evidentemente, non busca axudar as pemes nin os autónomos. ¿Por que? ¡Porque o Parlamento non ten competencia para transpoñer unha directiva europea sobre o tema do IVE, señora Pérez! (*Aplausos.*) ¡Non ten competencias! (*Aplausos.*) ¡¿Por que dirixe esta iniciativa aquí, neste Parlamento?! (*Aplausos.*)

A realidade é clara, señora Pérez, a trasposición da Directiva 220/2085, para axudar as pemes e os autónomos, xa está en tramitación no Congreso dos Deputados; está en tramitación, entrou xa no Rexistro do Congreso. Tarde, é certo —e admítoo: tarde—, pero chegou, e es-



tase tramitando. Polo tanto, señorías do PP, señora Pérez, chegan tarde e chegan mal; e veñen aquí facer o teatrillo político ao cal nos teñen acostumados: é todo culpa do malvado Pedro Sánchez.

¿E que é o que se pretende con esta directiva —en tramitación xa—, coa trasposición no Congreso dos Deputados? Pois preténdese permitir aos pequenos negocios que non cobren o IVE; e tamén que non o declaren, se teñen unha facturación inferior a cen mil euros; e recóllense medidas de simplificación e de redución da burocracia para pequenos negocios. Isto está en tramitación xa no texto —evidentemente— que se vai traspoñer.

Ademais, cómpre dicir —para ser rigorosos no debate técnico— que, realmente, o sistema de IVE franquiado é unha opción da Directiva, é dicir, non é unha obriga para os Estados membros —pode consultalo, señora Pérez—. En España, óptase por non aplicar o sistema de franquía para pemes e autónomos, por unha razón ben sinxela —que todos os que nos están escoitando poden entender—, porque xa temos sistemas mellores para as pemes e os autónomos, como son —e sabe— o réxime simplificado do IVE e o recargo de equivalencia. Ademais, na trasposición en marcha, si se acolle a posibilidade de que as pemes e autónomos españois, que teñan negocio noutros Estados membros, se poidan acoller ao sistema de franquía —e sábeo ben, tamén coma min—. Isto é gobernar e non é facer titulares e confrontación.

Os datos, ademais, emendan o relato do PP que tanto lles gusta, que é «realmente, o Goberno de España nunca atende os autónomos e as pemes». Son bulos e é falta absolutamente de datos e falta absolutamente de rigorosidade. Datos do INE ou datos do BOE —segundo prefira—: tres millóns de pemes en 2025, máis do 4,3 por cento respecto do ano anterior; máis de dous millóns de pequenas empresas con empregados e empregadas; vendas e beneficios, un incremento próximo ao 30 por cento nos últimos sete anos do Goberno socialista; axudas do Goberno de España sen precedentes aos autónomos e tamén ás pemes; tarifa plana de oitenta euros á Seguridade Social para novos autónomos durante o primeiro ano; capitalización por pago, é dicir, un pago único que permite cobrar todo o paro de golpe para investir no inicio dun negocio; prestación por cesamento da actividade; e o chamado «paro dos autónomos», que se pode solicitar se o negocio pecha; axudas do Kit Dixital, é dicir, axudas económicas para modernizar o negocio das pemes, das microempresas, dos autónomos, para páxinas web, redes sociais, xestión de clientes etcétera; o crecemento, sen parangón, de mulleres autónomas emprendedoras, con microcréditos de ata vinte e cinco mil euros sen aval e programas de asesoramento; axudas para transportistas autónomos de até trinta mil euros para maiores de 63 anos. Son datos con rigorosidade; datos do INE e datos do BOE, señora Pérez. Evidentemente, hai desafíos para os autónomos e hai desafíos para as pemes, pero o Goberno de España non os abandona. Galicia, evidentemente, perde con esta estratexia de confrontación.

Señorías, esta iniciativa é innecesaria para o Parlamento galego porque non temos competencias para traspoñer unha directiva. E chega tarde porque xa se está tramitando, no Congreso dos Deputados, a Directiva do IVE e é profundamente oportunista porque non busca axudar as pemes e os autónomos, senón que busca perpetuar a falta de respecto polo traballo dos deputados e deputadas deste Parlamento.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonzo.

RAMÓN FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde a todos e a todas.

Obrigado, señor presidente.

Benvidos aos representantes das persoas autónomas.

Antes de nos pronunciar sobre esta iniciativa sobre as persoas traballadoras autónomas, consideramos importante dar un par de datos, así como facer algún comentario que sirva para entender a situación deste colectivo, que sirva tamén para desmentir algunhas das afirmacións máis recorrentes do Partido Popular e que sirva, finalmente, para explicar a nosa emenda —a nosa proposta—; unha proposta que si é competencia da Xunta de Galiza e deste Parlamento.

En primeiro lugar, sobre a importancia deste colectivo no noso país, na Galiza, abondará dicir que estamos a falar de máis de duascientas mil persoas, o que equivale case a unha cuarta parte das persoas afiliadas ao réxime xeral; é dicir, trátase dun colectivo moi numeroso e cun peso relativo no conxunto do emprego, moi elevado, máis que no conxunto de España, onde as persoas autónomas non chegan a ser un quinto das persoas afiliadas ao réxime xeral. Así que, comparativamente, este colectivo é máis numeroso e, polo tanto, máis importante na Galiza que en España.

En segundo lugar, o número de persoas autónomas na Galiza non deixa de minguar desde o primeiro Goberno do señor Feixóo. Concretamente, desde o ano 2009, perdeuse o 12,4 por cento dos empregos por conta propia no noso país; unha perda de empregos moi elevada, que significa, sen dúbida, unha profunda crise do colectivo.

En terceiro lugar —quero facer un desmentido—, os representantes da Xunta xustifican esta caída das persoas afiliadas ao réxime de autónomas dicindo que vivimos unha época de creación de emprego e que as persoas autónomas deixan os seus negocios para incorporarse ao traballo asalariado. Segundo estes representantes da Xunta, o autoemprego sería, polo tanto, un refuxio en tempos de crise. Mais os datos din que isto é falso porque o emprego autónomo cae na Galiza dun xeito claro e sostido desde o ano 2009, independentemente do contexto económico ou da creación ou destrución de emprego asalariado, cunha fugaz excepción no ano 2014 que non tivo maior transcendencia; unha caída que se produce na Galiza, pero que non se produce en España. En España o emprego autónomo segue a mesma tendencia que o emprego asalariado: cae, cando se contrae o emprego, e medra, cando se crea emprego. No mesmo período —é dicir, desde o 2009—, Galiza perdeu o 12,4 por cento do emprego autónomo, mentres en España medraba un 3,6 por cento. En consecuencia, as xustificacións da Xunta para explicar a caída tan acusada do emprego autónomo no noso país non se sosteñen, ou, dito doutro xeito, son unha mentira para ocultar a crise do colectivo e para ocultar



tamén a súa falta de preocupación e a súa falta de políticas para protexer ou promover o emprego autónomo. *(Aplausos.)*

Outra afirmación que queda desmentida á vista dos datos: a especial sensibilidade do Partido Popular cara ao colectivo dos autónomos; queda desmentida —reitero— á luz dos datos que acabamos de ver, mais, sobre todo, queda desmentida pola historia recente e pola lembranza do que foron os gobernos de M. Rajoy e do ministro Montoro para as persoas autónomas. Non hai xestoría en toda Galiza que non recorde o ministro Montoro como o ministro que máis aumentou a carga fiscal e as inspeccións contra este colectivo e, todo ao mesmo tempo, por certo, en que participaba nunha trama para facer reformas legais que favorecesen as grandes empresas —isto non o di o BNG, dío a Fiscalía Anticorrupción—. *(Aplausos.)* Con esas grandes empresas si que hai sensibilidade por parte do Partido Popular; *(Aplausos.)* e non coas persoas autónomas —insisto— ás cales lles aumentaron a carga fiscal e as inspeccións. *(Aplausos.)*

E xa para comezar coa explicación da nosa emenda ou da nosa proposta. Desde o BNG, entendemos que o Goberno da Xunta debe ser coherente coa importancia que as persoas autónomas teñen no noso país. E hailles que recoñecer esa importancia con feitos e non con palabras. Recoñecer esa importancia significa, antes de nada, que poidan participar na elaboración das normas que regulan o seu traballo, no sentido máis amplo: o traballo, as súas prestacións, á súa protección social e a súa participación tamén na avaliación das políticas públicas que lles afectan, por exemplo, nos prezos dos alugueiros dos locais comerciais —auténtico pesadelo para o sector—. Recoñecer esa importancia significa que dispoñan dun organismo de participación permanente e independente, ao igual que existe, por exemplo, un Consello Galego de Relacións Laborais, no cal as persoas traballadoras por conta allea participan a través dos seus representantes; do mesmo xeito, debería existir un organismo semellante para as persoas traballadoras por conta propia. De feito, o colectivo vén reivindicando a constitución dun observatorio galego, a semellanza do que existe a nivel estatal e que, por certo, xa están replicando outras comunidades autónomas, algunhas gobernadas polo Partido Popular. En ningún outro sitio tería máis sentido que aquí, na Galiza, onde —como dixemos—, de inicio, representan un volume moi importante do total do emprego do noso país, case unha cuarta parte e, ademais, sofre unha profunda crise.

Dirán vostedes que xa existe unha Mesa do Traballo Autónomo —nada que ver—, pero non se pode comparar unha reunión ocasional das organizacións de persoas autónomas coa Xunta, case sempre coa finalidade de que a Xunta se faga autopropaganda, coa existencia dun organismo —como dicimos— permanente e independente, a réplica galega do observatorio estatal —nada que ver—. O lóxico e o coherente, pola súa importancia na Galiza, sería que as organizacións galegas, apoiadas pola Xunta, puidesen opinar e manifestar as súas necesidades e as súas propostas, desde o noso país, atendendo a nosa realidade; propostas destinadas tanto á Xunta como ao Goberno español —¿por que non?—.

Por iso, o primeiro punto da nosa proposta sería a constitución deste observatorio do traballo autónomo e o segundo punto sería que, desde este observatorio, as organizacións galegas opinasen e fixesen propostas sobre as principais problemáticas que afectan o colectivo; propostas concretas feitas, desde a nosa realidade, e destinadas, por exemplo, a conseguir unha



cotización xusta vinculada aos ingresos reais, unha protección social plena, o acceso efectivo ao cesamento de actividade; unhas políticas públicas que corrixan a escalada dos prezos dos alugueiros comerciais e medidas feministas específicas que garantan a protección das mulleres autónomas fronte á violencia e á discriminación. Estas son as problemáticas máis importantes detectadas no Observatorio Estatal, a través de varios estudos e informes. ¿Cales serían as conclusións e as propostas das organizacións galegas? Deámoslles a importancia que teñen; deámoslles os medios, o foro e a ocasión de participar nestes debates.

Finalmente, sobre a trasposición da Directiva —a súa proposta—, antes de coñecer o anuncio feito polo Goberno —que nos trasladou aquí a portavoz do Partido Popular—, a emenda presentada polo PSOE xa nos anunciaba que esta trasposición estaba en trámite, e as organizacións de persoas autónomas consultadas polo BNG diciánnos que teñen o compromiso do Goberno español de que estará lista para entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro do ano que vén. Non é nada estraña esta demora, pois, cando gobernaba o Partido Popular no Goberno de España, tamén as demoras para facer a transposición da normativa da Unión Europea eran semellantes. Con esta información, a súa proposta e este debate perderían toda a súa funcionalidade, porque ao Partido Popular o único que lle interesa con esta iniciativa é que se faga a trasposición da norma da UE sen máis matices, nin territoriais nin doutro tipo. Poderían vostedes presentar esta mesma iniciativa en Madrid ou en Murcia, pois non hai ningunha referencia á problemática e á crise —profunda crise— deste colectivo na Galiza.

O terceiro punto da nosa emenda consiste, precisamente, en que sexan as persoas autónomas, a través dese observatorio galego que propoñemos e que reivindica o sector, quen poidan opinar sobre como se debe facer esa trasposición porque hai temas importantes que quedan na decisión do Goberno español e que condicionan por completo a súa aplicación, por exemplo, o volume de facturación. A vostedes parece que lles resulte indiferente se o límite se fixa nos 85.000 euros do tope ou en 20.000, por exemplo, tal e como fixeron outros Estados da Unión Europea. Coñecer a realidade do sector na Galiza e avaliar cales poden ser os efectos da aplicación da Directiva, cun límite ou con outro, sería importante; coñecer os perfís das persoas autónomas no noso país en función do seu volume de facturación, é dicir, se teñen moitos clientes finais ou se teñen moitos *inputs* e, polo tanto, se lles interesa facturar con IVE para poder descontar o soportado, sería o importante; ou coñecer se vai ter algún custo na recadación para as arcas públicas galegas. Non queremos ver, de novo, o presidente Rueda dicindo que as axudas que propón o Goberno español están moi ben, pero que lle habería que preguntar antes a el porque repercuten na facenda galega.

Nós concordamos totalmente coa necesidade de que sempre —absolutamente sempre— o Goberno galego e as organizacións representativas do noso tecido produtivo sexan consultadas; así que, entendemos que as declaracións do presidente Rueda, que aparecen hoxe en prensa, que van no mesmo camiño que a nosa proposta, son un anuncio de que aceptarán vostedes a nosa emenda neste debate.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Grazas, de novo, presidente.

A verdade é que é moi difícil responderlle porque me tería gustado que esta iniciativa a tomasen máis en serio.

Señora Iglesias, «non á guerra». ¿Non lle parece guerra suficiente a que ten aberta o seu goberno, e que vostedes defenden, cos autónomos, dende o ano 2018? Mire, veu aquí para falar de autónomos e nomeou a guerra vinte veces: o Líbano, Gaza, o CIS, falou vostede de desprezo... ¡Vaia desprezo aos autónomos de todo o país, (*Aplausos.*) pero tamén aos autónomos galegos por parte do Partido Socialista! (*Aplausos.*) Aos autónomos nomeounos tres ou catro veces, e porque se equivocou.

Mire, dixo que o Partido Popular chegou tarde e chegou mal. O que chegou pronto foi o Partido Socialista: ¡catrocentos corenta e oito días que tiña que levar xa en vigor esa normativa en España! É que, de verdade, ¡fai falta ter máis cara ca espalda para vir aquí dicir iso! «Está en tramitación». Ao menos, gustaríanos que nos explicase que é o que está en tramitación, porque, hoxe, en privado, (*A deputada Noelia Pérez López mostra o titular dunha noticia.*) o presidente do Goberno —en privado— díxolle a Junts que vai apoiar unha PNL que presentaron no Congreso; (*A deputada Noelia Pérez López mostra un documento.*) esta PNL, señora deputada do Partido Socialista, do Grupo Junts. ¿Que é o que estaba en tramitación no Congreso? ¿A quen máis queren seguir enganando? E recórdolles que unha PNL non é vinculante; por iso o faláron en privado.

Despois do anuncio desta mañá, seguimos exactamente igual que estabamos. Vostedes seguen enganando aquí, dende este estrado, os autónomos galegos e as autónomas galegas. (*Aplausos.*) ¡Non hai máis! ¡Esa é a lectura da súa intervención de hoxe, ademais de ser unha falta de respecto a quen arrisca neste país! —unha falta de respecto—. (*Aplausos.*) Reitérolle, non hai ningunha tramitación —ningunha tramitación—.

Dixo vostede unha verdade: que era opcional; claro que é opcional. Por iso eu lle dixen hoxe que este debate non era técnico, senón que era político. Tan opcional que vostedes non a implantaron, pero non a implantaron porque, mire, (*A deputada Noelia Pérez López mostra un documento.*) o clan do que lle falei antes. ¿Sabe por que non a implantaron? Porque cada ano que non a implantaron (*A deputada Noelia Pérez López sinala repetidamente o documento mencionado.*) recadan 508 millóns dos autónomos, tamén dos autónomos galegos; porque queren seguir recadando deles. Ese é o motivo de non implantala, señorías.

Mire, señora Iglesias, por certo, quen puxo en marcha a tarifa plana dos autónomos foi Mariano Rajoy no ano 2013, dentro da Lei de apoio aos emprendedores. (*Aplausos.*) ¡É que ata iso, ata iso, señorías! (*Aplausos.*) Por certo, fixo un relatorio de todas as axudas do Goberno estatal, pero esqueceuse de mencionar as que lles están reclamando aos autónomos galegos que lles concederon en plena pandemia e que lles están reclamando catro anos despois, aínda nestes momentos. De verdade que é unha tomadura de pelo todo o que viñeron facer aquí.



Miren, que casualidade que apenas hai unha hora coñecemos a verdade: que o Goberno si que podía activar o IVE franquiado e si que podía cumprir con Europa. ¿E saben cando o fai? Cando necesita salvar un decreto. Podía facelo, pero non quixo facelo e preferiu seguir espremendo os máis de cen mil autónomos que se poderían beneficiar en Galicia. Vaino aplicar cando o necesita para sobrevivir, e non cando o necesitan os autónomos, senón cando o necesita o Goberno. Ou mellor dito, cando o necesita Pedro Sánchez; polo tanto, a súa emenda chega tarde e mal, e non foi máis do que unha coartada para lavarlle a cara ao señor Sánchez neste Parlamento galego.

Acabamos de escoitar do presidente tamén hai unhas horas, do presidente dunha organización de autónomos a nivel estatal. Meses dándolles as costas aos autónomos e ás pequenas empresas e só ceden cando non lles saen os números no Congreso.

O PRESIDENTE: Grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Isto non é política económica, señorías do Partido Socialista de Galicia; isto é oportunismo e hoxe quedaron máis que retratados.

A súa emenda, ao igual que a do Bloque Nacionalista Galego, en vez de ser unha solución para os autónomos, non é máis que unha escusa. Mentres nós pedimos aquí axilidade e urxencia, vostedes veñen seguir disparando cara o outro lado, derivando a súa mensaxe para seguir rendendo pleitesía ao señor Sánchez e para atrasar a aprobación desa medida.

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán

O PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos puntos na parte resolutiva, que terán o seguinte contido:

<<6. Proceder á publicación inmediata do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga), garantindo o seu carácter participativo, a incorporación das achegas dos distintos axentes implicados e a comparecencia da conselleira de Medio Rural no Parlamento de Galicia para dar conta do seu contido, da planificación preventiva e dos medios previstos.



7. *Elaborar e presentar no Parlamento de Galicia un informe completo de avaliación do Pladiga 2025 por distrito forestal, que inclúa a análise dos resultados da campaña, as actuacións preventivas realizadas, os medios dispoñibles e a identificación das deficiencias detectadas, así como a execución do sistema estrutural de mando operativo nos grandes incendios forestais, co obxectivo de introducir as correccións necesarias no modelo.»*)

O PRESIDENTE: Polo tanto, para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, se alguén tiña dúbidas sobre como está a actuar a Xunta de Galicia en materia ambiental e forestal, creo que estes días son o exemplo perfecto que despeza calquera dúbida.

O pasado mércores reuníase o Consello Galego de Medio Ambiente cuxa orde do día incluía nada máis e nada menos que o Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia; unha lei que levamos solicitando as socialistas dende o ano 2018. Sen embargo, o que atoparon os membros do Consello de Medio Ambiente foi todo o contrario ao que cabería esperar. Non houbo unha explicación do contido do Anteproxecto e non se aclarou se o texto incorporaba cambios ou achegas respecto do documento do ano 2023; ese mesmo texto que levan anos gardando nun caixón. O que presentaron foi —alucinen— un PowerPoint; un PowerPoint para unha lei clave; un PowerPoint, no canto dun debate. O mal estar foi tal que, no propio Consello, varios dos seus membros chegaron a pedir a dimisión da conselleira de Medio Ambiente.

Por se isto fose pouco, esta mesma semana está convocado o Consello Forestal, é dicir, o órgano específico onde toca abordar, con rigor, a política forestal galega, e ese anteproxecto de lei nin sequera figura na orde do día. É dicir, preséntase de maneira superficial, onde non corresponde e, ao mesmo tempo, evítase o debate no órgano onde realmente se debería producir. Esta é a forma de gobernar do Partido Popular: de costas aos órganos consultivos e tamén a este Parlamento e aos galegos e ás galegas.

É nese contexto, cando, ademais, se produciron cesamentos nas dúas direccións xerais principais e claves, a de Planificación e a Defensa do Monte, estamos simplemente —non nos enganemos— ante un cambio de persoas, pero non existe a vontade de cambiar as políticas. Seguimos instalados no mesmo modelo de sempre, un modelo que chega tarde, que reacciona cando o problema xa está enriba da mesa, pero que non planifica nin prevén. Os incendios deste pasado verán volveron deixalo en evidencia. Falamos de explotacións agrícolas, gandeiros e apícolas que perderon pastos, maquinaria, instalacións e medios de produción. E falamos de persoas que tiveron que asumir custos inmediatos para poder seguir adiante. E a ese drama, señorías, non se pode responder con burocracia, non se pode responder con meses de espera e non se pode responder, de novo, chegando tarde. Aquí falamos de algo esencial para este grupo parlamentario: da continuidade das explotacións no rural galego; (*Aplausos.*) e estamos falando de que unha familia poida seguir vivindo no seu concello e non teña que marchar.



E en resposta a esta situación, a Xunta si que aprobou a Orde do 29 de agosto de 2025 para canalizar esas axudas; esas axudas que se presentaron como extraordinarias e de emerxencia. E meses despois da convocatoria, a maioría das axudas, señorías do Partido Popular, segue sen resolverse. E non é unha valoración, é un dato recoñecido pola propia Xunta, que dicía que o 61,3 por cento das solicitudes continúa en tramitación, a preguntas desta deputada na pasada Comisión 7ª. Falamos de 1.500 solicitudes, das cales máis de 1.000 —mil trescentas— corresponden á miña provincia, á provincia de Ourense; case o 90 por cento delas. Porque Ourense, obviamente, é o epicentro dos incendios forestais; unha provincia que leva anos sufrindo esta perda de actividade continuada no sector primario. Hoxe, Ourense conta con apenas 3.740 afiliados na agricultura e na gandería —o mínimo histórico—, polas políticas do Partido Popular, e, neste contexto, atrasar estas axudas é poñer en risco a continuidade desas explotacións, que xa están nunha situación límite. Cando as axudas chegan tarde, deixan de cumprir a súa función. E a explicación que deu o director xeral na comisión non resolve esta situación; ao contrario, pon en evidencia as contradicións, porque di que a orde é sinxela, que apenas ten burocracia, pero despois se utiliza a burocracia, os requirimentos, as inspeccións de campo, a existencia de varias liñas por expediente ou a dispersión territorial como xustificación do atraso. ¿En que quedamos?

Pero hai algo aínda máis preocupante. Preguntamos claramente que medidas —tamén antes a miña compañeira Lara Méndez preguntaba por esta cuestión— de reforzo de persoal ou de reorganización administrativa se adoptaron para garantir a tramitación destas axudas? Pois tampouco contestaba o director xeral. Outras administracións, pola contra, actuaban doutra forma. Despois, se quere, explícollo.

Agora falemos do Pladiga, porque en Galicia, por desgraza, a tempada de incendios empeza antes de que se aprobe o Plan de prevención de incendios forestais, porque xa levamos tres incendios na provincia de Ourense: Viana; O Xurés, que arde ano si e ano tamén, e Monterrei. O Pladiga anuncia o presidente da Xunta onte a bombo e prato que se vai aprobar, que se vai aprobar o Pladiga. Pero, claro, tamén hai que dicir toda a verdade. Este anuncio chega cinco meses tarde —e aínda non se aprobou—, cinco meses despois do prazo que marca a propia normativa. O Pladiga —como saben— é instrumento clave e central da política de prevención —vou repetir a palabra: pre-ven-ción, porque non a interiorizan dende logo— e defensa contra incendios, e é o que define os medios e as medidas preventivas. Se ese instrumento chega tarde, pois a conclusión é obvia: non se fai a prevención, e os incendios están enriba das nosas cabezas, porque cando hai falla de planificación, temos máis riscos, máis danos e territorio exposto, e despois temos que pagar axudas. Se se fixese prevención, non se pagarían estas axudas polos danos.

E o que se presenta como unha medida estrela é unha aplicación móbil; unha aplicación que pedía o noso secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro, este verán do ano 2025 para que a xente tivese información en tempo real dos incendios que acontecían, porque en moitas ocasións non sabiamos porque estradas podíamos circular e estabamos en Ourense cun perigo potencial. É esa mesma proposta —como dicía— e sempre chegan tarde, señorías. Isto non vai de anuncios, non vai de titulares, porque o presidente Rueda dicía que a ver se en xullo estaba esta aplicación en marcha. Isto vai de planificación real e, sobre todo, de prevención efectiva.



Por iso, esta iniciativa non se limita a analizar o que pasou; vai máis alá. Propón medidas concretas, propón axilizar esa tramitación de axudas, propón reforzar os medios administrativos, propón garantir a transparencia e, sobre todo, introduce unha emenda que consideramos clave: esa publicación do Pladiga, garantindo o carácter participativo, escoitando o Consello Forestal pero tamén incorporando as achegas que realice nese consello o sector. E, ademais, incorporamos outra proposta que consideramos igual de importante: a elaboración dese informe de avaliación do Pladiga de 2025. Isto establéceo o propio Ditame do ano 2018, porque, se non coñecemos os incendios, por que acontecen, que medidas preventivas se realizaron, cales non se realizaron, os erros e tamén os acertos do Pladiga do ano anterior, pouco podemos corrixir no novo modelo.

Entón esperamos, señorías, que aproben esta iniciativa en positivo para que os incendios deste verán 2026 sexan de menor intensidade.

Nada máis.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías.

Vou empezar por isto último que estaba falando a señoría do Partido Socialista, que é do Plan de prevención e defensa contra os incendios de Galicia, que eu diría que se resume no «plan de incendios de Galicia». E resúmese nese plan de incendios porque non hai análise de fallos; non se fai previsión ningunha; non hai seguimento; é un «copia e pega» en moitas partes; faise tarde, mal e a rastro, e iso cando se aproba, e, por último, non soluciona absolutamente nada ano tras ano. Isto é o plan ao que lle chaman Pladiga: plan de incendios de Galicia, para ser máis exactos.

Señorías do Partido Popular, vostedes teñen unha memoria fráxil e selectiva. Parece que moitas veces non se lembran do que pasou o verán pasado, ou é que non se queren lembrar. Por iso voulles lembrar un par de cousas.

A primeira, señorías do Partido Popular, é que o verán pasado Galicia viviu unha auténtica catástrofe, cunha vaga de lumes que arrasou por completo o noso país cunhas 150.000 hectáreas queimadas. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grao de indiferenza, ineptitude e inutilidade dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Foron os lumes que provocaron os incendios máis grandes da historia; un fracaso estrepitoso que trouxo unhas consecuencias económicas, sociais e medioambientais moi graves. Esta desastrosa vaga de lumes deste verán arrasou con todo ao seu paso, con perdas catastróficas no sector agrario. Arderon pastos, viñedos, soutos, forraxes, explotacións de gando, colmeas,



maquinarias, montes. Se falamos de gando, ardeu gando, naves, palleiras, instalacións, peches, maquinarias, pastos, forraxes, herba, silo, nun volume moi cuantioso. No viñado, houbo centos de hectáreas afectadas, fundamentalmente na D.O. Monterrei e Valdeorras, pero tamén na Ribeira Sacra e no Ribeiro. Nos soutos, rexistrouse a perda de centos de hectáreas de soutos nos que se perdeu a colleita e, incluso, os propios castiñeiros. Na apicultura, queima de colmeas, a eliminación do seu hábitat e perda da produción. Para facer fronte a estes graves danos provocados por eses incendios do mes de agosto e tamén do mes de setembro, a Xunta de Galicia sacou un decreto de axudas con toda clase de fanfarria, propaganda, boato; unhas axudas que, segundo o señor Rueda, se publicaban para dar resposta a eses cuantiosos danos provocados por esta xigantesca ola incendiaria.

A segunda cuestión á que me quero referir, señorías do Partido Popular, é a se lembran a comisión do 26 de setembro do ano 2025. Refírome á Comisión 7ª deste Parlamento. Non sei se se lembran de que nesa comisión se debateu unha proposta do BNG na que insistiamos e na que lles indicábamos a vostedes que estábamos ante unhas axudas cunha excesiva burocracia, que son moi complicadas, con moito nivel de documentación e que non resolven o grave problema creado polos catastróficos incendios ás mulleres e homes que viven no rural e á produción agraria. Son unhas axudas insuficientes e de cara á galería que non van poder ser cobradas por un gran número de afectados e afectadas, sobre todo polas pequenas explotacións familiares e as que teñen unha actividade complementaria. Son unhas axudas que non van resolver os problemas creados no sector agrario por esta catástrofe; unhas axudas ideadas fundamentalmente para non ser pagadas. É dicir, facer que se fai e non facer nada.

Dende o BNG, pensamos que estas axudas tiñan que servir para que o sector agrogandeiro siga no noso rural e non sufra as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leve a abandonar as zonas queimadas. É polo que no BNG incidimos nese momento en cambiar determinados aspectos para mellorar a xestión das axudas, para que fose máis áxil e solucionar esas eivas que todos viamos. E, así, propuxemos ese día que se eliminase a excesiva burocracia; que chegaba unha tramitación simple, pola contra desta orde complicada, burocrática, farragosa e difícil. Porque, ¿para que necesitabamos todo iso?, ¿para que necesitabamos memorias e informes se despois tiñan que ir os técnicos da Xunta a corroborar toda esa documentación que se presentaba? ¿Non sería mellor facer unha declaración previa vinculante que servise de solicitude? Pois non. Tamén pediamos que se contemplase o lucro cesante para todas as explotacións. ¿Ou de que van vivir as persoas dedicadas á apicultura neste ano 2026 se as abellas non teñen vexetación e flores nos montes? ¿De que van vivir os viticultores e as viticultoras ata que comecen as viñas queimadas a producir, ou dos soutos ata que se restablezan e produzan? ¿Que beneficios producen? As mulleres e homes que viven no rural, que viven das explotacións agrarias comen todos os días, teñen esa manía, e, para o ano, tamén terán que seguir comendo e seguir vivindo.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, esa foi a nosa proposta. ¿E saben que fixeron vostedes ante esa proposta de mellora destas axudas?, ¿sabe que actitude tomaron vostedes? Non sei se o lembran, señorías do Partido Popular. Pois fácil, fácil. Foi a súa actitude de sempre, que é votar «non» a esta proposta que ía encamiñada a mellorar as axudas. (Aplausos.)



Señorías, ¿que quixen dicir con todas estas cuestións, con estas dúas cuestións? Primeiro, que había un grave problema e que estas explotacións necesitaban axudas, e, en segundo lugar, que esta orde de axudas tiña moitas deficiencias. É dicir, que estaban avisados, sabían que ía haber moitos problemas na tramitación e, agora, están á vista os resultados desta nefasta xestión das axudas.

E, por dar uns pequenos datos que xa se comentaron na comisión e que comentou na comisión o propio director xeral, que deu os datos concretos das axudas, el falou de que se rexistraron 1.550 solicitudes de axudas, das cales 1.358 son das comarcas de Ourense, das comarcas arrasadas en Ourense por esta vaga de lumes. ¿E saben cantas aprobaron nestes cinco meses despois de se acabar o prazo de solicitude? 297, que significan o 19 por cento. ¿E pagadas? 233, o 15 por cento. ¿E saben cantas hai en tramitación? Despois de cinco meses, 1.020 solicitudes, que é o 66 por cento do total. Cinco meses despois de rematar o prazo de solicitudes, a Xunta do Partido Popular, ten o 66 por cento das solicitudes en tramitación. ¡E o presidentiño, o señor Rueda, dicindo que se ían aprobar todas rapidamente a que os afectados ían ter o diñeiro antes de que acabase o ano 2025 na súa conta! ¡Propaganda, propaganda e máis propaganda! (Aplausos.)

Señorías, ¿coñecen o artigo 44.2 da orde de axudas? Pois voules ler textualmente un parágrafo dese artigo: «O director xeral ditará a correspondente resolución de concesión da axuda e o seu importe previsto no prazo de dous meses contado a partir da data de remate do prazo de solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e se notificase a correspondente resolución, o interesado ou interesada poderá entender rexeitada a súa solicitude». Señorías do Partido Popular, por se non leron ou non entenden o parágrafo, ¿saben o que significa? ¡Este artigo significa que o prazo para resolver as axudas acabou o 31 de decembro de 2025!, e tamén indica que, como non se resolveu, se entende que estas solicitudes están rexeitadas. Iso é o que di a orde de axudas que sacou a Xunta de Galicia. Ante esta situación administrativa, culpa da Xunta do Partido Popular, culpa da nefasta actuación da Xunta de Rueda, que non é capaz de xestionar unha soa das axudas. ¿Significa que estes 1.020 expedientes que están sen aprobar a estas alturas pola negligencia desta Xunta...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...van ser denegados por silencio administrativo? ¿Iso é o que significa? Pois deberan aclaralo.

Dende o BNG, pensamos que esta tomadura de pelo non a merecen os centos de produtores agrarios que viven e traballan nas nosas parroquias. En teoría, debera haber axudas para o sector agrario para que sigan no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios...

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ... pero a Xunta do Partido Popular fai unhas axudas de cara á galería; unhas axudas enlamadas de burocracia, de papelame, que provocan que os afectados teñan... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)



O PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Terminou o seu tempo, señor Fernández. Grazas.

(O señor Secundino Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Terminou o seu tempo, señor Fernández, mire o *peluco!* Mire o *peluco*, por favor. Terminou o tempo. Grazas.

(O señor Secundino Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Grazas! Grazas, terminou o tempo. ¡Home, *válgame dios!*

(O señor Secundino Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

¡Ala, aí!, ¡caño aberto!

Grupo Parlamentario Popular, señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Primeiro, quería comezar dicindo, señor Fernández: ¡actualícese! De verdade, actualícese. Vostede xa empeza a ser un pouco cansino co tema este; *(Aplausos.)* xa empeza a ser cansino, de verdade. O outro día dicíalle na comisión que é unha falta de respecto seguir co de «presidentiño», e dicíallo porque pode ser que no Bloque, como sempre pensan en pequeniño, posiblemente quedou o de «presidentiño», porque non ten sentido que sigamos coa mesma matraca, señor Fernández, ¡por *dios!* *(Aplausos.)*

Señoría do PSOE, hoxe aquí o que nos trae, realmente, a verdade é que é un guión de ficción. A verdade é que podía ser un guión de ficción, pero realmente vostede é unha realidade o que estaba comentando. Porque hai que ter moita leria, señoría Dacosta, para vir a este Parlamento a dar leccións de xestión de axudas, sobre todo, vindo dun goberno que o que fixo foi chegar tarde, mal e con axudas case irrisorias, que, por certo, vostede nin comentou.

Pero imos falar claro, imos falar claro. Mentres a Xunta de Galicia activaba as axudas o 1 de setembro, apenas dous meses despois dos incendios, o mal Goberno do Partido Socialista, ao que vostedes pertencen, tardou meses en chegar con axudas; con axudas que ían —como hai que recordar— entre os 100 e os 10.000 euros e, loxicamente, todas elas condicionadas aos seguros agrarios. Diso vostede non dixo nada. E non só iso; tamén neste mesmo ano, tras episodios meteorolóxicos graves —como todos sabemos—, o seu mal goberno anunciou un paquete de 7.000 millóns de euros, do cal a súa compañeira, a señora Méndez, falou o outro día na comisión. Á señora Méndez esquecéuselle dicir que eran 7.000 millóns de euros para Andalucía e Extremadura. *(O deputado Miguel Ángel Viso Diéguez amosa un documento.)* Polo tanto, señorías, non veñan aquí dar leccións. *(Aplausos.)*



E, ante isto, vostedes fálannos de dilixencia. Señorías do PSOE, antes de dar leccións, convén revisar a propia actuación. Vostedes falan de atrasos, falta de resolución e falta de pagamento. A verdade é moi distinta. Falamos de 1.917 solicitudes totais, das cales 1.549 corresponden a explotacións agrícolas e gandeiras, un volume absolutamente extraordinario nunha situación e nun contexto extraordinario, con miles de hectáreas queimadas. Á fronte disto, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Actuar con rapidez; non meses despois. Señoría, recorde: convocatoria publicada o 30 de agosto, solicitudes abertas o 1 de setembro e, ademais, ampliación ata o 30 de outubro. ¿Para que? Para que ninguén quedase fóra. Señor Fernández, iso é anticipación.

Pero hai máis. Falamos de máis de 700 axudas xa aprobadas por un importe superior a 7,5 millóns de euros. No ámbito agrogandeiro, señorías, hai xa preto de 950 expedientes en tramitación que suman arredor de 3,7 millóns de euros, e, ademais, puxéronse en marcha ata oito liñas de apoio que cobren o cen por cento do investimento, con límites, señorías, que poden chegar aos 200.000 euros por beneficiario.

Polo tanto, non hai comparación posible, señorías do Partido Socialista, Mentres outros anunciaban, nós actuabamos. (*Aplausos.*) Porque, nos primeiros días dos incendios, tamén hai que recordar, señoría Dacosta, que, mentres aínda seguía ardendo o territorio, a Xunta traballaba. ¿E traballaba como? Cun servizo de emerxencia de alimentación ao gando, con máis de 800.000 euros, repartindo toneladas de produto totalmente de balde en coordinación cos concellos. Isto señorías, é estar realmente ao lado de quen o necesita.

Pero imos falar de datos tamén, que é moi importante. Hai 656.000 euros xa pagados e hai preto de 1.200.000 euros aprobados en fase de pagamento. Polo tanto, estamos falando de case 1,9 millóns de euros xa resoltos ou en disposición inmediata de pago. E isto sen contar, señorías, coas liñas forestais, onde xa hai máis de 4,4 millóns de euros aprobados. E non falamos de cifras abstractas; falamos de pagos que chegan a 47 concellos, e algún deles, como o concello de Quiroga, con preto de 470.000 euros que xa están aprobados.

Polo tanto, vostedes, e, en particular, o señor Fernández, esquecen dicir algo, porque moitos deses pagamentos non se executan aínda non por falta de vontade da Administración —comentábo o outro día o señor director xeral—, senón porque estamos pendentes de xustificación por parte dos propios beneficiarios ou de realización de controis obrigatorios, algo que, como vostede ben sabe porque traballou nunha oficina agraria, é importante. É dicir, señorías, non é un problema de inacción; é unha cuestión de garantías. E isto, señorías, non é unha escusa; isto é a lei, porque estamos falando de axudas do cen por cento do dano, sen límite orzamentario pechado e con cantidades moi elevadas por explotación. Falamos de control, falamos de comprobacións e falamos de rigor, nada no que o Partido Socialista ou o Bloque Nacionalista Galego poidan ser uns referentes. Porque, ao contrario do que algúns parecen suxerir, isto é diñeiro público, señorías, isto é diñeiro público. E o diñeiro público debe xestionarse con rigor, con control e con seguridade xurídica; non baixo esa curiosa filosofía que algún referente do Partido Socialista deixou para a historia: que o diñeiro público non é de ninguén. Pois miren, señorías, os cartos son dos galegos, e por iso se xestionan con responsabilidade, e máis aínda cando falamos de axudas que, en moitos casos, poden chegar aos 200.000 euros por beneficiario.



Á parte, vostedes na súa PNL, señora Dacosta, non falan das inspeccións, pero temos que ter en conta que hai inspeccións de campo obrigatorias —¡por suposto, como non as vai haber!—, que hai que verificar parcelas, titularidades, danos —¡por suposto, como non vai haber que verificar!—, que moitas solicitudes tiveron que ser requiridas por falta de datos e que estamos falando de explotacións que, en moitos casos —e vostedes tamén o saben—, nin sequera están rexistradas correctamente. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, a pregunta é: ¿que propoñen exactamente? ¿Eliminar controis?, ¿pagar sen comprobar? A verdade é que iso creo que sería irresponsable. Bueno, posiblemente sería a marca do Partido Socialista. Vostedes tamén falaban de pagar en 30 días. Por suposto, sería estupendo e nós estaríamos encantados, se non fose porque, en moitos casos, señorías, o pagamento depende de que o beneficiario execute o investimento e presente a factura. ¡Señorías, rigor á hora de pagar! Tamén nos falan de pagamentos anticipados. Señora Dacosta, na PNL non está actualizada. Díxenllo tamén ao señor Fernández, pero vostede tampouco están moi actualizada. O 50 por cento da axuda podía pedir anticipada. Outra cousa é que os solicitantes non o fixesen.

Falaban tamén de transparencia. Por suposto, señorías, hai control, hai datos, hai seguimento; non fallamos nunca no que é o aspecto da transparencia. E falaban vostedes de ampliar o crédito. Señorías, volvemos ao mesmo: non nos escoitan, non nos entendemos ou é que non nos explicamos ben, porque se dixo reiteradamente, lle dixo o presidente de Rueda aquí e lle dixo a conselleira do Medio Rural que non hai límite orzamentario pechado, ou sexa, que ninguén vai quedar fóra. *(Aplausos.)* Polo tanto, ¿que están pedindo? Non sabemos ben que están pedindo.

Señorías, a verdade é que hai dificultades, por suposto que as hai, e recoñecémolo. ¿Por que? Porque hai miles de parcelas afectadas, hai solicitudes en papel que hai que mecanizar, hai inspeccións sobre o terreo en zonas extensas, coordinación entre múltiples unidades administrativas e, incluso, condicións meteorolóxicas que atrasaron as inspeccións. Pero, ¿que pasa? Que a nós nos gusta facer as cousas e facer as cousas ben. Polo tanto, seguimos na liña, seguiremos traballando.

Señorías, remato. Señorías do PSOE, poden seguir escribindo guións, pero a realidade non se escribe; xestionase. Porque o problema desta moción é a súa credibilidade, a credibilidade de vostedes, os defensores incondicionais dese mal goberno de España, que chega tarde, responde pouco e deixa Galicia sempre en último lugar. Por iso, señorías, non imos participar desta ficción. Nós non estamos para facer teatro nin para alimentar relatos; estamos aquí para gobernar.

Señora Dacosta, vostede presentou unha autoemenda que hoxe na súa intervención intentou corrixir un pouco. En relación coa autoemenda, onte mesmo coñecíanse —como ben sabe— as principais novidades do Pladiga no Consello da Xunta e, ademais, tamén se dixo que o próximo venres se presentará por completo no Concello Forestal. Vostedes chegan tarde, pero aínda cando se corrixen seguen chegando tarde. Polo tanto, señorías, temos que rematar dicindo que, así, non imos avalar este exercicio de cinismo político. Imos votar en contra porque nós si que defendemos os nosos agricultores e gandeiros.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Viso, preguntame que pedimos nesta iniciativa. ¡Pedimos que aboen as subvencións aos agricultores e gandeiros que están esperando a que lles aboen estas subvencións!, (*Aplausos.*) iso é o que pedimos. E pedimos tamén que aproben o Pladiga, pero que aproben o Pladiga oído o Consello Forestal. E «oído» é que teñen que escoitar as súas achegas e facelos partícipes dese documento. E non anuncien..., como fixo o presidente Rueda confundindo incluso os medios de comunicación, que dicían que o Pladiga xa estaba aprobado no Consello da Xunta de onte, e era mentira, era mentira. E, mire, pedimos que aproben o Pladiga cando teñen que aprobalo, que é o 31 de outubro de 2025, do ano pasado. Pero, ¿por que? Non é unha fecha baladí; é unha fecha que indica que a prevención ten que facerse a partir do 1 de xaneiro. Iso é o que pide o Partido Socialista.

Vostede dicía que o guión que eu presentaba hoxe era un guión de ficción. Un 61 por cento dos agricultores, gandeiros e agricultores non teñen as axudas concedidas, porque resulta que non hai burocracia, e vostede di que é un guión de ficción. ¡Fale con eles, fale con eles!

E, mire, dicíame que non falaba das axudas do Estado. Non falaba das axudas do Estado porque tiña oito minutos para intervir e falar da actuación da Xunta de Galicia, pero podo falarlle longo e tendido. Porque, mire, ¿sabe cantos millóns de euros leva investido o Goberno do Estado polos incendios deste verán? 25 millóns de euros, 25 millóns de euros en axudas a agricultores e gandeiros. Vostede falaba agora de 1.900.000 euros, e resulta que o Goberno do Estado leva máis de 5 millóns de euros, con burocracia cero e con simplemente estar de alta no réxime... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si, si, burocracia cero! E xa teñen os cartos no seu peto.

Pero non só iso, senón... Mire, é que vostede xa sei que o Consello de Ministros non o segue, pero, se o seguise, o 11 de novembro: 3.100.000 para as reparacións dos danos forestais; no Consello de Ministros do 23 de decembro: outros 3 millóns para traballos de restauración; no Consello de Ministros do 7 de xaneiro: 5.300.000 euros; no Consello de Ministros do 20 de xaneiro do 2026: máis dun millón de euros, 1.200.000. E, agora, hai moi pouco, 9 millóns de euros do Ministerio de Transición Ecolóxica para a restauración hidrolóxico-forestal, (*Aplausos.*) a retirada de madeira queimada, a mellora da rede de drenaxe e mellora de infraestruturas do Miteco en zonas afectadas polos grandes incendios. E, mire, ¿sabe unha cousa? ¿Sabe quen vai xestionar estas axudas?, porque o Goberno do Estado é así, traballa en coordinación coa Xunta de Galicia. ¡Resulta que é a Consellería do Medio Rural a que decide as obras que se van realizar! Mire vostede como actúa o Goberno do Estado en comparación coa Xunta de Galicia.

Vostedes chegan tarde, e xa llo dixen unha vez. Chegan tarde na planificación, si, porque non fan planificación nin ordenación. Chegan tarde durante os incendios, porque os medios



non estaban previstos e tivo que vir a UME e tiveron que vir moitos medios do Estado, (*Murmurios.*) como ten que ser, obviamente, pero vostedes tiñan vacantes sen cubrir. E, despois, tampouco actúan cando os danos son tan graves que teñen que aboar estas axudas aos agricultores e gandeiros, e resulta que están esperando que vostedes resolvan esa burocracia. Pregunto —pregunteille varias veces—: ¿que medios humanos e materiais utilizaron?, ¿reforzaron estes medios? ¡Non o fixeron! Non contestou porque non o fixeron....

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e isto —xa remato, presidente— non pode ser, porque estas explotacións, se pechan —e vostede sábeo ben por Ourense—, isto é un deserto no rural provocado pola falta de políticas do Partido Popular. É así, é así.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Falar de conciliación non é falar dun tema menor —frase xa coñecida—. É falar de como traballa a xente, de como se organizan as familias e, sobre todo, de como se organizan e de onde e en quen recae o plan de coidados ou os coidados xeneralizados neste país. E esa é a pregunta de fondo que está dentro desta iniciativa: ¿quen se fai cargo da conciliación en Galicia?

A Xunta di que si, que a Xunta pon da súa parte. E pon como exemplo o chamado bono Concilia Familia, que é unha axuda puntual, limitada, condicionada e que pode aliviar, evidentemente, situacións concretas, pero que non soluciona nin solventa un problema que é estrutural. E mesmo ten esa característica tan chusca de: apura e pide, que quedas sen el. É dicir, ti cando sae o bono Concilia Familia, vai, apura e pídeo, porque podes quedar sen el. Semella, ás veces, que estamos a falar non mesmo dunha axuda, senón dunha especie de botín, que un ten que correr para facerse con el.

Quero recordar que a última convocatoria se fixo en setembro do ano 2025. Daba un mes de prazo e, evidentemente, pechouse días antes de que rematase o prazo porque xa tiñan re-



matado a distribución dos fondos do bono Concilia Familia. Este tipo de procedemento non deixa de ser, evidentemente, un señuelo sobre o que vostedes intentan facer, e mesmo foi reprobado polo Consello de Contas, que vén advertindo do risco de fraude. Leo textualmente: «...de información privilexiada que supón este xeito de convocar axudas por parte da Xunta, entre outras cousas porque se poden estar a dar situacións nas que familias poden quedar fóra das axudas públicas mentres outras con menos necesidades foron beneficiadas. E non esquezamos que estamos a empregar dun xeito case discriminado 2,6 millóns de euros dos cartos públicos».

Se facemos unha comparación con outras autonomías no resto da Península, podemos ver que están a facer noutras comunidades. En moitos territorios, a conciliación xa non se entende como un asunto privado que cada familia ten que resolver como pode, senón como un dereito e, polo tanto, como unha responsabilidade pública. A través do plan Corresponsables, que é o plan que puxo en vigor o Estado español, estanse a crear redes públicas de coidado: servizos municipais, programas gratuítos, contratación de persoal, recursos estables ao longo do tempo. En comunidades como Castela e León combínanse axudas económicas con programas públicos como Conciliamos, que ofrece atención a menores en períodos non lectivos. Na Comunitat Valenciana estase a reforzar o papel dos concellos para que sexan quen de ofrecer servizos de coidado accesibles e continuados. E o plus lévano o País Vasco e Cataluña, onde hai anos que se apostou por algo fundamental. Hai moitos anos que levan traballando en crear unha verdadeira infraestrutura pública e de coidados; máis de vinte anos.

E agora voltamos a Galicia. Aquí seguimos cun modelo que está baseado fundamentalmente en bonos, en axudas que che din: busque vostede a solución e nós axudámoslle a pagala, se é que vostede é capaz de acadar esa axuda. Pero a conciliación non pode depender, evidentemente, nin da capacidade económica das familias nin da oferta privada dispoñible ou do código postal en que vivas, porque iso non é igualdade; iso é desigualdade organizada. (Aplausos.)

O que está en xogo non é só a conciliación; está en xogo un modelo de coidados do país, que, no día de hoxe —como ben saben, porque non paramos de solicitalo—, aínda non conta co afamado plan estratéxico do que, pleno tras pleno, falamos dende aquí pero non vemos. Está en xogo un modelo no que ou os coidados son un dereito garantido ou é unha carga que recae, como sempre, nas familias e, especialmente, nas mulleres. Por iso —e aquí insistimos—, o que Galicia necesita non son máis pequenas accións que dependan de destreza dos solicitantes; o que necesita é unha estratexia pública de conciliación, con ambición, estable e estruturada; máis servizos públicos; máis implicación da Administración, menos propaganda e máis política útil, porque a conciliación non pode ser nin unha solución provisional, nin un luxo, nin un bingo de sobremesa; ten que ser un dereito real.

Non pedimos nesta proposición que cambie o modelo, senón que, co modelo que practican, sexan eficientes e xustos. Insistimos: non vimos pedir un cambio de modelo, porque, se non hai plan estratéxico, non podemos estar falando sempre recorrentemente do cambio de modelo. Vale, vostedes apostan por este modelo, pero sexan vostedes eficaces e xustos. Non pode ser que establezan vostedes unha carreira do máis intrépido para que aquel que teña a maior sorte poida acadar a axuda.



Hai diferentes políticas de conciliación en Galicia e outras comunidades, e a clave é entender que hai dous modelos diferentes: as axudas puntuais ás familias *versus* a creación de servizos públicos de coidados. ¿Cales son os modelos en España?

Pois dicíamos que Galicia ten o modelo de axudas directas tipo bono Concilia, que só cobre necesidades puntuais —vacacións, imprevistos...—, sempre que poidas acceder a elas. A Xunta non crea directamente servizos, senón que subvenciona campamentos, coidadores etcétera, e o único requisito é que os proxenitores traballen. Os importes son limitados e a duración curta, e o modelo é un modelo de compensación económica.

O modelo estatal do plan Corresponsables, aplicado en todas as comunidades, con diferenzas de execución, financia máis de 140 millóns anuais —para Galicia, achegáronse en 2025 máis dos 18 millóns—, crea unha rede pública de coidados e avanza na corresponsabilidade, materia sobre a que hai que traballar incansablemente na nosa sociedade. Inclúe servizos municipais, programas gratuítos ou emprego no sector dos coidados. É un modelo de dereito ao coidado con servizo público.

Castela e León —dicíamos antes—, modelo mixto: axudas mais servizos. Hai un bono infantil de 200 euros para actividades extraescolares e programas como o Conciliamos, de coidado en períodos non lectivos, ou o Crecemos, que se fai no ámbito rural. Combina axudas económicas con servizos públicos organizados pola Administración.

Na Comunitat Valenciana temos o uso intensivo do plan Corresponsables, e hai financiamento para servizos municipais, contratación de profesionais e unha municipalización dos coidados.

Finalmente, no País Vasco e en Cataluña hai un maior investimento por habitante, unha rede máis ampla de escolas infantís e servizos públicos de coidados e políticas estables no tempo, que é o que solicitamos tamén con esta iniciativa.

Conclusión: Galicia aposta por axudar as familias a resolver o problema e outras comunidades avanzan cara a asumir o coidado como un servizo público. Mentres noutras comunidades a conciliación se entende como un dereito garantido a través de servizos públicos, en Galicia segue tratándose como unha cuestión privada que se resolve con bonos puntuais, e esa diferenza non é menor. É a diferenza entre ter un sistema ou —como dicía antes— ter un bingo de sobremesa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ariadna Fernández González.

ARIADNA FERNÁNDEZ GÓNZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señorías.



Primeiro, quero comezar amosando o noso apoio á iniciativa do Grupo Socialista por unha razón simple, que é a necesidade de que todas as familias que precisen do bono Concilia Familia opten a el.

E aquí está a primeira das eivas deste bono, que é que quedou escaso de orzamento, evidentemente; non chegou nin para rematar o período de solicitude. Sendo unha axuda sensible, o ideal sería que todo o mundo, todas as familias que cumprisen cos criterios entrasen e accedesen a ela, sen premiar os máis rápidos e os que contan, nalgunhas ocasións, con máis recursos precisamente para solicitar ese tipo de axudas sobre os que teñen ou os que deberan ter prioridade, preferencia, por necesidades específicas. Poñemos como exemplo unha familia monomarental, que —como todas e todos sabemos— teñen unhas características específicas e unha necesidade de apoio moito maior que o resto das familias —na maior parte dos casos— e que, por falla de financiamento ou por falla de ser rápidos, pois quedarían fóra. O acertado, en todo caso, sería ou ampliar o orzamento para que chegase para todos e todas as familias que quixesen facer esa solicitude ou, en todo caso, que ese financiamento beneficiase a quen máis o precisa cuns criterios claros.

De todas formas, tamén cómpre dicir que, respecto das necesidades puntuais que se reflicten nestas axudas, non é fácil, non é doado atopar por parte das familias unha persoa que, sen previo aviso, apareza no teu domicilio e leve a cabo ese coidado das túas crianzas. Por iso, dende o BNG, avogamos por un sistema de coidado de menores público onde haxa unhas listaxes de persoas ás que se poida recorrer nestes casos e que sexa accesible, útil e doado para estas familias que o precisan.

No entanto, abrindo un pouquiño máis o abano das políticas, das medidas de apoio á natalidade da Xunta de Galiza, a realidade é que os datos dos que se gaba o Goberno galego non reflicten o que está a pasar e non son precisamente para presumir, aínda que dende o Goberno o fagan constantemente. Nese abano de medidas de apoio á familia, temos por exemplo a escolarización en infantil 0-3, da que constantemente presumen, por unha porcentaxe precisamente de escolarización que é para parabenizarse, pero detrás da cal a realidade é que non hai prazas para todas as crianzas que as precisan, non hai prazas para todas as familias, e hai quen non accede. E en quen non accede podemos poñer o exemplo de Oleiros, que ten preto de 40.000 habitantes e ten 56 prazas 0-1 anos nas súas escolas infantís. Entón, iso de dicir constantemente «gratuito e universal» perde un pouquiño de forza cando te vas aos datos.

De todas formas, sabendo que tiñamos esa infradotación, hai que repetir que a Xunta de Galiza devolveu 22 millóns que estaban destinados á creación de prazas públicas de escola infantil. ¿Por que? Pois non lle debía parecer que as precisabamos. Eses millóns que se devolveron, pois mire, solucionarían o problema que teñen en Vigo, en A Coruña, en Lugo e en concellos como Culleredo, por exemplo, ou no concello de onde eu veño, que é Lalín. Non teñen ese recurso noutros concellos. Aínda así, devolvéronse eses millóns que precisabamos, e iso é a súa responsabilidade. En todo caso, antes de nada, hai que dicir que devolver eses millóns non é a responsabilidade de concellos infrafinanciados, infradotados de recursos, que, logo, a maiores de todos os gastos impropios que lles cargan, terían que atender unha escola infantil municipal en contra de cuxa xestión por parte da Xunta de Galiza vostedes votan constantemente dende o Goberno, e que lles cargan a estes concellos.



Con estes recursos dependeríamos menos da iniciativa privada. Quizais, ese é precisamente o problema, que dependeríamos menos da iniciativa privada. Pagamos por praza arredor de 300 euros de media, en comparanza coas prazas de escola infantil públicas, que están sobre 100 euros. E queda amosado aquí que non é unha percepción do Bloque Nacionalista Galego. A eiva é real e a análise é a dos números: se das 32.100 —aproximadamente— prazas de escolarización infantil, menos de 11.000 son prazas públicas; se non chegamos ao 35 por cento do total en prazas públicas, pois evidentemente, temos un problema. E ese é o modelo que hai detrás dos datos, ese é o modelo que temos e no que investimos 32 millóns de euros anualmente en financiar prazas públicas de escolarización infantil en empresas privadas; 32 millóns de euros mentres se rexeitan outros para crear prazas públicas.

Non é esa a única eiva da escolarización. Temos traballadoras que quedaron sen horas de programación, horas para titorías, horas para reunións con pais, e que se reduciron a seis horas ao ano —seis horas, repito, ao ano— para facer a programación. Porque, evidentemente, dende a Xunta de Galiza non se considera que isto sexa máis que un servizo de conciliación; o de «educativo» queda atrás.

Non están tampouco contentas as traballadoras das escolas infantís privadas, que veñen de manifestarse hai pouco polas súas condicións laborais e salariais. Son traballadoras que en moitos casos non chegan ao salario mínimo interprofesional, que cobran unha cousa ou outra dependendo da empresa para a que traballen, con tarefas comparables e responsabilidades comparables. E esa precariedade —sentíndoo moito— pagámola todos e todas dende a Xunta de Galiza. Estas traballadoras teñen *ratios* que están sen modificar dende hai vinte anos. Non sei quen de aquí podería atender e darlle o xantar a vinte crianzas de entre dous e tres anos, só unha persoa. Hai que ser unha máquina, é practicamente imposible. Ou atender un só adulto oito crianzas menores dun ano. Iso é o que viven no seu sistema de «conciliación».

Iso, ou tamén temos o exemplo dos concellos, concellos infrafinanciados, que están mantendo a duras penas puntos de atención á infancia mentres o Goberno da Xunta de Galiza non aporta nin sequera o 25 por cento do diñeiro que fai falta para mantelos abertos. E hai outros nos que non hai ningún tipo de recursos. A ver onde está esa gratuidade, esa universalidade do servizo; sobre todo, onde está esa xustiza para as mulleres, que son maioritariamente as traballadoras.

Pero na precarización da Xunta de Galiza sobre os coidados —que se estende a todos os coidados— hai unha guinda para o pastel, que son as casas niño. As casas niño, onde hai máis de cen titulares, a maior parte delas mulleres con condicións laborais e salariais lamentables: que teñen que traballar en moitos casos en dous sitios á vez para poder ter unha vida digna, ás que se lles marcan horarios, ás que se lles marcan vacacións, ás que se lles marcan festivos, ás que se lles marcan absolutamente todas as condicións de traballo, como se presta o servizo e cando e que só teñen un pagador. Se che marcan todas as condicións de traballo e só tes un pagador, a ver se adiviñan vostedes o que es: pois unha falsa autónoma. (*Aplausos.*) Iso é o que es, unha falsa autónoma para efectos laborais. (*Aplausos.*) E aínda lles molesta que protesten estas mulleres porque cobraron tarde, mal e arrastras. Porque, ademais de ser un só pagador, é un mal pagador: en vez de pagar cando ten que pagar, paga un mes



máis tarde e aínda se enfadan porque protestan elas. Cos 29.500 euros que se lles ingresan teñen que pagar o local, o gas, a luz, a auga, o IRPF, autónomos, transporte, combustible, pactar as vacacións coas familias —porque evidentemente non poden collelas cando queiran— e tampouco teñen dereito a días de asuntos propios, non teñen dereito, por non ter, nin a enfermar —¡nin a enfermar!—. Hai un momentíño dicía unha compañeira da bancada do Partido Popular que «os autónomos merecen respecto e certezas», excepto se es titular dunha casa niño en Galiza; serán o resto dos autónomos, entón.

Este é un resumo rápido —e remato— da súa conciliación. Os números poden ser bos, pero, se para que sexan bos hai que instaurar un sistema onde se precariza mulleres e onde se precariza coidados, igual temos que analizar un pouquiño máis polo miúdo eses números e valorar o que se está facendo dende a Xunta de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

A señora Longueira veu aquí hoxe, como en cada pleno, sacar esa pancarta que di «*soy social porque soy socialista*». Eu non podo evitar que me recorde esa outra que fixo tan tristemente famosa o señor Ábalos de «*soy feminista porque soy socialista*». (*Aplausos.*) Esa mesma que non hai que ir tan lonxe como o señor Ábalos, senón que o mesmo señor Tomé —ese socialista tan feminista— ten a pouca vergonza e os poucos escrúpulos de permanecer nunha alcaldía —atrincheirado na Alcaldía de Monforte— pese a estar denunciado e acusado pola Fiscalía de acoso sexual. Segue sendo alcalde grazas aos votos do Partido Socialista, cómplice dun presunto acosador. (*Aplausos.*) O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que usan os votos dese presunto acosador para poñer unha muller de presidenta da Deputación de Lugo, a señora Carmela López, pero que seguen usando eses votos cada día. E o BNG non ten ningún reparo en tirar ao lixo a dignidade das mulleres a cambio de coches oficiais e de seguir nos seus despachos. (*Aplausos.*) Señorías, unha burla de socialistas e nacionalistas ao feminismo e a todas as mulleres, teñan a idade que teñan, vivan onde vivan e voten a quen voten. Feminismo de pacotilla.

Unha burla que, señorías, é case similar á que hoxe traen aquí falando de que en Galicia non se apoia a conciliación e non se apoian os servizos sociais, en xeral, e aqueles que falan da conciliación das mulleres. E dino os socialistas que, apoiados polo Bloque Nacionalista Galego, converteron España no segundo país de toda Europa onde os nenos teñen máis risco de pobreza, despois de Bulgaria. O mesmo Goberno de Sánchez que leva coa Lei de familia paralizada dende o ano 2021 e que leva 78 prórrogas, que lles debe aos dependentes de Galicia 2.900 millóns de euros. E hoxe mesmo acabamos de saber que no ano 2025 sufriu un novo recorte: no 2023 era o 40 por cento o que nos pagaban; no 2024, o 35 por cento; no 2025, o



32 por cento. ¿Pódese ter tanta vergonza? ¿Pódese falar aquí de axudar as familias, de conciliar e deixar os nosos dependentes cada día con menos orzamento? Ese mesmo Goberno que di que vai poñer en Galicia centos de miles de vivendas das que non vimos ningunha, mentres o Goberno de Alfonso Rueda vai duplicar o número de vivendas nesta lexislatura e xa vemos que hai máis de 3.000 nalgún proceso. *(Aplausos.)*

E fala de conciliación o Goberno que leva dende o ano 2018 ofrecendo cartos para a gratuidade das escolas infantís e que aínda deu cero euros. ¡Cero euros para esa gratuidade! Ou falaba a señora Longueira dos fondos para o plan Corresponsables, non sei cantos millóns dixo que aportaba. ¿Sabe canto aporta? O 25 por cento menos do que aportaba, porque o que fai Sánchez para Galicia —para todos en xeral e para as familias— é recortar, recortar, recortar e recortar. *(Aplausos.)* Trinta mil nenos que estaban nun programa para conciliar a través de ANPA, de concellos e de entidades e que tivo a Xunta de Galicia que poñer eses cartos que non pon o Goberno central. De verdade, señora Longueira, ¿vostede considera que o PSOE está para falar de apoio ás familias? ¿Como poden ter tanta cara? ¿Como pode ter tanta cara, señora Fernández, cando vostedes están apoiando sempre un Goberno socialista en Madrid que, día tras día, o único que fai é tomar medidas que prexudican as galegas e os galegos? ¿Se vostedes se converteron no nacionalismo mais inútil de toda España! ¿Se vostedes son un partido absolutamente desleal coas galegas e os galegos!

Pero é que mire, señora Longueira, vostede veu aquí con datos do Bono Concilia que non son reais. Todas as familias compiten en igualdade de condicións á hora de acceder ao Bono Concilia, en primeiro lugar. En segundo lugar, o Informe do Consello de Contas non fala explicitamente do Bono Familia. E, en terceiro lugar, o Consello de Contas non invalida o procedemento de concorrencia non competitiva, que é unha modalidade amparada pola normativa española; o que di o Consello de Contas é que ten que haber un período entre que sae a publicación e se empezan a facer as reservas. E no caso do Bono Concilia deuse por dobre vía: en primeiro lugar, porque foi o día 4 de setembro cando se publicaban no DOG as medidas e ata o día 8 non se podían solicitar. Pero é que, ademais, todas as familias o sabían xa, porque o día 11 de agosto, nunha visita a Padrón, a conselleira xa anunciaba que se poderían empezar a recibir esas axudas o día 8 de setembro, un mes despois. E claro que se poderán mellorar as cousas; de feito, estanse mellorando e cambiando, escoitando as familias, dende o ano 2016 que se puxeron en marcha. Agora mesmo ampliouse a idade, ampliáronse tamén as accións que se poden subvencionar e ampliouse tamén o apoio ás familias máis vulnerables: ás numerosas, ás monoparentais, ás acolledoras e vítimas de violencia de xénero, que non teñen que pagar nada; apoio a esas familias de especial consideración.

Vostedes, señora Longueira, e tamén a señora Fernández, poden vir aquí, coller un dedo e intentar tapar o sol a ver se así empeza a chover. Pero, por moito que vostedes intentan tapar ese sol, os galegos seguen vendo o sol, porque o certo é que Galicia é a comunidade española con máis apoio ás familias e máis apoio á conciliación. Eses son datos. *(Aplausos.)* Miren, recursos para a conciliación. Resulta que Galicia é a primeira comunidade que tivo escolas infantís gratis para todas as escolas, para todas as familias e a que ten a maior taxa de cobertura. A señora Fernández non está de acordo, parécelle pouco, pero é que aquí hai o 65 por cento, 15 puntos por enriba da media española. Por terceiro ano consecutivo somos a comunidade con maior número de prazas de escolas infantís de cero a tres anos. E voste-



des, ¿onde están? ¿Onde está o PSOE? ¿Onde está o Bloque esixíndolle ao PSOE que nos pague ese financiamento? ¿Ese cofinanciamento para a gratuidade que dende o ano 2018 leva todos os anos, cada pouco, anunciando o señor Sánchez? Galicia é a única comunidade coa educación gratis dende que un neno ou nena nace ata que sae da universidade.

E as casas niño —xa sei—, o Bloque e o PSOE sempre queren defender o rural, pero logo cada vez que vén unha iniciativa para o rural votan en contra. Foi o que pasou coas casas niño. Díganllo vostedes a eses pais e a esas nais que viven no rural, que teñen así a posibilidade de ter un recurso de conciliación que noutro sitio non terían e doutra maneira non terían; un recurso innovador en toda España. Como digo, hai xa máis de cen neste momento, totalmente gratis, que son un recurso de conciliación, que crean emprego, que fixan poboación no rural pero que ao PSOE e ao Bloque non lles parecen ben. Bono Concilia, Tarxeta Benvida, a primeira Lei de impulso demográfico que, claro, tampouco a ían aprobar o Bloque e o Partido Socialista, tratándose dunha lei que pon en marcha o Partido Popular.

Miren, señora Longueira e señora Fernández, as políticas sociais non se fan escribindo nunha pancarta as necesidades nin as medidas; as políticas sociais fanse con orzamentos. O certo é que en Galicia cada ano aprobamos os orzamentos, o orzamento máis social da historia este ano: tres de cada catro euros dedicados...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...a políticas sociais. *(Aplausos.)* En España, ¿que? Toda a lexislatura sen ter nin sequera un orzamento. *(Aplausos.)* Sen orzamento non se fan medidas, sen orzamento non hai conciliación e sen orzamento non hai políticas de familias.

O PRESIDENTE: Grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Señora Arias, eu xa entendo por que vostedes non queren falar do de Altri: acabóuselles o choio. Coa cantidade de pasta de papel que gastan aquí cada vez que veñen cun cartel... Todos os días os que lles escriben os textos e os que lles fan os carteis xa os teñen aquí, cartel, tras cartel, cartel tras cartel. *(Aplausos.)* Non me estraña que teñan oculto o de Altri, porque era un negociazo, co que gastan vostedes en papel.

Pero, ben, eu xa lle dixen que é vostede a deputada do Partido Popular que mellor oposición fai ao seu propio partido. *(Miguel Ángel Viso Diéguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non estou falando con vostede, señor Viso, tranquilo. É vostede a deputada que mellor fai oposición ao seu propio partido. Porque tendo aquí a oportunidade... Porque eu non lle cri-



tiquei moito o Bono Familia; non estamos de acordo con iso. Xa lle dixen que apostabamos por outro servizo, pero eu non veño coa furia da Ribeira Sacra aquí a darlle a todas as lanzas e a todos os coitelos. Non. Eu veño aquí falar de que, xa que vostedes teñen neste modelo e a xente queda sen percibir, fágano vostedes mellor. É o único, porque, claro, non podemos cambiar de modelo, porque, entre outras cousas, hai que facer un plan estratéxico —que non teñen— e hai que ter unha boa relación cos concellos —que non teñen—. Entón, imos cinguirnos ao que teñen aquí: bonos. Vale. Pois fagan vostedes un sistema de bonos que teña polo menos un xeito adecuado coa poboación e que a xente non se quede sen percibilo. Porque o que menos recursos sociais ten —e non me refiro a recursos económicos, que tamén— é o que máis tarde vai chegar alí e non vai saber solicitalo e terá certos problemas. Hai moita xente que queda sen eles, posiblemente, desde familias monomarentais a outra moita xente vulnerable. Evidentemente que quedan.

Ademais, xa o dixen aquí unha vez: o Partido Socialista non ten o materialismo reduccionista. As familias vulnerables teñen que ser tamén capaces de entrar na vida cotiá e na vida en xeral. Ten que haber integración, posiblemente tamén cos Bono Concilia. Entón, todo forma parte dun entramado que vostedes teñen deseñado á súa medida. ¡Pois fágano ben! É o único que lles vimos pedir aquí: fágano ben. Non vin aquí criticar o Bono Familia. Insisto: non estamos de acordo. Xa lles dixen que o converteron nun bingo de sobremesa: o primeiro que chega leva o premio. E non se trata diso, non se trata diso. Trátase de ser xustos cos que menos teñen.

Grazas ao Bloque Nacionalista polo apoio nesta proposición. E vén vostede falar aquí da redución que se fixo. Porque, efectivamente, fíxose unha redución, con todo o Corresponsables, do 25 por cento. Si, si, pero eu dígolle que na partida 312G, apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección, do ano 2024, como xa llo recordou aquí a miña compañeira Paloma Castro, tiñan vostedes un orzamento de 10 millóns, o cal só executaron o 79 por cento. Quedaron sen executar 2.000.193, que foron os que lles quitaron a través do programa Corresponsables. Porque non son capaces de xestionalo. Simplemente con iso xa tiña vostede que estar calada. Si, ensine o papel que queira, que xa sei que de papel sabe moito. Vostedes deixaron sen executar máis dun 25 por cento, que foi o que lles quitaron por unha razón moi concreta da que se falou aquí. E esperemos que este ano 2026 isto se volva outra vez implementar sen maior problema, pero aprendan vostedes a xestionar e non deixen sen facelo.

E despois outra cuestión da que falaba sobre... Ben, os 22 millóns de escolas infantís, que cada vez que o dicimos aquí vostedes miran para Cuenca e outro para Toledo, porque non vai con vostedes a cuestión... Pero é verdade, rexeitaron 22 millóns porque «*no se adapta al modelo*». Sigo sen saber cal é o modelo. O modelo é: démoslles cartos ás privadas porque así evitamos mantementos e evitamos todo o demais. (*Aplausos.*) Non lle dea á cabeza, que é así.

E, por certo, o Bono Concilia, igual que outras políticas, están feitas para incentivar a natalidade; evidentemente dentro de medidas moi complexas, pero é unha delas. Galicia está perdendo poboación e nacementos. Si mire, nacen menos e ímonos máis. Así que tan pioneiro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, home, a última enquisa daba iso. Ben, pois léollo aquí, se é que vostede non o cre, para non estar perdendo o tempo. A semana pa-



sada coñeciamos que Galicia tiña unha cifra onde se baixaba... Ou sexa, aumentaban os falecementos e baixaba a natalidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, perdemos poboación, nese sentido. Mantemos a poboación grazas á poboación migrante, pero baixan os nacementos. Baixan e, ademais, baixa a xente. Entón, tan pioneiros...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...—remato agora— non podemos ser, porque somos menos e ímonos máis. Entón, eu creo que é cuestión de facer replantexamentos de políticas complexas que teñen resultados eficaces. E o que fan vostedes son parches para dicir que fan, e non é verdade. Entón, eu sinto moito que veña vostede aquí con esa furia, que en ningún momento o Partido Socialista veu aquí confortar...;

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...veu mellorar.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Sería unha pena que non o fixesen.

Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, señora Longueira.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE UU e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional

O PRESIDENTE: A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe desde o BNG traemos unha iniciativa que parte do sentir maioritario do pobo galego, diante do contexto internacional no que nos atopamos. A xente deste país, as galegas e os galegos, somos xente de paz, un pobo solidario e internacionalista que sente como propio o sufrimento dos demais pobos do mundo; un pobo que sufrimos, que sofre, cando vemos as arrepiantes imaxes do xenocidio cometido polo Estado de Israel contra o pobo palestino ou, máis recentemente, diante dos bombardeos levados a cabo polos Estados Unidos e Israel contra Irán e o Líbano. Un ataque militar que supón un novo acto de agresión contra a poboación civil, que leva milleiros de persoas asasinadas, que ameaza a estabilidade de todo o



Medio Oriente e supón unha nova e gravísima vulneración á soberanía dos pobos, ao dereito internacional e á Carta das Nacións Unidas.

Hoxe o BNG recollemos o sentir pacifista e antibelicista do pobo galego, que é o noso propio tamén, e formulamos esta proposición non de lei. Unha iniciativa a favor da paz fronte á barbarie imperialista. Unha proposta na defensa do dereito internacional, fronte aos señores da guerra que queren impoñer pola forza a lei do máis forte.

Os Estados Unidos e os seus aliados, a comezar polo Estado sionista de Israel, son a principal ameaza para a seguridade e para a paz internacional nestes momentos. Non só no Medio Oriente, senón en todo o planeta. Os bombardeos contra Irán e o Líbano non son un feito illado, senón que se enmarcan nun patrón de actuación sistemática do imperialismo liderado polos Estados Unidos. En pouco máis dun ano, señorías, Washington e o seu principal aliado, Israel, atacaron Palestina —aínda continúan no día de hoxe perpetrando un xenocidio, tanto en Gaza como en Cisjordania—, atacaron o Líbano, secuestraron o presidente de Venezuela, bombardean Irán e manteñen o criminal bloqueo contra Cuba, coas consecuencias humanas absolutamente dramáticas que estamos a ver.

E non é Trump. Creo que é importante dicilo: non é Trump. Vímolos antes con outros presidentes, quizais máis maquillado, con menos excentricidade, con máis planificación e sutileza, pero igualmente letal. Vímolos na invasión de Iraq do 2003, con George Bush, José María Aznar e Tony Blair á cabeza. Vímolos con Obama bombardeando Libia en 2011; por certo apoiado tamén por España, aquela España de ZP. Nas últimas décadas fomos testemuñas en demasiadas ocasións de como se invadían e bombardeaban países en nome da paz, con guerras que malchamaban «humanitarias»; como se violaba o dereito internacional en nome da democracia, con guerras malchamadas «preventivas». Fomos e somos testemuñas de como o imperialismo é capaz de instrumentalizar até os dereitos das mulleres para xustificar os asasinatos, os crimes, a barbarie e bombardear escolas.

Mais a paz e a democracia non se constrúen nin con bombas nin con mísiles nin con máis armas nucleares. Para defender a paz hai que actuar con decisión e firmeza a favor dela, con decisións encamiñadas a acabar co poder e a impiedade de quen promove a guerra, con accións claras, firmes e eficientes para recuperar o diálogo, a negociación e a política como única vía de resolución dos conflitos e das controversias no marco internacional. Desde o BNG dixémolo sempre. Dixémolo na invasión rusa de Ucraína, unha violación flagrante da integridade territorial dun estado. Dixémolo en cada ataque estadounidense, en cada bombardeo da OTAN ou en cada agresión contra o pobo palestino ou libanés de Israel. Dixémolo sempre e volvemos dicilo agora.

Hoxe, señorías, queremos que este Parlamento exprese a súa firme condena á agresión militar inxustificada e contraria ao dereito internacional contra Irán e á criminal política imperialista dos Estados Unidos e dos seus aliados. Que a comunidade internacional, a comezar polo Goberno galego, o Goberno da Xunta de Galiza, o Goberno español e a Unión Europea adopten medidas concretas para frear esta escalada bélica que se estende xa ao Líbano. Hoxe escoitabamos un ministro israelí avanzar que ían facerse co control, invadir e colonizar toda a parte sur deste país soberano. Que actúen politicamente na defensa do dereito internacio-



nal, dunha orde baseada en normas, e para recuperar as vías de diálogo e a solución pacífica dos conflitos.

Fronte á barbarie, a violencia e a impunidade que nos asolaga é esencial alzar a voz para defender o respecto aos principios de soberanía, de igualdade soberana dos estados, o principio de integridade territorial, a libre determinación dos pobos e a non inxerencia nos asuntos internos de calquera estado, a base que sostén o dereito internacional público desde a II Guerra Mundial. Por iso desde o BNG defendemos tamén que o Estado español asuma neste contexto internacional unha posición de neutralidade activa; que España actúe de maneira decidida na defensa da paz e da seguridade internacionais na defensa do dereito internacional e do multilateralismo. Non só agora, non só neste momento, non só neste conflito ou nesta guerra, senón no escenario que se está abrindo, señorías, aos nosos pés.

Para iso é necesaria a saída do Estado español da OTAN e o peche das bases militares que os Estados Unidos teñen, como noutros moitos centos de países do mundo, tamén en territorio español. Esas bases e a integración dos estados que compoñen a OTAN constitúen a peza chave do poder e da hexemonía militar dos Estados Unidos, porque amplían e amplifican a súa capacidade de ataque; de ataque, non de defensa, os Estados Unidos e a OTAN nunca se defenderon de nada. Expande e proxecta o seu poder para enriquecerse á conta e á custa dos recursos doutros pobos e manter así a súa hexemonía mesmo cando está nun dos maiores momentos de febleza.

Señorías, o que estamos vendo pola tele é como os Estados Unidos e Israel pretenden enterrar a orde internacional que rexeu o mundo desde despois da II Guerra Mundial e arrastrar o conxunto da humanidade a unha nova orde na que se impoña a lei do máis forte. Nese lapso no que estamos, onde o vello non acaba de morrer e o novo non acaba de nacer, o que vemos, o que ven as galegas e os galegos, son os monstros. Uns monstros que non se paran só pronunciando nunha rolda de prensa catro palabras, senón que urxen decisións políticas claras a favor da paz, que é o que defendemos hoxe nesta iniciativa, na que o Bloque Nacionalista Galego agardamos contar co apoio unánime desta Cámara.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Remataba a súa intervención a voceira do BNG falando de como viamos na tele esa película que parecía de ficción. A realidade é que se hai seis anos nos dixesen a situación na que se ía atopar o panorama, o contexto internacional no ano 2026 pensaríamos que era unha pe-



lícula de ficción. Unha película de ficción americana, onde rapidamente aparecería un heroe a salvar o mundo. E, para nós, o máis parecido a un heroe é o noso presidente Pedro Sánchez, que foi o único capaz de alzar a voz en defensa da paz, en defensa dos dereitos humanos e facer que Europa tivese que reaccionar e manifestarse saíndo dese letargo no que estaba ancorada. (*Aplausos.*)

Esa postura do Goberno de Pedro Sánchez que, lonxe de ser irónica, o que é coherente. É coherente cos principios e valores cos que se constitúe a Unión Europea e a defensa dos dereitos que aseguraron o período de paz mundial máis longo da nosa historia. Pero é que, ademais, é unha postura que sostén maioritariamente a cidadanía, a cidadanía galega e a cidadanía española, como así o confirman os datos demoscópicos. É a postura en favor da paz e non da guerra. A postura que sempre mantivo, ademais, a cidadanía, aínda que outros gobernos, como o de Aznar, non a escoitasen. E refírome á Guerra de Iraq, no ano 2003, hai 23 anos. Unha guerra tamén ilegal, que causou a morte de 300.000 persoas —a maioría civís—, anos de inestabilidade económica e un profundo debilitamento da orde internacional. Non aprenden nada algúns líderes políticos. É unha mágoa.

E o PP, que é o do non a todo —non á suba das pensións, non ao salario mínimo interprofesional, non ás leis que recoñecen dereitos ás persoas...— é unha pena que non diga tamén claramente «non á guerra». Unha guerra que nos vai custar, ademais, aos españois e ás españolas xa de primeiras 5.000 millóns de euros, que é o primeiro paquete de axudas que habilitou o Goberno; diñeiro que podería destinarse a vivenda, a becas, a sanidade ou á dependencia e que se vai empregar en protexer dos efectos desta guerra o tecido produtivo, o campo, as pemes e as industrias. Ante isto non pode haber partidos políticos que se poñan de perfil, porque terán entón que explicar como esas 5.000 millóns de euros sairán dos nosos impostos para protexer o tecido produtivo e as persoas máis vulnerables.

Por outra banda, cómpre ter tamén un pouco, un mínimo, de empatía para ter unha postura contundente ante isto. Unicamente con ver os milleiros de desprazados en Oriente, a situación que están a vivir os habitantes de Gaza ou Cixordania ou as mortes civís inocentes nos ataques a Irán ou ao Líbano; en definitiva, custo de vidas inocentes que esta decisión unilateral está a provocar.

Miren, no ano 2003, cando Estados Unidos nos pretendía colar a bóla das armas de destrución masiva, o ministro de Exteriores francés, Dominique de Villepin, pronunciou un discurso no seo de Nacións Unidas no que, en definitiva, dicía e defendía que a dignidade europea non era compatible coa guerra. Un ministro da dereita francesa. Hoxe é impensable que alguén da dereita poida pronunciarse así. Hoxe Pedro Sánchez é o que a bandeira isto, e iso fai que, como española, eu estea orgullosa. Como dicía ao inicio da miña intervención, non hai máis que manter a coherencia; coherencia coa postura que España leva tendo dende hai cinco anos con relación ás decisións unilaterais que están a tomar determina dos países. E refírome a Putin con Ucraína, Netanyahu en Israel e ao que agora se suma Trump con Irán.

E por iso nós propoñemos unha emenda, unha posible transacción, para mudar ese apartado 1 da iniciativa, porque cando se trata de vulneración da soberanía dos pobos ou de sacrificar vidas humanas non se pode ser selectivo. Por iso cremos que hai que incluír neste rexeita-



mento que se condena en todas as agresións militares inxustificadas e contrarias ao dereito internacional, nomeadamente a agresión contra Irán, así como a criminal política imperialista da guerra e da inxerencia que practican os Estados Unidos. Que se denunciem tamén as decisións unilaterais e de acción de carácter imperialista e violatorias da soberanía dos pobos, como o bloqueo e as agresións continuadas contra Venezuela e Cuba por parte dos Estados Unidos, a invasión de Rusia a Ucraína, iniciada no ano 2022, así como a ofensiva militar e o xenocidio de Israel en Palestina e a recente invasión terrestre e os ataques contra o Líbano, que agravan a inestabilidade e rexional e o sufrimento da poboación civil.

Creo que esta é a postura española, está a postura do Goberno español: a defensa da legalidade internacional que implique o respecto á integridade territorial e á soberanía nacional. Por iso cústame moito entender por que nesta iniciativa o Bloque Nacionalista Galego mete no mesmo saco o Goberno de España que, por exemplo, a Unión Europea, que está nun vaivén de discursos. Xa o vimos a semana pasada: Von Der Leyen co seu discurso, do que logo tivo que desdicirse e ao día seguinte volver aos principios da Carta das Nacións Unidas e do dereito internacional. Ou no mesmo paquete que moitos países da comunidade internacional, que parece que non vai con eles o tema. Igual era máis fácil que dende a iniciativa lle pedisen a condena directamente ao Partido Popular, que tamén leva varias semanas dando tumbos. Primeiro, Feijóo dixo que «antes del derecho internacional están los derechos humanos», como se non fosen intrínsecos. Despois Rueda suavizou isto e intentou desmarcarse, pero xa chegou Aznar —ademais xusto o día do 23 aniversario do 11 M— e puxo a guinda e dixo: «España tiene que cooperar con Estados Unidos en Oriente Próximo y apoyar el ataque de Irán». Co fácil que tería sido pedir perdón aproveitando ese día. Pero non, esa é postura de bandazos na que se atopa ao Partido Popular neste noutros temas e á que ultimamente tanto nos ten acostumados. E a culpa tena a polarización, a polarización na que o Partido Popular se atopa inmerso, que non lle permite pararse a pensar as situacións e a resposta coherente e responsable ante as mesmas e optan pola simplificación: «a culpa é de Pedro Sánchez».

En relación co que peticionan nos puntos 2 e 3 da iniciativa, a situación económica xerada por esta guerra demostra a necesidade que temos, tanto en Europa como en España, de ter unha autonomía enerxética para ser libres. Creo que, ademais, en Galicia e España temos unhas condicións óptimas para isto.

Dicir «non á guerra» creo que é unha postura realista, porque cremos que a guerra nunca vai traer a solución, e a historia así o demostra: Vietnam, Afganistán ou Iraq. Pero non podemos facer demagogia e pensar nun estado autártico feliz e cheo de unicornios de cores, porque vivimos nun mundo globalizado. E podo poñer múltiples exemplos: ¿cantos temos a información na nube? Pois iCloud contrólaa Estados Unidos, e pode pechala cando queira. ¿Cantos nos beneficiamos de información por satélite? Pois as chamadas «constelacións satelitais» contrólaas Estados Unidos. ¿Cantos temos tarxeta bancaria? Todas son controladas por empresas norteamericanas. E así podería seguir, por desgraza, longo e tendido.

Por outra banda, tamén cremos que é obsoleto e demagórico negar o papel que teñen as forzas armadas españolas de apoio á defensa e a labores humanitarias. Miren, o outro día en Pontevedra houbo unha conferencia, un debate sobre a mili e había tres representantes mozos dos tres partidos. A rapaza de Galiza Nova chegou a dicir que a UME non servía para



nada e que en Galicia non a necesitábam. Podería dicirlllo a toda a veciñanza de Ourense cando tivo os incendios este verán. *(Aplausos.)* Porque, ao final, tanto as forzas armadas levan anos facendo labores de disuasión e defensa e nunca ofensiva e realizan un destacado labor humanitario internacional e nacional, centrado no mantemento da paz, o auxilio en catástrofes e unha atención médica loxística de emerxencia. A fragata Colon, enviada de España, actúa nunhas labores de operación defensiva a Chipre, que é un membro da Unión Europea.

Despois, para concluír, porque xa non me queda tempo, gustaríame incidir en dous aspectos. O primeiro é que creo que daríamos un gran exemplo á cidadanía galega se mantivésemos unanimidade na condena ante o que é unha invasión ilegal e unha vulneración do dereito internacional. Pero, para iso, é necesario priorizar o global e deixar os matices. O outro día reuníame cos membros da flotilla, pregunteilles como tantas sensibilidades distintas podían unirse para ese fin e un deles díxome: «priorizando o global, que é axudar o pobo palestino, e deixando a un lado os matices que nos diferencian». Pois nós, os socialistas, estamos dispostos a facelo, e creo que daríamos moito exemplo dende este Parlamento. E un segundo aspecto co que xa pecho esta intervención é reiterando o meu orgullo como española, porque somos un exemplo de principios, valores e tamén de resultados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Varela Fernández.

KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos os presentes.

Permítanme que comece a miña intervención —por moito que lles pese, porque xa me din conta de que lles pesa— falando de feminismo, como muller de dereitas que leva reivindicando o papel da muller na sociedade desde ben nova e que ten ben claro que o feminismo non debe ser algo propiedade de ningún partido político, de ningunha ideoloxía, senón pura conciencia de toda a sociedade. Síntome afortunada porque nacín nun país cunha Constitución que —aínda que a moitos lles pareza obsoleta porque case cincuenta anos e a outros non lles gusta— protexe precisamente a igualdade de dereitos e oportunidades de todos, independentemente do xénero, nun artigo considerado como dereito fundamental. Por certo, é curioso: a Constitución española ten os mesmos anos, practicamente, que a ditadura teocrática iraniana, pero, mentres eles comezaban a limitar os dereitos das persoas, nós aprobamos unha norma que respecta a igualdade das persoas e os seus dereitos e liberdades. *(Aplausos.)*

Como dixen, non ocorre o mesmo no país no que se centra esta iniciativa nin noutros moitos que defende o Bloque Nacionalista Galego. É curioso: defenden moitas culturas que vulneran os dereitos das mulleres. Pero ben, é bastante hipócrita a actitude que están tendo ultimamente tanto o Partido Socialista como o Bloque; tamén, por exemplo, moi cerca, na provincia de Lugo, na Deputación, no meu concello, en Monforte de Lemos, vemos como miran para



outro lado mentres se están producindo cousas inéditas no meu concello, como que haxa unha querela da Fiscalía dun presunto delito de acoso sexual contra o alcalde e se siga mirando ao outro lado con esa tibieza tan absoluta. *(Aplausos.)*

O señor Bouza non está, pero hoxe falou con moita contundencia de actitudes machistas e recoméndolle que vexa precisamente os plenos da Deputación do señor Tomé, da Corporación municipal. Agora está máis comedido, pero recoméndolle que vexa como trataba as mulleres. Polo visto, temos aínda que avanzar moito; non só nós, os da dereita, xa se ve que todos temos aínda que avanzar. Pero, máis teñen que avanzar en países como Irán, moito máis. Recoméndalles tamén a lectura dun artigo no blog da páxina de España de Amnistía Internacional. É un escrito de Adela Alcaraz, coordinadora da estrutura de traballo sobre Irán en Amnistía Internacional de España. Voulles ler os dous textos cos que comeza o blog, e cito textualmente: «*Imagina que eres una mujer con una vida relativamente normal. Vas al trabajo, quedas con amistades, publicas selfies. Pero antes de salir, debes comprobar si llevas el pelo cubierto y brazos y piernas tapados. De no hacerlo, podrías ser detenida, torturada o azotada por no cumplir el estricto código indumentario que impone el Estado iraní. Esta es la realidad de millones de mujeres en Irán desde 1979, agravada por campañas represivas como el Plan Noor y por el uso sistemático de la pena de muerte para aplastar el movimiento “Mujer, vida, libertad”, que desde 2022 desafía décadas de opresión*». Por iso, como muller, como deputada do Partido Popular, nos molesta o seu populismo e a súa demagogia en asuntos coma estes, porque se levan as mans á cabeza coas condutas do señor Trump, *(Aplausos.)* pero non foron capaces de contestar, señores do BNG, ou de ofrecer unha alternativa a unha declaración institucional que lles propuxemos dende o Grupo Parlamentario Popular o pasado 27 de xaneiro precisamente para condenar o réxime teocrático iraniano, que vulnera constantemente os dereitos das persoas e das mulleres.

O Partido Popular non ten problema en condenar publicamente a aquela respostas bélicas desmedidas. Fixémolo co Estado de Israel tras os atentados de outubro de 2023, dos que non lles gusta falar. Pero nós si que fomos capaces de condenar esa resposta bélica desmedida. O grupo parlamentario amosa a súa preocupación constantemente pola situación de Oriente Medio, en particular no que respecta aos conflitos que ameazan a poboación civil. Este grupo está a favor da vía diplomática para a resolución de conflitos, acorde ao dereito internacional, e desexa un pronto alto ao fogo entre os países involucrados, tal e como di tamén o Consello Europeo.

Nós somos capaces tamén de dicir «non á guerra». ¿Quen está a favor da guerra realmente? Ninguén está a favor da guerra. ¡Ninguén! *(Aplausos.)* Europa non está a favor da guerra. Vostedes agora, señora Rodil, sorprendentemente parece que quere condenar a Rusia, pero en marzo de 2022 o BNG impediu que o Parlamento galego aprobase unha declaración institucional en apoio de Ucraína e en contra da invasión rusa, negándose a condenar a Putin. E agora veñen dicindo que condenan a Rusia. Pero, ¿en que quedamos? Como xa lle dixen, ademais, noutras ocasións: nin palabra de condena dos milleiros de represalias do réxime de Maduro en Venezuela e do éxodo masivo que hai de venezolanos —e vivimos da nosa comunidade autónoma— pola ditadura de Maduro. Pero, iso si, en canto ven Trump e parece que detén o señor Maduro botámonos as mans ás cabezas e a súa xefa de filas tarda nada en saír cun comunicado. *(Aplausos.)*



Dixo o señor Sánchez hoxe, polo visto, que non se pode apoiar quen incendia e logo queixarse dos efectos do fume. Pero, ¿quen incendia realmente? ¿Non serán quen incendian os que están con ditadura nos seus países, como Venezuela, Cuba e mesmo Irán, vulnerando os dereitos das persoas, encarcerándoas e torturándoas por non compartir a súa ideoloxía? (*Aplausos.*) ¡Polo amor de Deus!

Europa non quere a guerra, nin Europa nin nós; non só polas mortes dos civís inocentes que existen nas guerras —que sen dúbida é o máis importante—, senón tamén polas consecuencias económicas que veñen vostedes de relatar. Agora ben, ningún país europeo, salvo España, obstaculizou o uso das súas bases a Estados Unidos. Vostedes, señorías socialistas, utilizan o «non á guerra» como un slogan populista falso e manipulador. España estea implicada nas operacións militares de varias maneiras e, de feito, Vigo vai presumir de desfile forzas armadas proximamente. Nós somos coherentes, e somos coherentes, ademais, precisamente coas conclusións do Consello Europeo sobre Oriente Próximo, somos coherentes realmente co que din: defendemos aos dereitos humanos, que están primeiro de nada, defendemos o respecto do Estado de dereito, incluíndo o dereito internacional. Pero unha brutal ditadura como a de Irán non pode alegar o dereito internacional na súa defensa. (*Protestas.*) Iso pódoo facer Groenlandia, iso pódoo facer Ucraína, pero non pode servir de coartada aos tiranos. É vergoñoso que veñan aquí presumindo de Pedro Sánchez, de que lidera nada, cando grupos como Hamás, Hezbolá, os hutís e o propio réxime de Irán o felicitan. ¡Por favor!

O Partido Popular condena absolutamente a ditadura teocrática iraniana, que é o que deberían facer vostedes e que non fixeron en ningunha das súas intervencións. (*Aplausos.*) Levan cincuenta anos de represión, asasinaron máis de trinta persoas durante o mes de xaneiro e as mulleres son especialmente perseguidas, como acabo de relatar. Pero parece que lles molesta que falemos dos dereitos das mulleres. Desestabiliza Oriente Medio directamente a través dos seus satélites. Desenvolve un programa nuclear e balístico que é unha ameaza á seguridade rexional e global. Exportou o terrorismo, incluso á Europa, á América. Apoia á Rusia na guerra en Ucraína.

Señorías do BNG, non podemos apoiar unha iniciativa que obvia absolutamente todo isto. É parcial e falta de ecuanimidade, como todo o que traen, dando unha visión absolutamente parcial deste contexto no que se produce o ataque conxunto de Estados Unidos e Israel a Irán.

Ademais, parécenos moi grave, e a señora Castro foi un pouco tibia, isto da OTAN do punto 2 e o punto 3. Vostedes pretenden dar as costas aos nosos aliados históricos da OTAN e expulsalos de Morón e Rota. ¿Pero como se lles ocorre semellante cousa? ¿Pero que pretenden? ¿Pretenden rematar un conflito por un lado, pero que nós, que España, comece un conflito cos seus aliados historicamente naturais? Porque lle recordo que o noso aliado natural non é Irán, por moito que lles pese, non é Irán o noso aliado natural; é a Unión Europea, é Estados Unidos e é a OTAN. (*Aplausos.*) Que son países democráticos que respectan os dereitos das mulleres. Porque nós as mulleres nos países aliados podemos saír á rúa como queiramos, podamos votar libremente cada catro, cada cinco ou cada seis anos segundo digan as súas constitucións. E por iso somos os seus aliados naturais. Por iso, se-



ñorías —para concluír—: non á guerra, señorías. Non á guerra, por suposto que si. Pero tamén lles imos dicir que non imos romper coa OTAN e cos nosos aliados historicamente naturais, como pretenden nesta iniciativa.

Boa tarde e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu voume escandalizada. (*Murmurios.*) Escandalizada absolutamente, porque o Partido Popular é peor que o de Aznar no ano 2003, señora Varela. (*Aplausos.*) É dicir, o dereito internacional é algo que se aplica á carta nos países que lle gustan ao Partido Popular e no resto do mundo nin hai dereitos, nin hai liberdades, nin hai garantías, nin paz nin dereito, sequera, a vivir, señora Varela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se lle importasen algo ao Partido Popular os dereitos das mulleres, deixen de manosear os dereitos das mulleres para xustificar bombardeos. (*Murmurios.*) ¡Deixen de usar os dereitos das mulleres para xustificar bombardeos! (*Aplausos.*) Digo eu que o Partido Popular estaría pedindo que bombardeen Arabia Saudita e a dinastía wahabita. ¿Poden votar aí as mulleres, señora Varela? (*Aplausos.*) Un dereito e unha liberdade en Arabia Saudita, coa que compadrea o Partido Popular e os Estados Unidos, que dá gloria velos. (*Murmurios.*)

Están matando xente. Dígoo por non perder a perspectiva do que estamos falando. Están matando xente, están bombardeando un país, están masacrando a poboación civil, están invadindo e ocupando o Líbano. Debe estar Hamás alí, e todo o mundo. Están practicando un xenocidio en Palestina e o Partido Popular vén aquí a xustificar eses bombardeos, esa ocupación, esa invasión, a violación do dereito internacional (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) e dos dereitos humanos, porque *no le gusta el Gobierno de los ayatolás*. Estupendo, señora Varela, fantástico. ¡Fantástico! Imos todos á Facultade de Dereito agora ao acabar este pleno a que nos revisen a todos as aulas de dereito internacional público. ¡É un despropósito!

Insisto en que marcho de aquí —eu polo menos— bastante máis escandalizada do que me esperaba cando entrei pola porta desta Cámara. (*Murmurios.*) (*O deputado José Alberto Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Señor Pazos, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Terminemos o pleno en paz.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Iso.

O PRESIDENTE: Terminemos o pleno en paz. Vamos alá.



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Efectivamente, terminemos o pleno en paz e esteamos á altura das circunstancias e dos tempos que nos tocou vivir, señorías. O Partido Popular nin está do lado correcto da historia nin moito menos do lado do sentir maioritario do pobo galego.

Vostedes, señorías, tamén lles digo, non me sorprende o máis mínimo; marchou escandalizada, pero tampouco traía moita gran expectativa. Non esperaba nada menos de quen se negou a condenar neste Parlamento o xenocidio cometido polo Estado de Israel contra o pobo palestino, *que no lo veían*. E iso que nolo retransmitían a todos pola tele, polas redes sociais e ata o denunciou a ONU. Recibiron o alto representante diplomático dese Estado de Israel mentres resoaban as bombas e o xenocidio en Gaza e Cisjordania. E agora, señora Varela, señorías do Partido Popular, veñen aquí aplaudir coas orellas e a facer seguidismo do trumpismo, do imperialismo e das agresións que violan o dereito internacional no Irán, no Líbano, no Medio Oriente, en Venezuela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Pero vostede como me pode comparar de verdade, que haxa un proceso electoral que lle parece a vostede máis ou menos garantista, con que se secuestre *(Protestas.)* un presidente e o leven a outro país? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero en que mundo vivimos? ¿Na lei da selva, na lei do máis forte, onde non hai normas, onde non hai dereitos, onde non hai un marco xurídico ao que nos poidamos ater? ¡É un absoluto escándalo! O dereito internacional opera en todos os países do mundo, *(Aplausos.)* independentemente de se che gusta o réxime que existe neles ou non. Estamos condenados á barbarie se apoiamos, amparamos ou calamos diante das atrocidades que se están cometendo por parte dos Estados Unidos e Israel.

O PRESIDENTE: Grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Eu dígolle unha cousa, e con isto remato, señor presidente. Co tempo ninguén se vai acordar nin de vostede, señora Varela, nin de min nin das persoas que estamos aquí. Probablemente non se acorde co tempo ninguén nin sequera deste debate nesta Cámara. O que non vai perdoar a historia é quen aplaudiu, é quen jaleou, é quen consentiu e quen calou diante da barbarie sionista e imperialista. Cando lle dean ao botón preguntense do lado de quen queren...

O PRESIDENTE: Grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...quedar vostedes cando pase esa historia. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Ben, pois suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.



Suspéndese a sesión ás oito horas e sete minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Cendán Gayoso, María Nazaret	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez Pérez, Moisés	P
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santamaría González, Raúl	P
26. García González, Patricia	P	64. Santos Costa, Manuel	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Varela Fernández, Katherinie	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

